

cultura

San Froilán terá unha caseta de polbo menos para ter unha atracción máis. **Páx. 7**

zona rural

A planta de biometano de Coeses volve sacar á rúa á veciñanza. **Páx. 9**

economía

Impulsan unha rede de axudas de igualdade e atención psicolóxica. **Páx. 16**

sociedade

A división veciñal reconfigura o panorama político de cara ás eleccións de 2025. **Páx. 18**

deportes

O primeiro equipo do Lugo logra a permanencia e o xuvenil ascende. **Páx. 28**

As tropas romanas invadirán Lucus Augusti



Acordo coa Deputación para novas obras

Realizan un estudo de viabilidade para iniciar a renovación integral de Adolfo Suárez. **Páx. 13**

Unirán os dous parques da zona oeste

O Goberno local plantexa unha pasarela para unir o Rosalía de Castro e Marcos Cela. **Páx. 15**

Rioplátenses



A Asociación fai 18 anos e falamos con Nicolás Ravelli Barreiro. **Páx. 19**

José Tomé Roca



Entrevista ao presidente da Deputación e secretario xeral do PSOE. **Páx. 20-21**

Club Ciclista Cidade de Lugo



Reportaxe sobre a traxectoria da formación, que cumpre 25 anos. **Páx. 29**

Premio para a Deputación de Lugo

Recibiu o Lois Peña Novo 2025 polo uso continuado e rigoso da lingua galega. **Páx. 27**



CUIDA TU PIEL ANTES DE LA EXPOSICIÓN SOLAR

Prueba nuestro tratamiento especial (peeling + hidratación) y llévate de regalo un pack de mantenimiento

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

CORPORAL
Tratamientos corporales
Manos y pies

FACIAL
Tratamientos faciales
Cejas y pestañas
Labios y ojos

O Arde Lucus regresa con forza

Será un programa “excepcional, inclusivo e innovador” formado por case 320 actividades que se desenvolverán en catro xornadas

A XXIV edición do Arde Lucus, a festa de recreación histórica que se celebra os vindeiros días 12, 13, 14 e 15 de xuño, incluírá máis de 300 actividades, incorporando novidades dirixidas ao público máis novo, para garantir o relevo xeracional dun evento que segue a medrar e que aposta por unha maior participación.

Á presentación do programa fronte á Mosqueira asistiron o concelleiro de Xuventude, Jorge Bustos, e representantes de asociacións de recreación histórica, o rexedor municipal puxo en valor as “case 320 actividades deste programa excepcional, incluso e innovador” para esta nova edición que se desenvolverá entre os próximos días 12 e 15 de xuño, e que por terceiro ano loce a distinción de Festa de Interese Turístico Internacional.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, eloxiou o labor dos traballadores e traballadoras da área de Xuventude que “levan meses planificando e organizando as actividades desta festa”, da que destacou a súa “faceta participativa e a súa capacidade para seguir medrando”.

Fernández dixo que o Arde Lucus distinguíase polo “graو de implicación de toda a sociedade lucense; dos centos de nenos e nenas, desfilando polas rúas da cidade, animados polos centros de ensinanza; das asociacións de recreación histórica tanto de Lugo como doutros lugares, xa que este ano chegarán once colectivos doutras comunidades españolas e tamén de Portugal; da complicidade dos sectores cultural, social, comercial e deportivo que fan seu o Arde Lucus, e da participación de milleiros de visitantes de España e de fóra das nosas fronteiras”.

Todo iso, explicou Miguel Fernández, “converte[n] ao Arde Lucus nun referente internacional das festas de recreación histórica e nun dos motores



da cidade, que cada ano chega para reforzar o orgullo pola nosa identidade”.

A edición deste ano chega tamén con importantes novidades e coa celebración de segundas edicións de actividades que o ano pasado lograron un éxito de público importante. Este é o caso do inicio da festa coas

intervencións do druída e de César Augusti na praza Maior, no que simboliza o arranque do Arde Lucus; novidades como o espectáculo Misión Salvar a Roma, en colaboración co Club de Esgrima de Lugo, ou o teatro infantil na praza de Santa María; e a celebración das segundas edicións da Palestra ou dos Xogos Panhelé-

nicos.

Támén o concelleiro responsable da organización destas festas, Jorge Bustos, falou sobre as novidades que este ano incorpora o programa, algunhas moi dirixidas ao público infantil e á xuventude. “Nas últimas edicións do Arde Lucus un dos principais obxectivos á hora de elaborar o programa é incorporar actividades cada vez máis participativas e coas que garantir o relevo xeracional da festa”, explicou Bustos.

Neste sentido, fixo referencia ao desenvolvemento do Miúdo Arde, que desde este ano se desenvolverá na Praza da Soidade, nun espazo único e reservado aos cativos e cativas, ou á novidade da sesión de teatro infantil, prevista para a tarde do domingo na praza de Santa María. O responsable da área e da organización desta festa sinalou ademais que “habereá novidades para a mocidade, como os Ritos en honor a Baco, o venres, de 23.00 a 02.00 ao fondo da Praza de Santo Domingo”.

Jorge Bustos tamén falou das actividades deportivas, "con gran aceptación entre a xente nova, e para as

que contamos coa participación e implicación dos clubs deportivos da cidade”.

Entre outras destacou como novidade deste ano a actividade infantil Misión Salvar a Roma, coa colaboración do Club Lugo Esgrima, que terá lugar na tarde do venres, nas costas do parque Rosalía de Castro.

Ademais, sinalou Bustos “decidimos incluír por segundo ano os Xogos Panhelénicos: con carreira, salto, lanzamento de xavelina, lanzamento de disco e loita, na explanada do pavillón municipal; os xogos olímpicos na Palestra do Arde Lucus, o venres na Praza do Ferrol; ou tamén a recuperación da carreira nocturna, o venres ás doce da noite, polo adarve da Muralla”

**Chega o Miúdo Arte,
que desde este ano
se desenvolverá nun
espazo reservado
para os cativos**

CONVENIO. A Deputación de Lugo destinou 50.000 euros á organización do evento, que se desenvolverá do 12 ao 15 de xuño, co obxectivo de consolidar e expandir a súa dimensión cultural e turística.

Esta achega permitirá ao Concello de Lugo afrontar investimentos clave, como a adquisición de traxes de época, a produción e difusión do cartel e programa oficial, e a contratación de infraestruturas necesarias para espectáculos centrais como o Circo Romano.

A colaboración tamén inclúe a cesión de espazos públicos, campañas promocionais a través do Servizo de Audiovisuais da Deputación e presenza do evento en feiras e medios de comunicación.

CARACTERIZACIÓN SOLIDARIA



O colectivo Fadas abriu un local na Tinería para a venda de vestimenta do Arde Lucus confeccionada por colectivos vulnerables no marco da iniciativa de inclusión socio-laboral 'Tecer para Medrar', impulsado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O espazo permanecerá aberto ao público durante as vindeiras semanas, permitindo que lucenses e visitantes poidan preparar o seu vestiario para vivir con intensidade a festa.



j.m.rivas
ACADEMIA

DEL 16 AL 30 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE PAU

Antigua Selectividad



jmrivas.es
Aula Virtual

UNIVERSIDAD

Grado en:

BIOQUÍMICA

Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA
ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENSEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

- SIMULACROS EXAMEN DIARIOS ADAPTADOS AL NUEVO MODELO COMPETENCIAL
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS COMUNES
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS ESPECÍFICAS
- ACCESO ON-LINE DESDE TU CASA A TODO EL MATERIAL EN NUESTRA AULA VIRTUAL
- ATENCIÓN INDIVIDUAL PERSONALIZADA
- NOS ADAPTAMOS A TU RITMO

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA



C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

IOVIS XII

- **20:30 h. Chegada das lexiões romanas** ao mando do xeneral Caio Antistio O Vello. Ponte Romana
- **20:45 h. Lume e ferro.** Comezo do paseo fluvial desde a Ponte Romana. Celebración do solsticio e declaración da guerra
- **21:30 h. Rito á deusa Diana.** Asemblearias de Lucus Augusti. Praza de Santa María
- **22:00 h. Acendido do lume sagrado de Vesta.** A cargo das Vestais de Lucus Augusti. Fondo da Praza Maior (Templo das Vestais)
- **22:30 h. A voz de César.** Encontro entre Augusto e o Druída. Comezo da festa. Fondo da Praza Maior (Templo das Vestais)

VENERIS XIII

- **17:00 h. Inauguración do Maceillum.** Son de Lugh. Praza Maior
- **17:15 h. Pueri Ludens.** Tympana Galaica. Praza da Soidade e rúas
- **17:30 h. Inauguración do Castra.** Son de Lugh. Castra de Lucus Augusti (Parque Rosalía de Castro)
- **17:45 h. Invocación aos deuses galaicos.** Lugdunum. Castra de Lucus Augusti (Parque Rosalía de Castro)
- **17:55 h. Armilustrum.** Ara Roma. Praza San Marcos
- **18:00 h. Apertura dos Xogos Olímpicos.** Palestra de Lucus Augusti. Praza de Ferrol
- **18:10 h. Voces Urbis.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **18:15 h. Nasciturus.** Quisco da Praza Maior
- **18:20 h. Misión: Salvar Roma** (Actividade infantil). Costas do Parque Rosalía de Castro
- **18:30 h. Munera Gladiatoria.** Ars Dimicandi. Praza de Santa María
- **18:45 h. Frater Fauni.** Fondo da Praza Maior e rúas da cidade
- **19:00 h. Bautismos celtas.** Porta Miñá
- **19:15 h. Vitae Julia Domna.** Asem-



blearias de Lucus Augusti. Xardíns do Museo Provincial

- **19:30 h. Confarreatio** (vodas romanas). Quisco da Praza Maior
- **19:45 h. Danza Armada.** Fondo da Praza Maior e rúas da cidade
- **20:00 h. Teatro: Asemblea Galaica.** Declaración da guerra. Praza de Santa María. (Participan: Tir Na N'og, Lugdunum, Mercenarios Galaicos, Clan de Breogán, Terra Copora, Civitas Lucensis, Lucus Icenas Miliatore, Trebas Galaicas)
- **20:15 h. O círculo da lebre.** Lucus Icenas Miliatore. Ánxel López Pérez
- **20:30 h. Veteranorum.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **20:45 h. O fauno.** Fondo da Praza Maior e rúas da cidade
- **21:05 h. Vodas celtas.** Porta Miñá
- **21:15 h. Versus Saturni.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **21:30 h. Traditio Stipendium et Signaculum.** Cohors III Lucensium. Praza de Santa María
- **21:30 h. Teatro: A Profetisa.** Nova Escena Teatro. Praza de Armañá
- **22:00 h. Danza de Correfuegos.** Fondo da Praza Maior e rúas
- **22:15 h. O son dos tambores.** Asociación Tambukada. Praza da Soidade e rúas da cidade
- **22:30 h. Murmillón, secutor... os gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza

de Santa María

- **22:45 h. Salesiani ilumina a noite.** Salesiani Luci Augusti. Castra de Lucus Augusti e rúas da cidade
- **23:00 h. Lenda... a peregrinación.** Praza Maior e rúas da cidade
- **23:00 a 02:00 h. Ritos en honra a Baco.** Fondo Praza Santo Domingo
- **23:15 h. Ars Musicae.** Tympana Galaica. Rúa Luis Peña Novo e rúas
- **23:30 h. Teatro: Oráculo do Miño.** Asociación Curuxán. Porta Miñá
- **23:45 h. Desfile ao Pretoriano Caído.** Garda Pretoriana. Capela de San Roque
- **23:45 h. Espectáculo final con pirotecnia.** Praza Campo Castelo
- **00:00 h. VI Murus Lucis** – Carreira nocturna. Praza Pío XII
- **00:30 h. Ritual Nocturnae.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **01:00 h. Sons do pasado.** Bloco Meigallo. Praza da Soidade e rúas

SANTURNII XIV

- **11:00 h. Apertura do Macellum e do Castra.** Lvcvs Avgvsti. Praza Maior / Parque Rosalía de Castro
- **11:10 h. Pugilato.** Palestra de Lvcvs Avgvsti. Praza de Ferrol
- **11:15 h a 13:00 h. Divortium: o fin dunha era.** Caetra Lvcensium. Praza

de Ferrol

- **11:20 h. Cantus Fori Maximi.** Percorrido musical. Praza de Ferrol e rúas da cidade
- **11:30 h. Ourivaría e cerámica: novas réplicas.** Clan de Breogán. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **11:45 h. Spugnativm.** Cohors III Lvcensium, Lvcvs Icenas Miliatore, Tir na N'og, Castronela. Porta de Bispo Izquierdo
- **11:50 h. O trampeiro.** Terra Cópura. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **12:00 h. Loita de gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza de Santa María
- **12:10 h. Theatrum: Ad Vini Vocem.** Achádego Teatro. Praza de Ferrol e rúas da cidade
- **12:15 h. Nascitvrvs.** Quisco da Praza Maior
- **12:20 h. Contos satíricos.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **12:30 h. Recepción de tropas e tribos** estranxeiras e nomeamento de Civitas Honoris. Fondo da Praza Maior
- **12:45 h. Theatrum: A caída do ceo.** Asociación Pinchacarneiro. Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **13:00 h. O son do deus Lug.** Son de Lygh. Praza Horta do Seminario e rúas da cidade
- **13:15 h. Xogos Panhelénicos:** carreira, salto, xavelina, disco e loita.

MIVDO ARDE

Durante as celebracións do Arde Lvcvs 2025 tamén haberá espazo para a cativada, coa posta en marcha do Mivdo Arde, unha programación especial dedicada á infancia que terá lugar na Praza da Soidade.

O horario do Mivdo Arde será o veneris de 16:30 a 20:30 horas, o satvni de 11:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 horas, e o domini de 11:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00 horas. Durante estas xornadas, os máis pequenos poderán participar en actividades como Lvcvs Pezatvm, Bolvs Festvm, Bola romana, Atrapa la lanza, Coronas del Coliseo, Táctica romana, Lvcha de gverreros ou Facies creativvs, que combinarán a diversión co espírito da recreación histórica. Ademais inclúe o espectáculo de monicreques Gaela no quiere ser drvida, que se representará o satvni ás 18:00 horas e o domini ás 12:00 horas, ofrecendo unha proposta teatral pensada para a imaxinación e o entretemento da rapazada.

Lvcvs Spicvlvs Divulgación. Explorada do Pavillón Municipal

- **13:30 h. Conspiración no Senatus.** Senatus de Lvcvs Avgvsti. Fondo Praza Maior
- **13:45 h. Moradores do Hades.** Praza do Campo Castelo e rúas
- **14:00 h. Gladius et Lira.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **16:00 h. Tambores de Braga.** Praza Horta do Seminario e rúa
- **16:35 h. Theatrum: Barbari Venient.** Jvan Casaveteiro. Praza do Campo Castelo
- **16:45 h. Theatrum: Venda de escravos.** Asociación Cvruxán. Escaleras Praza de Abastos
- **17:00 h. Escola de gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza de Santa María



*Clinica dental
Mosquera Otero*






- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLOGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos
una razón
PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

- **17:10 h. Obradoiro de peiteado galaico.** Mercenarios Galaicos. Praza Horta do Seminario
- **17:15 h. O rastro de Tympana.** Fondo Praza Maior
- **17:30 h. Confrarreatio.** Quisco da Praza Maior
- **17:40 h. O fauno.** Praza de Ferrol e rúas da cidade
- **17:45 h. Aquilae in festo.** Praza de Ferrol e rúas da cidade
- **18:00 h. Ludi Circenses.** Espectáculo con entrada. Recomendado ir caracterizado. Entradas en entradaslugo.es. Pavillón Municipal
- **18:10 h. Amor, encantamentos e maldicións.** Kertix. Praza Pío XII
- **18:15 h. Pago de impostos.** Mercaderes Atávicos. Porta Bispo Aguirre
- **18:20 h. Asalto ao monte Medulio.** Garda Pretoriana, Mercenarios Galaicos, Trebas Galaica. Cantiño Nemesio Cobreros
- **18:30 h. Confrarías galaicas.** Tir na N'og. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **19:00 h. Bautismos Celtas.** Porta Miñá
- **19:30 h. O rapto das Sabinas.** Fondo Praza Maior e rúas da cidade
- **19:45 h. Atrapar ás ninfas.** Rúas
- **20:00 h. Theatrum: Barbari Venient.** Jvan Casaveteiro. Fondo da Praza Maior
- **20:30 h. Magna Pompa.** Desfile de tropas romanas e tribos castrexas. Rolda da Muralla (porta de Santiago ata Bispo Odoario). A Rolda da Muralla permanecerá pechada ao tráfico de 20:00 a 21:30 h
- **20:45 h. Tambores de batalla.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **21:00 h. Vodas celtas.** Porta Miñá
- **21:30 h. Tambores de Braga.** Praza do Campo Castelo
- **22:00 h. Escola de gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza de Santa María
- **22:15 h. Theatrum: Venda de escravos.** Asociación Cvrvxán. Fondo Praza Maior
- **22:30 h. Correfuegos.** Praza Santo Domingo e rúas da cidade
- **23:00 h. Tambores do Bloco.** Praza

- da Soidade e rúas da cidade
- **23:15 h. Theatrum: Oráculo do Miño.** Asociación Cvrvxán. Porta Miñá
- **23:30 h. Os Castrexos.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **00:00 h. Recrutando aliados.** Mercenarios Galaicos. Praza Horta do Seminario e rúas da cidade
- **00:15 h. Desfile con fachos.** Cohors III Lvcensivm. Praza Maior, rúas da cidade e adarve da Muralla
- **00:30 h. Lenda... a peregrinación.** Lendas da noite. Praza da Soidade e rúas da cidade
- **00:15 h. Espectáculo final con pirotecnia.** Fondo Praza Maior
- **00:45 h. Espíritos da noite.** Rúa Lois Peña e rúas da cidade
- **01:00 h. O son da Tambukada.** Praza Maior, diante do Concello

DOMINICUM XV

- **11:00 h. Apertura do Macellum e do Castra.** Lvcvs Avgvsti. Praza Maior / Parque Rosalía de Castro
- **11:30 h. Desfile dos Scholarvm.** CEIP Paradaí, CEIP As Gándaras, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CPR A Inmacvlada, CEIP A Ponte, CPR A Milagrosa, CPR Divino Mestre, CEIP Salesianos, CEIP Lvis Pimentel, CEIP Anxa, CEIP As

- Mercedes, CPR Franciscanos, CPR María Avxiliadora, CEIP Qviroga Ballesteros, CEIP Albeiros, CEIP Casás, CPR San Xosé, CPR Cervantes, CEIP Rosalía de Castro, EEI Fingoi II. Praza de Santo Domingo, Praza Maior, Mosqueira, Porta de San Fernando
- **11:35 h. Confección de pulseiras.** Civitas Lvcensis. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **11:45 h. Obradoiros de fundición e cantería.** Trebas Galaicas. Praza Nemesio Cobreros
- **11:50 h. A chamada.** Fondo da Praza Maior
- **12:00 h. Escola de gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza Santa María
- **12:10 h. Bellicrepa.** Praza do Campo Castelo e rúas da cidade
- **12:15 h. Theatrum: Barbari Venient.** Jvan Casaveteiro. Praza do Campo Castelo
- **12:30 h. Confrarreatio.** Quisco da Praza Maior
- **12:45 h. O deus do bosque.** Fondo da Praza Maior e rúas da cidade
- **12:50 h. Saboreando o Absinthivm.** Pax Romana Lvcvs. Praza da Constitución
- **13:00 h. Boda galaica.** Lvgdvnvm. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **13:05 h. Gladius et Lira.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **13:10 h. Degustación de Libvm.**

- Garda Pretoriana. San Marcos
- **13:30 h. Theatrum: Conspiración no Senatvs.** Senatvs de Lvcvs Avgvsti. Fondo da Praza Maior
- **13:45 h. Tambores de Braga.** Praza Horta do Seminario e rúas
- **14:00 h. Arenga.** Lvcvs Icenas Miliatore. Praza do Campo
- **16:00 h. Tambores de Braga.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **16:30 h. Mvnera gladiatora.** Ars Dimicandi. Praza Santo Domingo
- **16:45 h. Oráculos do fauno.** Fondo da Praza Maior e rúas da cidade
- **17:00 h. Theatrum infantil:** Pandora... a orixe da esperanza. Praza Santa María
- **17:10 h. Escribindo a historia.** Asociación Terra Cópura. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **17:15 h. Bautismos Celtas.** Porta Miñá
- **17:30 h. Son dos devanceiros.** Fondo da Praza Maior
- **17:45 h. Da fibra ao corpo: Proceso téxtil na Idade do Ferro.** Tir na N'og. Castra de Lvcvs Avgvsti
- **17:50 h. Theatrum: Barbari Venient.** Jvan Casaveteiro. Fondo da Praza Maior
- **18:00 h. Os Galaicos divíntense.** Son de Lvgh. Fondo da Praza Maior
- **18:15 h. Confección de colmeas.** Cordis Artifices Lvcí. Praza da Constitución

- **18:30 h. Vodas Celtas.** Porta Miñá
- **18:35 h. Tallando ao deus Lvgh.** Mercenarios Galaicos. Praza Horta do Seminario
- **19:00 h. Escola de gladiadores.** Ars Dimicandi. Praza Santa María
- **19:30 h. Os últimos sons.** Praza da Soidade e rúas da cidade
- **20:00 h. Nacemento dun pobo galaicorromano.** Asociacións de Recreación Histórica de Lugo. Rolda da Muralla, diante da Mosqueira
- **21:30 h. Apagado do lume sagrado** de Vesta. Vestais de Lvcvs Avgvsti. Fondo da Praza Maior (Templo das Vestais)

OS CAMPAMENTOS

As 19 asociacións contarán cun campamento que poderá visitarse o veneris, de 17:00 a 20:00 horas; o satvrnii, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:30; e o dominicvm, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 19:00 horas. No Parque Rosalía de Castro instaláranse as asociacións Civitas Lvcensis, Clan de Breogán, Lvgdvnvm, Terra Copora, Salesiani de Lvcvs Avgvsti e Tir Na N'og. Estes espazos ofrecerán exposicións e diversas actividades. Fóra do recinto principal do parque, Asemblearías de Lvcvs Avgvsti situáranse nos Xardíns do Museo; Ara Roma e Lvcvs Icenas Miliatore na Praza Anxo Fernández Gómez; Caetra Lvcensivm estará na Praza de Ferrol; Cohors III Lvcensivm ocupará a Praza Maior; Kertix instalárase na Praza Pío XII; a Guardia Pretoriana, na Praza San Marcos; Lvcvs Eqvites estará na rúa Anxo López Pérez; Pax Romana e o Senatvs Lvcvs Avgvsti compartirán espazo na Praza da Constitución; os Mercenarios Galaicos estarán na Praza Horta do Seminario; Trebas Galaicas no Cantiño Nemesio Cobreros; e as Vestales de Lvcvs Avgvsti no fondo da Praza Maior.



SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

LEYDAK
cocinas

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es

UN REGALO PARA TI
LA SALUD DE TU PIEL SE LO MERECE
VALIDO PARA UN TRATAMIENTO FACIAL FITOBIOLÓGICO
Todos los miércoles en Verxel Herbolario
PIDE TU CITA 982 251 827

Verxel
HERBOLARIO

“Lugo debería ter un museo que mostre o labor das Asociacións do Arde Lucus”

Asemblearias Lucus Augusti cumpre unha década de traballo rescatando as figuras femininas da historia

Jessica Fernández

Falamos con Pilar Rey, presidenta de Asemblearias Lucus Augusti desde a súa creación, con Azucena Pérez e Mónica López, parte da asociación que pon en valor o papel da muller na Antiga Roma.

A asociación Asemblearias Lucus Augusti fai este ano unha década loitando por rescatar do esquecemento as figuras femininas máis influentes, transgresoras e silenciadas da Antiga Roma. Este colectivo, formado por unha quincena de mulleres, ten como obxectivo a recreación histórica unha ferramenta para reivindicar o papel que tiveron as mulleres romanas, tanto no ámbito público como no privado, e que a historia se encargou de ocultar.

A asociación naceu en 2012, impulsada por unha vontade clara: “Non había ningunha asociación exclusivamente feminina nas festas do Arde Lucus, e nós queríamos ocupar ese espazo”, explican desde a directiva. A constitución formal chegaría dous anos despois, en 2014, e desde entón non deixaron de medrar en implicación, compromiso e orixinalidade.

Cada unha das integrantes representa unha muller romana concreta, desde emperatrices ata avogadas ou escritoras. Hai, por exemplo, quen dá vida a Gaia, unha figura envolta en misterio que, segundo cren, puido ser a verdadeira autora dalgúns partes do Código de Dereito Romano, mais que asinaba como Gayo, masculino, “porque se fose muller, ninguén a tería tomado en serio”, denuncian.

“As mulleres sempre somos as esquecidas”, afirman con rotundidade. “Cústanos conciliar a vida familiar



co traballo, e xa non digamos cando nos implicamos nunha asociación. E se isto ocorre hoxe, imaxina no mundo romano”. Por iso, o obxectivo de Asemblearias vai moito máis alá da mera recreación estética: é tamén un traballo de recuperación histórica, de documentación rigorosa e de pedagogía. “Queremos contar historias de mulleres que, como nós, fixeron cousas importantes no mundo”. Este labor divulgativo concrétese en múltiples actividades. Ademais da súa presenza no Arde Lucus co seu campamento no Palatino, nos xardíns do Museo Provincial, ofrecen charlas en centros educativos, obradoiros interxeracionais e actividades para toda a familia. A través de propostas lúdicas como scape rooms ou xincanas, explican as vestimentas, xoias e costumes das mulleres romanas. “Intentamos que sexa todo didáctico e entretido, e conseguimos

unha moi boa acollida”, contan.

Este ano, con motivo do seu décimo aniversario, organizaron a súa primeira exposición, un desafío que afrontaron con ilusión e tamén cunha boa dose de responsabilidade. “Era complicado escoller que traxes poñer aos maniqués: en dez anos temos preto de 200 pezas feitas a man por Pilar, a nosa presidenta”, explican orgullosas. Cada unha ten polo menos tres vestidos distintos, un por cada día do Arde Lucus. “Todo está feito a man, mesmo os accesorios. O marido dunha socia, que é artesán, fixo os paus dos parasoles, e a parte superior fíxemola nós con teas. A Boca da Verdade fíxose con porespán, area e paciencia, e a Loba Capitolina foi traballo de catro meses na casa de Azucena”.

Pero o seu labor non remata na estética nin na escenografía. Asemblearias Lucus Augusti é tamén un

espazo de convivencia e de traballo colectivo. “Gústanos facer manuais, estar xuntas, integrar ás nosas familias”, contan. De feito, os máis pequenos tamén participan activamente: “Antes do Arde Lucus fan xoias e carteiras que logo venden no campamento aos turistas, e con ese diñeiro convidámoslos a mercar algo”.

AS NECESIDADES. A pesar da entrega e a paixón que poñen en cada actividade, tamén denuncian a falta de medios e de espazos adecuados. Actualmente dispoñen dun local en Friga cedido polo Concello, mais aseguran que “hai humidade e non serve, é pequeno e non se adapta ás necesidades”. Unha demanda que comparten co resto das 19 asociacións que participan no Arde Lucus, tanto romanas como castrexas. “Non temos sitio para gardar todo o

que temos nin para seguir creando. E facemos cousas tan grandes como un oráculo de tres metros de altura”, explican.

Outra das peticións recorrentes é que se fixe unha data estable para a celebración do Arde Lucus. “É moi difícil planificar cando cada ano cambia en función do Corpus ou do San Xoán. Para nós o ideal sería finais de xuño ou a primeira fin de semana de xullo, cando o alumnado xa rematou o curso e temos algo máis de tempo para preparar todo”.

Malia as dificultades, o balance destes dez anos é moi positivo. Recoñecen que ás veces pensan en deixar a actividade pola complexidade de compatibilizala co resto das súas vidas, pero tamén teñen claro que o esforzo paga a pena. “O que máis nos gustaría é facer unha excursión a Roma para ampliar os nosos coñecementos e ofrecerlle á xente unha mellor visión da Historia”, aseguran con ilusión. E por suposto, “seguir traballando xuntas e promovendo a vida romana en Lugo moitos anos máis”.

En definitiva, Asemblearias Lucus Augusti é moito máis ca unha asociación cultural: é un proxecto de recuperación da memoria histórica feminina, un espazo de sororidade e compromiso, e unha peza fundamental do tecido social e cultural do Arde Lucus. Como elas mesmas recoñecen, “en Mérida teñen unha festa similar, pero non teñen o que temos nós: 19 asociacións que converten Lugo no centro da recreación histórica dun tempo fundamental para a nosa identidade”.

Quizais o que falta, como apuntan, sexa un museo onde gardar e compartir todo ese traballo co público durante todo o ano. “O edificio da Estación de Autobuses, que vai quedar baleiro, podería ser ese lugar”, propoñen. Un espazo onde as historias das mulleres romanas poidan seguir sendo contadas, co mesmo rigor, paixón e dignidade coas que as Asemblearias levan facéndoo xa durante unha década.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Un catedrático local lidera unha estratexia para controlar toxinas

A presenza de neurotoxinas mariñas nos alimentos representa unha das maiores ameazas actuais para a seguridade alimentaria global. Ante este risco, derivado de fenómenos naturais como as floracións de algas nocivas, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) está a impulsar a creación dun sistema internacional de control.

Para liderar este proceso, a FAO vén de escoller o catedrático da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela, Luis Miguel Botana López, como experto encargado de redactar o documento técnico inicial que servirá de base para os traballos dun grupo internacional de especialistas.

A cita terá lugar do 6 ao 9 de outubro en Roma, onde se celebrará unha reunión clave na que se revisará e perfeccionará este borrador. O obxectivo é converter este traballo nunha nova Guía Técnica Conxunta da FAO, da Axencia Internacional da Enerxía Atómica (IAEA) e da Comisión Intergubernamental



da Unesco en materia de Oceanografía, centrada no seguimento de biotoxinas mariñas e nas floracións de algas nocivas.

O documento elaborado por Botana abordará aspectos esenciais para os países que reciben asesoramento da FAO, como a clasificación, supervisión e xestión das zonas de produción mariña, así como os procedementos de mostraxe e análise. A folla de ruta que se debaterá aspira a establecer un marco técnico común para conter un problema que, debido ao cambio climático e á globalización dos mercados alimentarios, afecta cada vez a máis rexións do planeta.

Nace Arundo Donax Ensemble, unha nova formación de vento

O panorama musical galego incorpora unha nova proposta coa creación do Arundo Donax Ensemble, un conxunto instrumental especializado en vento madeira integrado por músicos profesionais da provincia de Lugo e dirixido artisticamente polo mestre David Fiuza Souto.

A formación nace co obxectivo de recuperar e actualizar a tradición da Harmoniemusik, un formato camerístico popularizado no século XVIII que inspirou obras emblemáticas como a Serenata nº10 de Wolfgang Amadeus Mozart.

Este proxecto representa un paso adiante na escena cultural galega, tanto pola calidade artística dos seus membros como pola súa vocación de achegar a música clásica a públicos diversos. Cun enfoque que combina o respecto pola tradición coas posibilidades expresivas da interpretación contemporánea, o Arundo Donax Ensemble propón unha nova vía para a música de cámara en Galicia.

O programa co que a formación ini-



cia o seu percorrido leva por título Serenata para Tutti, nunha clara alusión ao carácter inclusivo e divulgativo das serenatas clásicas, concibidas para chegar a amplos sectores da sociedade. A proposta ofrece un percorrido por catro séculos de música occidental, dende a solemnidade barroca da Toccata e fuga en Re menor de Johann Sebastian Bach ata a modernidade da Suite for Woodwinds do compositor contemporáneo Adam Gorb. O repertorio inclúe tamén obras de Richard Wagner, Johannes Brahms e Claude Debussy,

configurando un programa diverso e pensado para o goce de públicos heteroxéneos.

O Arundo Donax Ensemble sitúase así como unha nova referencia no ámbito da música clásica galega, cun proxecto artístico que combina innovación, calidade interpretativa e un claro compromiso coa difusión cultural. O primeiro ensaio do Arundo Donax Ensemble terá lugar o vindeiro domingo, 1 de xuño, entre as 12.00 e as 14.00 horas no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo.



Máis de 400 escolares participan nos novos cursos de educación vial

As instalacións do Parque Infantil de Tráfico do Parque da Milagrosa recibiu a visita de máis de 400 estudantes de distintos centros de Lugo que realizaron cursos de educación viaria na última semana.

A edil de Educación, Iria Buide, destacou continúan a traballar para mellorar estas instalacións e anunciou a renovación dos semáforos da instalación, o que permitirá, segundo declarou, “aumentar as situacións que as nenas e nenos visitantes poden simular neste entorno seguro”.

Ademais, explicou que, coa posta en marcha destes cursos, “recuperamos o funcionamento do PIT e traballamos na formación das nenas e nenos, obxectivo principal desta instalación”, afirmou Buide, que destacou a importancia desta formación “que se oferta a todos os centros de

ensino que o desexen, traendo ao PIT ao maior número de estudantes posible”.

Con todo, o Goberno realizou este ano unha “mellora estética” da instalación, renovando a sinalización da pista, “o que permitirá unha boa calidade das actividades que xa están calendarizadas ata final de curso”, explicou Buide, quen engadiu “realizamos un importante esforzo para garantir que o PIT sexa unha instalación de referencia á hora de achegar formación en seguridade viaria e mobilidade ás persoas máis novas”. A Tenencia de Alcaldía e a DXT traballan en conxunto para “achegar coñecemento e boas prácticas sobre seguridade vial a todas as nenas e nenos do Concello de Lugo, a través de colaboracións que se farán chegar tamén aos centros de ensino”.

O PP denuncia a paralización da Escola Municipal de Música de Lugo

O grupo municipal do Partido Popular en Lugo cargou contra o Goberno local tras confirmarse en Comisión que non se abrirá o prazo de matrícula da Escola Municipal de Música, o que, segundo os populares, supón na práctica a súa desaparición.

O concelleiro Javier Vázquez cualificou a situación de “vergoñenta” e denunciou que se trata dun novo golpe á cultura local.

“Estamos ante outro paso máis no desmantelamento da vida cultural municipal: primeiro foi a Banda de Música, e agora é a Escola. Todo o que tocan, estrágano”, afirmou Vázquez, visiblemente crítico coa xestión do executivo que compoñen PSOE e BNG.

Dende o PP lembran tamén que os músicos municipais levan anos esperando que se actualice a súa situación profesional na Relación de Postos de Traballo (RPT), un compromiso adquirido polo propio Goberno que, segundo denuncian, segue sen materializarse.

Vázquez criticou a “pasividade” e as “contradicións internas” entre as áreas de Cultura e Persoal, apuntando que “Cultura di que é responsabilidade de Persoal, e Persoal que é de Cultura. Mentres tanto, a realidade é que a música desaparece da estrutura municipal”.

Menús Grupales

Salones individuales para un mínimo de 18 comensales

Menús grupales para 5 o más comensales

Cumpleaños

Comidas familiares

Comidas de empresa

Reuniones

Aniversarios

Bodas

Comuniones

TORRE DE NUÑEZ Hotel

San Froilán terá unha caseta de polbo menos para ter unha atracción máis

O Goberno de Lugo comezou a dar os primeiros pasos administrativos do San Froilán 2025. O tenente de alcalde Rubén Arroxó anunciou que se aprobou xa o procedemento de licitación para alugar as casetas nas que se colocarán os distintos postos de venda durante as festas. O contrato está distribuído en 4 lotes segundo as zonas do centro onde se coloquen.

Así, o Concello saca a licitación as casetas de Rodríguez Mourelo por 39.325€, en Puro Cora por 10.067€, en García Portela por 8.615€ e na praza Maior por 13.915€ de orzamento máximo. O contrato terá unha duración de dous anos (San Froilán 2025 e 2026) e será prorrogable para 2027 e 2028. As casetas deberán estar instaladas entre o 30 de setembro e o 13 de outubro, para dar servizo durante as festas.

Ademais, Arroxó anunciou o cambio de situación da Feira de Artesanía e Gastronomía Gastroarte, que este ano se celebrará na praza Maior. En total, licítanse 23 postos que poderán ser de artesanía ou gastronomía (viños, augardentes, licores tradicionais, queixos, mel, produtos cárnicos, agricultura ecolóxica, produtos vexetais, panadería e repostería). Os postos terán unha licitación de 802,55 euros cada un.

A nova situación será na fronte inferior da Praza Maior, onde habitualmente se coloca o bus de doazón de sangue, con 19 postos, máis outros 4 na frontal do Círculo das Artes.

ARTESANFROILÁN. A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu a primeira xuntanza da Comisión de Festas, que se reuniu para comezar a traballar na organización das festas do San Froilán 2025.



A edil de Cultura anunciou que este ano só saíran a licitación tres das catro casetas que saíron a concurso nos últimos anos. Ferreiro afirmou que “levamos anos vendo só tres casetas cubertas, polo que reorganizamos os espazos garantindo que se cubran todos os postos de comida e permitindo ampliar o recinto feiral cunha atracción máis”. Ademais, Maite Ferreiro anunciou as datas de apertura tanto do Recinto Feiral, que estará en funcionamento entre o 26 de setembro e o 12 de outubro, como das casetas do Polbo, que poderán desenvolver a súa actividade entre o 26 de setembro e o 2 de novembro, co polbo a 15€ a ración.

Ferreiro explicou que “distintas cuestións relacionadas coa organización das festas están xa avanzadas e abertas, como os prazos para participar na feira Gastroarte e os contratos para instalar as casetas de venda nas distintas zonas do feiral”.

Ferreiro afirmou que “estamos avanzando xa nos distintos pregos das festas, como son as casetas, a colocación do recinto feiral e a produción dos escenarios, que anunciaremos nos vindeiros días”.

A concelleira de Cultura presentou os avances realizados á Comisión de Festas, que está composta por 8 integrantes: 3 en representación do grupo municipal Socialista, 4 do Popular e 2 do Bloque Nacionalista Galego, xunto co xefe de Servizo de Cultura, que actúa como secretario da Comisión.

PARCELAS. Tamén se aprobaron as bases para a concesión de 160 parcelas do recinto feiral destinadas a postos de venda, xogos de habilidade e atraccións, con prezos de licitación que varían desde 160 euros, para un posto pequeno, ata 13.643 euros para unha gran atracción de 43x19 metros nas proximidades do Parque.

Ademais, xa está aberto, ata o 16 de xuño, o prazo para solicitar a instalación de postos no Artesanfroilán e no Mercado de Nadal, organizadas pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo para apoiar a comercialización de produtos artesanais e dar visibilidade ao sector.

As convocatorias, cuxas bases se publicaron hoxe no Boletín Oficial da Provincia, están abertas a artesáns e

artesáns da provincia uxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima. Así mesmo deben ter o obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e cuxos produtos sexan exclusivamente de creación e produción propia.

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro lembrou que “a instalación será de balde, unha medida que mantemos como mostra do apoio a un sector que, ademais de xerar emprego e actividade, se desenvolve, en xeral, baixo criterios de sostibilidade, apelando a un consumo responsable e actualizando e dando valor a oficios e técnicas tradicionais, que forman parte do noso patrimonio cultural”.

No Artesanfroilán, que se celebrará do 3 ao 12 de outubro na Praza Anxo Fernández Gómez, ofrécense 24 postos. No Mercado de Nadal, previsto do 19 de decembro ao 5 de xaneiro na Praza de San Marcos haberá 14 casetas. O horario de apertura será, nos dous casos de 11.00 a 14.00 horas e de 17.00 a 21.00 horas.

A instalación ‘O fío de Cloto’ de Paula Noya chega ao Museo Provincial

O Museo Provincial de Lugo vén de incorporar á súa exposición estable a instalación *O fío de Cloto*, da artista lucense Paula Noya. Trátase dun conxunto formado por catro esculturas de ferro realizadas en 2015 - Esfera de platina, Esfera de cadeas, Esfera de espiño e Esfera de ferro -, catro debuxos a lapis que datan de 2014 e unha fotografía, titulada *As Parcas*.

A instalación, doada pola artista lucense ao Museo Provincial o pasado mes de setembro, exhibese a carón da obra *Adosados III* de Mónica Alonso, co fin de poñer en relación a dúas creadoras lucenses. A súa exposición supón un fito máis na incorporación de mulleres artistas aos fondos permanentes da institución museística cuxos resultado estanse materializando nos últimos anos.

A artista, acompañada polo vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro e a directora do Museo Provincial de Lugo Aurelia Balseiro, visitou a instalación na que será a súa situación, onde ya pode visitarse, como parte da exposición permanente do espazo museístico.

O proxecto *O fío de Cloto* busca indagar sobre o destino e a nosa capacidade de poder ou non cambialo. Inspírase na figura de Cloto, a máis nova das tres Parcas, que prepara a la na roca e reparte os fíos que tecen a vida dos homes.

A instalación estivo exposta en La Factoría de Papel (Bial Miradas de Mujeres, Madrid, 2016) e na mostra La Distancia Incómoda (Vale Centro Cultural, Piedrasblancas, Asturias, 2016). Paula Noya participou en máis de 50 exposicións, tanto individuais como colectivas, en diversas localidades de España e do estranxeiro, e conta con obra publicada en numerosos catálogos.

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

CERTIFICADOS PROFESIONALES CON INICIO INMEDIATO

SSCE0110 - Habilitación para la Docencia en Grados A, B y C

SSCB0110 - Dinamización, Programación y Desarrollo de Acciones Culturales

COML0210 - Gestión y control del Aprovisionamiento

estudios
rafer

¿FORMAS PARTE DE UNA ASOCIACIÓN?

OFRECE A TUS ASOCIADOS UNA FORMACIÓN GRATUITA EN COMPETENCIAS DIGITALES

INFÓRMATE EN:

formación@estudiosrafer.es

663 30 33 82

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es

666 483 504 / 982 22 26 49



O PP denuncia o estado “de abandono” do MIHL

O Grupo Municipal do Partido Popular visitou o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) para denunciar o estado de abandono dun espazo “que naceu como o gran proxecto cultural do PSOE e que, hoxe, nin é museo, nin é interactivo”. O concelleiro Agustín Gallego lembrou como “o MIHL custou sete millóns de euros e foi presentado como un referente vangardista para divulgar a historia da cidade, pero trece anos despois da súa inauguración, o edificio carece de contido definido, a zona da exposición permanente está pechada e baleira, os elementos tecnolóxicos non funcionan e o espazo converteuse nun multiusos sen identidade museística”. Gallego lembrou como o anterior alcalde, Orozco, quen impulsou este proxecto, chegou a comparalo coa Casa das Ciencias da Coruña. “A realidade é que esa comparación hoxe soa case a burla, xa que mentres outras cidades apostan por espazos vivos e divulgativos, Lugo ofrece un edificio baleiro e sen proxecto. Lugo non pode permitirse ofrecer esta imaxe a quen nos visita”, denuncia. Desde o Grupo Municipal Popular, propoñen unha revisión integral dos contidos do MIHL, a reparación inmediata das deficiencias técnicas e a recuperación do uso museístico da Caixa Negra para que o museo cum-

pra por fin o obxectivo para o que foi creado: ser un espazo vivo e divulgativo da historia de Lugo. Ademais, lembran o sucedido co festival We Tattoo Lugo, xa que a Asociación Galega de Arte Corporal (AGAC) comunicou que, debido ao estado no que se atopa o MIHL, onde ía celebrarse a segunda edición de WE TATTOO, decidiron apazala para despois do verán. “Partes do teito estaban caídas, aínda había auga sobre a tarima tras a inundación do 11 de abril, humidade e outras condicións que imposibilitan a realización do evento por seguridade física e sanitaria tanto do público como dos participantes”, explicaron. Así, lamentaron que ninguén lles dera constancia do sucedido para poder actuar o máis rápido posible e buscar unha nova localización canto antes. “Esta edición contaba con máis participantes, triplicando os da anterior, e incluía actuacións en directo de artistas como Gin Tonic’s, Mad Martin e Miguel Lago, entre outros, así como espectáculos, premios e varias sorpresas para os asistentes, como unha zona de iniciación con clases de debuxo, piercing e tatuaxe”. Desde o PP critican que os organizadores “non recibiron ningunha alternativa viable, e a resposta institucional foi completamente insensible”.

“Cada vez nos solicitan máis os perfís profesionais dos estudantes”

Falamos con Ramón M. Cabarcos Rodríguez, director da EASD Ramón Falcón

Para quen non a coñeza, que é a Escola de Arte e Superior de Deseño?

A EASD Ramón Falcón é un centro que, en realidade, son dous, unha Escola de Arte e unha Escola Superior de Deseño. Conviven ensinanzas artísticas de nivel académico MECES 1 con ciclos formativos de FP e tamén de nivel MECES 2, coma o graos impartidos en calquera universidade. Esta convivencia de profesorado e alumnado do mesmo eido das artes e o deseño, pero de diferente nivel académico, resulta nun modelo académico e creativo moi rico e motivante. Con este modelo, esta escola ten superado os cincuenta anos de actividade docente e artística e conta cunha matrícula duns 250 alumnos e un claustro de profesorado de 35 docentes.

Que se pode estudar na Escola?

Ofértanse 25 prazas para cada especialidade das Ensinanzas Superiores de Deseño. As dúas especialidades impartidas son as de Deseño Gráfico e Deseño De Interiores. Tamén se ofertan Ensinanzas Artísticas Profesionais en tres especialidades: Gravado e Estampación, Fotografía e Cerámica Artística. A oferta inclúe tamén a especialidade de Serigrafía Artística, de nivel académico de ciclo formativo de grao medio. As prazas ofertadas son de 15 por especialidade.

Como se accede a estes estudos?

Para acceder ás Ensinanzas Superiores é necesario ter o título de Bacharelato ou a titulación/proba de acceso á universidade, ademais de superar unha proba específica, da que están exentos os que teñan o título de Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño. A inscrición remata o 6 de xuño. Para os Ciclos



de Grao Superior tamén se require o Bacharelato e superar unha proba específica. No caso dos Ciclos de Grao Medio, é necesario ter a ESO ou equivalente e pasar unha proba, da que se pode quedar exento acreditando un ano de experiencia laboral relacionada; neste caso, a inscrición remata o 13 de xuño. Existen probas substitutivas para persoas sen a titulación esixida: para os ciclos superiores, hai que ter 19 anos ou 18 se se posúe título de Técnico relacionado; para os ciclos medios, hai que ter 17 anos. A data límite de inscrición para estas probas é o 26 de xuño.

Que vantaxes ofrece este centro?

A EASD Ramón Falcón participa no programa Erasmus dende o curso 2012-13 e colaboramos co programa Erasmus+ na quenda 2021-2027, desenvolvendo proxectos de mobilidade para estudos e formación do alumnado e profesorado. O centro ten convenios con centros onde se imparten estudos de Deseño Gráfico e de Interiores ou de Artes vinculadas coa Cerámica, a Fotografía ou o Gravado en Chipre, Romanía, Grecia

ou Macedonia. Ademais, desenvolve programas de linguas estranxeiras en ensinanzas profesionais de Serigrafía ou Fotografía, contando con docentes nativos que actúan coma auxiliares de conversa. Tamén leva a cabo actividades relacionadas coas tecnoloxías dixitais asociadas ao desenvolvemento de proxectos de innovación, contando cunha aula dotada con maquinaria de mecanizado automatizado; así como se levan a cabo actividades complementarias á formación, como visitas a eventos creativos ou a celebración de charlas no centro. Tamén facemos exposicións de traballos do alumnado a través de canles dixitais ou espazos físicos, coma é a nosa sala de exposicións ou o espazo permanente no segundo andar do edificio do Vello Cárcere. Así, cada vez é máis frecuente que as empresas e institucións soliciten o perfil profesional dos nosos titulados, para o que temos organizado un procedemento de achegamento destas solicitudes e ofertas ao alumnado xa titulado, xerando oportunidades de acceso ao eido profesional.

A Candeloria confirma artistas do Pista Extra

Os organizadores do Festival A Candeloria avanzaron a celebración do evento Pista Extra 2025, que terá lugar o próximo 29 de novembro. Esta edición especial contará coa actuación de Evaristo Páramos xunto a músicos de La Polla Records, Gatillazo, The Kagas, Tropa do Carallo e The Meas, facendo a súa única parada en Galicia. Segundo os responsables do festival, “para nós é unha auténtica honra contar con esta lenda do punk internacional nunha noite tan especial, cun espectáculo de 1 hora e 40 minutos de pura maxia”.

Ademais, tamén confirmaron a Manolo Kabezabolo, unha figura que para a organización é “toda unha honra telo en Lugo, na nosa casa, repasando cada un dos himnos que todas e todos os nados nos anos 80 e 90 temos tatuados na memoria”. Xunto a el, estarán Talco, Catalina Grande Piñón Pequeño e Faul, que encherán de música esta edición. Este evento promete converterse nunha cita imprescindible para os amantes do punk e a música alternativa, reunindo sobre o escenario a algúns dos nomes máis icónicos.

OLIMPÍADA MATEMÁTICA



Lugo acolleu a Final Galega da XXVII Olimpiada de Matemáticas, organizada por Agapema, que reuniu na cidade 41 estudantes de Galicia de segundo da ESO, entre eles cinco estudantes do IES Río Cabe de Monforte, do IES Gregorio Fernández de Sarria e dos IES Ollos Grandes e Ánxel Fole de Lugo. As probas celebráronse no Círculo das Artes e no Pazo de San Marcos, onde se coñeceron os resultados das probas.

EN BREVE

VELLO CÁRCERE. Inaugurouse no Vello Cárcere a exposición *Cartas ao Mar*, unha escolma de gravados do artista arxentino Néstor Goyanes. A exposición, que forma parte dos fondos do Museo do Gravado á Estampa Dixital de Ribeira, chega a Lugo promovida polo Consulado Xeral da República Arxentina en Galiza coa colaboración do Concello de Lugo.

SANTA MARÍA. A exposición *Mulles en Acción polo Planeta: Océanos e Terra* abriu polo Día Mundial do Medio Ambiente, na Capela de Santa María. Trátase dun proxecto artístico que reúne deseños de 21 mulleres que transformaron materiais reciclados en creacións de deseño artístico.

A veciñanza manifestouse contra a planta de biometano de Coeses

O Portavoz do BNG de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado por concelleiros e concelleiras do BNG acompañaron ás veciñas e veciños afectados pola planta de biometano de Coeses na concentración que realizaron hoxe diante da delegación lucense da Xunta de Galiza. Arroxo reafirmou o apoio do BNG á loita que veñen mantendo desde a publicación do proxecto e lembrou que o BNG está a traballar nas distintas institucións para instar á Xunta de Galiza a “aumentar o control ás plantas de biometano e garantir unha separación mínima de 3Km dos núcleos de poboación”, afirmou. Arroxo destacou a aprobación desta iniciativa no pleno municipal do xoves, e lembrou que o BNG defenderá unha iniciativa similar no Parlamento de Galiza. Actualmente, estanse proxectando plantas de gran tamaño, que re-



quiren un aporte constante e moi elevado de residuos para o seu procesamento, polo que os residuos de preto non son suficientes e tráenos de moito mais lonxe. E, a maior tamaño existe un maior volume de residuos almacenados, mais operacións de descarga de residuos, maior volume a xestionar e tamén maiores riscos en caso de escape de emisións

e risco de incendio.

A proposta do BNG buscará o consenso da Corporación Municipal para instar á Xunta a regular esta actividade con 5 obxectivos principais, como establecer límites entre as plantas de biogás – biometano e núcleos de poboación e legislar o sector establecendo unha serie de parámetros.

Tirimol prepárase para o San Xoán

Tirimol vivirá os días 21, 22 e 23 de xuño as súas festas na honra a San Xoán. O sábado comezará ás 13:30 horas cunha misa e sesión vermú amenizada pola orquestra Pontevedra, que tamén será protagonista da verbena, compartindo escenario co DJ Miguel Cendoí.

O domingo 22 abrírase cun pasarrúas e a sesión vermú será coa cantante Verónica Cambón. Pola tarde, ás 17:30, haberá actividades infantís e na verbena actuará Begoña García. O luns haberá churrascada e fogueira a partir das 21:30, que dará paso a unha verbena co dúo Estrellas.

AXUDAS PLANS DE MELLORA



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou a Gandaría Carabinero para anunciar que a mediados do mes de xuño publicaráse no Diario Oficial de Galicia novas convocatorias das axudas de plans de mellora e incorporación de mozos no marco do Plan estratéxico da Política Agraria Común (Pepac), dotadas en total con 36 millóns de euros.



Arroxo esixe á Xunta que coloque a desaparecida marquesiña de Castelo

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, acompañado do concelleiro responsable de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, trasladou á Xunta de Galiza a reclamación da veciñanza de Castelo para volver a instalar a marquesiña do transporte público.

Rubén Arroxo asegurou que “se fálamos de unha infraestrutura de titularidade municipal o asunto xa estaría resolto e a marquesiña colocada como pide a veciñanza”. Trátase dun ben propiedade da Xunta e a propia Lei 8/2013, de Estradas de Galiza, define como Dominio público viario ás estradas de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galiza e os terreos ocupados polos elementos funcionais destas estradas. As marquesiñas son consideradas como un elemento funcional, polo que o seu mantemento corresponde tamén á Xunta de Galiza.

Penas explicou que “esta marquesiña foi instalada pola Xunta e a súa instalación corresponde a esta administración, malia que fose utilizada para o transporte urbano”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “quen a retirou foi a Xunta e trátase de que cada administración se faga cargo das súas responsabilidades, do mesmo xeito que o Goberno de Lugo habilita e asume o mantemento de paradas para o transporte interurbano onde é necesario”. “Seguimos traballando na ampliación do mobiliario urbano, escoitando sempre as solicitudes da veciñanza e buscando a mellora da imaxe da cidade”, afirmou Arroxo, que engadiu “agardamos axilidade por parte da Xunta de Galiza á hora de asumir unha intervención da súa responsabilidade, garantindo que unha zona cunha ampla densidade de poboación non perda servizos”.

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



Luz verde para construír un aparcadoiro público na rúa Rof Carballo

A Xunta de Goberno do Concello aprobou o procedemento para construír un estacionamento público na rúa Rof Carballo, “aproveitando un terreo municipal que xa se estaba a usar como estacionamento, creando un espazo que permita este uso na parcela e a súa integración coa contorna”, explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo.

Dentro da parcela obxecto desta actuación, proxéctase a execución dun pavimento de formigón pulido en a zona de acceso e manobra, men-

tres que para as zonas de estacionamento está previsto executar un pavimento de herba armada de 10 cm de grosor sobre 25 cm de grava, delimitado polas zonas verdes mediante un bordillo de formigón de dobre capa.

Para manter unha disposición regular, a fachada da parcela que dá á rúa San Xillao estará axardinada, e plantaranse xenebreiros e breixos. O límite lateral entre a franxa axardinada e a beirarrúa existente executarase coa colocación dun bordillo.

Chegan a un acordo para o centro de saúde do Sagrado Corazón

A Xunta e o Concello de Lugo acadaron un acordo para construír o novo centro de saúde do Sagrado Corazón na parcela do antigo colexio, que suporá un investimento de máis de 4,8 millóns de euros.

O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, acompañado do delegado territorial da Xunta, Javier Arias Fouz, e da directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, Amparo Pousada, reuniuse co alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, para abordar o futuro deste centro sanitario.



Ambas as administracións cuantificarán, agora, o custo dos accesos e da urbanización da parcela do antigo colexio para determinar o que debe financiar cada parte, tendo en conta as necesarias demolicións, estimadas en 1,8 millóns de euros.

O acordo permite construír o centro nun espazo axeitado, contribuíndo á rexeneración do barrio do Sagrado Corazón e, ademais, con espazos dispoñibles para o desenvolvemento futuro de novos proxectos.

Este entendemento entre a Xunta e o Concello vai permitir construír un centro de saúde que atenderá 10.000 persoas, tras reorganizar as cotas dos de San Roque e Illas Canarias.

Gómez Caamaño detallou que o novo centro, no que a Xunta investirá 3 millóns de euros, disporá de 7 consultas de medicina xeral e outras 7 de enfermmería, ademais dunha sala de toma de mostras e espazos para docencia. Tamén contará cunha consulta de pediátría e outra de enfermmería pediátrica.

O titular da carteira sanitaria incidirá en que a veciñanza e os profesionais

do Sagrado Corazón precisan de xeito inaprazable o novo centro de saúde e, por iso, a Xunta convocou a reunión de hoxe co Concello, para traballar nos puntos en que as dúas administracións están de acordo, que son a urxencia da construción e o lugar idóneo para facelo, que é a parcela do antigo colexio.

A Xunta propónlle ao Concello que lle ceda unha parcela axeitada e libre de cargas, de acordo co procedemento habitual para a construción dos centros de saúde.

A Consellería de Sanidade xa ten traballo avanzado de estudo, partindo de que o espazo óptimo para a construción sería o que ocupa a pista deportiva.

A parcela do antigo colexio ten unha superficie moi superior á que é necesaria para a execución do centro de saúde e, ademais, conta con edificacións que hai que demoler.

Ao respecto o conselleiro dixo que a Xunta está disposta a asumir a titularidade do conxunto da parcela, así como parte do custo das demolicións.

Pola súa parte, o Concello farase car-

go da urbanización da parcela e do seu mantemento, como é habitual na colaboración da Xunta cos gobernos municipais.

A Xunta avanza no seu compromiso coa modernización e renovación das infraestruturas sanitarias de atención primaria de Lugo, que se plasma na posta en marcha do Centro Integral de Saúde, cun investimento de preto de 17 millóns de euros, e a reforma da Milagrosa, do que xa se adxudicaron as obras que comezarán no verán, cun investimento de 3,2 millóns.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, mantivo unha reunión cos representantes da Asociación de Veciños do Sagrado Corazón, presidida por Alfonso Ibañeta, para informarlles sobre o proxecto do novo centro de saúde do barrio.

A xuntanza chega tras anos de espera e coincidiu coa recente confirmación do compromiso do Concello de Lugo para ceder a parcela na que se levantará a nova infraestrutura sanitaria, o que permitirá iniciar un investimento que superará os 4,8 millóns de euros.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

¡Disfruta de nuestra TERRAZA!

HAMBURGUESAS GOURMET

(Cachena, Porco Celta...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA
¡Visítanos!

& BRAIS

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

MENÚ DEL DÍA 14 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

Adxudicada a obra do centro de saúde da Milagrosa

A Xunta, a través do Servizo Galego de Saúde, vén de adxudicar á empresa Elecnor Servicios y Proyectos a reforma integral do centro de saúde da Milagrosa de Lugo por un importe de 3.085.500 euros.

A previsión é que as obras dean comezo durante o verán. O prazo de execución establecido no contrato é de 18 meses.

Con esta actuación, o centro de saúde da Milagrosa será renovado por completo, reorganizándose e ampliando os seus espazos para ofrecer unha atención sanitaria máis cómoda e eficiente aos seus usuarios.

Cando se completen as obras, o centro de saúde da Milagrosa contará con 6 consultas de medicina xeral, 6 de enfermería, así como novas salas destinadas á docencia, ás urxencias e para a toma de mostras. Ademais, tamén contará cunha área de admisión completamente renovada e novas zonas destinadas ao seu persoal.

A Deputación mellora a vía que conecta Palas de Rei con Lugo

A Deputación de Lugo deu luz verde a un convenio co Concello de Palas de Rei para o arranxo e cesión de 800 metros da LU-P-2901, que conecta este municipio con Lugo. Trátase, en concreto, do último tramo da vía, nos algo máis de 800 metros que percorren o núcleo urbano de Palas de Rei, desde o cruce coa N-547 ata o final da rúa Agro do Rolo, desde o quilómetro 35,180 ao 35,996.

“Nas vindeiras semanas licitaremos os traballos de arranxo deste tramo da vía cun investimento de 94.774 euros”, avanzou o deputado Rivera Capón, quen detallou que as obras consistirán na mellora da drenaxe, afirmado e a sinalización.

O PP reclama solucións para o saneamento no barrio de As Saamasas

O Grupo Municipal do Partido Popular mantivo unha reunión coa veciñanza do barrio das Saamasas dentro da dinámica habitual de traballo baseada na escoita activa para coñecer de primeira man as necesidades dos barrios e parroquias de Lugo e trasladar as súas peticións a PSOE e BNG.

Durante o encontro, os veciños expresaron a súa preocupación por múltiples cuestións que afectan ao barrio entre as que destacan as deficiencias en servizos básicos como o saneamento e a subministración de auga: reclamaron un proxecto saneamento dentro do Plan Único da Deputación; trasladaron a súa indignación porque sofren cortes constantes chegando incluso a estar sen auga durante case unha semana. Así mesmo, denunciaron problemas recorrentes nas canalizacións con rotura de sumidoiros pola presión da rede e outras obstruídas por falta de mantemento.

A necesidade de desbroce urxente da vexetación que invade o espazo viario nalgúns puntos do barrio e a escasa limpeza que non chega ata as zonas altas do barrio así como a demanda de ademais máis papeleiras e contedores especialmente á altura dos números 164 e 166 xunto ao transformador completan a listaxe de necesidades.

En canto á mobilidade e seguridade viaria os veciños amosan o seu malestar polo peche da estrada en eventos deportivos sen ofrecer alternativas de acceso ás vivendas así como pola perda de prazas de aparcamento trala a implantación do carril bici sen ter en conta as necesidades reais do barrio.



O Concello remata a obra da avenida de Madrid

Vén de renovarse de forma integral a sinalización horizontal da Avenida de Madrid de Lugo, unha actuación que permite “mellorar a visibilidade na rúa, tanto para peóns como para os vehículos, o que implica maior seguridade viaria”, sostivo o tenente de alcalde, Rubén Arroxo.

Arroxo lembrou que a área de Mobilidade conta cun contrato para o mantemento da sinalización horizontal en zonas urbanas, “cun investimento de 100.000 euros e unha duración inicial dun ano, prorrogable ata dous anos máis”, explicou.

O contrato inclúe o repintado de marcas viarias como pasos de peóns e outras sinalizacións horizontais, ten como obxectivo “mellorar a visibilidade e a seguridade viaria en toda a cidade”.

A Tenencia de Alcaldía planifica a realización destas intervencións nos meses de verán, aproveitando as condicións climáticas favorables desta época do ano, xa que o bo tempo é esencial para garantir a calidade do pintado.

Rubén Arroxo destacou o compromiso da Tenencia de Alcaldía coa mellora da sinalización horizontal na cidade, mellorando o formato do pintado para aumentar a seguridade de peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida, reducindo es-

varóns nos pasos de peóns e aumentando a seguridade.

RÚA AGRICULTURA. A asociación de empresarios de O Ceao-As Gándaras reuníronse cos concelleiros do BNG Rubén Arroxo e Alexandre Penas porque desde o Concello queren “coñecer de primeira man as necesidades das distintas empresas e poder planificar os traballos a executar nos vindeiros meses”, explicou.

Así, recolleron propostas para tratar de dar solucións e mellorar as infraestruturas no menor prazo de tempo posible. “Nos orzamentos de 2025 gardamos 500.000 euros para realizar actuacións nas zonas industriais, unha zona que require dun mantemento axeitado debido ao tráfico pesado que soporta”, sostivo o tenente alcalde. Arroxo lembrou que a Tenencia de Alcaldía está xa a licitar o reasfaltado da rúa da Agricultura, no polígono do Ceao, cun orzamento de 134.692,38 euros e un prazo de execución de 12 semanas.

Os traballos inclúen a eliminación da tubaxe de fibrocemento, instalando nova tubaxe de fundición dúctil, ademais da renovación da capa de rodadura con asfalto en quente, mantendo a cota actual do pavimento. Renovarase tamén a sinalización horizontal.

PARQUE DO SAGRADO CORAZÓN

Rematou a renovación do parque infantil do Sagrado Corazón, situado na rúa paralela ao centro de saúde. Unha intervención que abrangue uns 30 metros de longo e un investimento municipal próximo aos 100.000 euros, e na que o recinto foi completamente reformado para ofrecer un entorno seguro, moderno e atractivo.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias • Festivales
Fiestas • Infantil
Humor • Gastronomía
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A Deputación subvencionará a renovación de Adolfo Suárez

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, e o Alcalde de Lugo, Miguel Fernández, asinaron un protocolo de colaboración que marca o inicio da renovación integral da Avenida Adolfo Suárez, un dos accesos principais á capital pola zona da Fervedoira.

Trátase dunha actuación estratéxica para o crecemento urbano de Lugo, especialmente na súa zona leste, xa que esta vía será unha das conexións fundamentais coa futura Estación Intermodal desde a autovía A-6.

José Tomé avanzou que a Deputación participará tanto na redacción do proxecto como no seu financiamento, asumindo o seu servizo de Vías e Obras a responsabilidade de elaborar a proposta técnica que será aprobada pola Xunta de Goberno nas próximas semanas. A continuación, ambas administracións darán forma a un convenio para facer realidade a execución da obra.

“Hoxe damos un paso importante para mellorar un dos accesos máis relevantes da cidade, tanto pola súa funcionalidade como pola súa proxección de futuro”, afirmou o



presidente da Deputación, quen destacou a colaboración constante co Concello de Lugo para construír unha cidade “máis accesible, moderna e pensada para as persoas”.

Pola súa banda, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, agradeceu o apoio da Deputación a un proxecto que xa conta cunha partida orzamentaria nos presupostos municipais de 2025. Sinalou que esta colaboración interinstitucional permitirá reducir os prazos de execución e avanzar con maior axilidade nunha intervención que responde ao modelo de cidade “cómoda, conectada e pensada para as persoas”.

Segundo explicou Fernández, a renovación desenvolverase por fases e servirá para mellorar a estética da zona, reorganizar espazos urbanos, garantir a accesibilidade e favorecer unha mobilidade máis segura e eficiente. O obxectivo é transformar a contorna nun espazo amable e funcional que contribúa tamén á dinamización dos barrios próximos.

“A entrada pola Fervedoira ten un gran potencial urbanístico e social, e queremos poñela en valor cunha intervención que aposte por un Lugo máis moderno e integrador”, concluíu o rexedor.

Lugo Monumental propón facer unha festa polo fin das obras

A Asociación Lugo Monumental lanza unha proposta festiva para conmemorar o fin das longas e polémicas obras do casco histórico da cidade. A entidade, moi crítica ao longo dos últimos anos coa planificación, execución e custes destes traballos, propón agora virar páxina cunha celebración que marque o inicio dunha nova etapa para a zona monumental.

Entre as ideas que se porán enriba da mesa están a ornamentación dos establecementos, a organización de actividades culturais e lúdicas, e mesmo un desfile polas novas zonas peonizadas, co obxectivo de dinamizar a vida comercial e social do centro histórico e recuperar o ánimo da veciñanza e dos comerciantes.

A Asociación trasladará esta proposta ao Concello de Lugo solici-

tando apoio loxístico e colaboración para a organización conxunta do evento, mais sen pedir financiamento económico, mantendo así a súa política de “cero subvencións” que, segundo sinalan, garante a súa independencia. Neste sentido, lembran experiencias como a do Milagre de San Vicente, onde contan coa colaboración municipal sen recibir achegas monetarias.

A festa sería unha ocasión para dar a benvida a unha nova etapa, aínda que desde Lugo Monumental lembran que quedan moitas incógnitas por resolver. Entre elas, o contido da nova ordenanza que regulará a zona unha vez rematadas as obras, e as actuacións necesarias para reparar os danos causados en rúas como San Marcos, Rúanova ou Quiroga Ballesteros, para os cales tamén formularán propostas.

Renovadas preto de 300 luminarias

Dentro do plan municipal de renovación da rede de alumado público, a Tenencia de Alcaldía executou actuacións en varias rúas por toda a cidade, renovando máis de 300 luminarias e acadando un aforro enerxético anual de 146.153 kWh, con actuacións realizadas en distintas zonas. Nas rúas Monforte, Luís Cordeiro, Narciso Peinado e Serra de Ancares substituíronse 28 luminarias antigas, de entre 168 e 276W, por 62 puntos LED de 3 a 25W, conseguindo un aforro

anual de 886 kWh.

Na Avenida Infanta Elena renováronse as 44 luminarias existentes (de 276 a 430W) por outras tantas de tecnoloxía LED de 163 a 218W, cun aforro anual de 31.596 kWh.

Na Rolda da Muralla substituíronse 84 luminarias (de 113 a 276W) por 84 novas de 75 a 95W, acadando un aforro anual de 56.154 kWh.

En Campo Castelo renováronse 63 luminarias (de 78 a 168W) por outras tantas de 35 a 40W, cun aforro

anual de 32.482 kWh e en Castelo de Abaixo substituíronse 77 luminarias de 80W por 30 de tecnoloxía LED, cun aforro de 16.555 kWh ao ano.

Pola súa parte, nas rúas Isaac Díaz Pardo, Pascual Veiga, Ribadeo e Avelino Pousa Antelo renováronse 7 luminarias de 276W por 7 de 100W, cun aforro anual de 5.298 kWh.

E, por último, na Rolda Norte e Accesos As Gándaras instaláronse 18 novos puntos LED de 60W, ampliando a cobertura de alumado no entorno.

OTERO PEDRAYO



O Tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron un encontro con veciñas e veciños da contorna da rúa Otero Pedrayo. Os edís visitaron a zona para escoitar “as necesidades que nos amosaron as veciñas e veciños do barrio”, explicou Rubén Arroxo.

MATRÍCULA 2025/2026

- A partir de 14 anos**
- 92€ por curso anual**
- Certificación oficial de linguas**
- A2 - B1 - B2 - C1 - C2**

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO

Ampla oferta de idiomas e actividades culturais, en Lugo e Sarria

Alemán

Galego

Chinés

Inglés

Español

Italiano

Francés

Portugués

Cursos presenciais, semipresenciais e monográficos de práctica oral

Acreditación Erasmus+ e mobilidades internacionais para alumnado

CONTACTA CONNOSCO E ÚNETE Á COMUNIDADE!

192 829 250

Rolda Xosé Castiella, 1

www.edu.xunta.gal/centros/oolugo

Preinscrición para novo alumnado **16/6 - 7/7**

Formalización de matrícula **10/7 - 21/7**

+ INFO

O PP propón varias medidas para evitar a contaminación acústica

Entre as medidas que propón o Grupo Municipal para mellorar a seguridade, contaminación acústica e convivencia cidadá está a de impulsar un Consello Local de Seguridade que funcionaría como un mecanismo para ordenar os medios persoais, normativos e materiais dispoñibles, co obxectivo de actuar sobre problemas como os conflitos derivados do lecer nocturno, a contaminación acústica ou a dificultade para garantir o dereito ao descanso da veciñanza. “Trátase dunha ferramenta operativa a través da cal se marcará unha liña de traballo estable que implique a todas as entidades sociais vinculadas coa convivencia cidadá: asociacións veciñais, de hostalaría, xuvenís, culturais e tamén ás Forzas e Corpos de Seguridade”, explican. Din que esta proposta responde ás constantes demandas da veci-

ñanza, especialmente no barrio da Milagrosa e Feijoo “onde os problemas de seguridade e convivencia son noticia semana tras semana, malia o silencio e a negación do goberno local. Tamén atende ás queixas da veciñanza do centro e outros puntos da cidade que piden solución aos problemas de contaminación acústica”. Desde o PP lembran que “os problemas non se resolven sós: requiren traballo serio, planificación, rigor e implicación de todos os axentes implicados. E iso é precisamente o que pretendemos con esta proposta”. “A creación deste Consello encaixa na liña de traballo que o Grupo leva defendendo dende hai anos con iniciativas para garantir o descanso, mellorar a convivencia e actuar con determinación alí onde outros miran para outro lado”, conclúen.



O BNG esixe a reparación das novas infraestruturas de saúde na Residencia

A deputada do BNG no Parlamento de Galiza, Montse Valcárcel, e o concelleiro do BNG na cidade de Lugo, Alexandre Penas, visitaron o novo Centro de Saúde da Residencia, onde puideron ver “os distintos defectos de obra que se comezan a ver pouco máis dun ano despois da apertura das instalacións”, afirmou Valcárcel. A deputada do BNG afirmou que “a Xunta sempre segue o mesmo proceso, planifican mal as obras e pouco tempo despois a veciñanza ten que ver como os edificios que se venderon como punteiros acaban rompendo pouco a pouco”. Alexandre Penas, concelleiro do BNG de Lugo afirmou que “mentres desde o BNG no goberno de Lugo traballamos para mellorar a cidade, tamén no eido estético, a Xunta

demostra que non lle preocupa a cidade de Lugo, permitindo este tipo de solucións que empeoran a imaxe da cidade”. O concelleiro do BNG reclamou á Xunta que mellore a planificación das obras “garantindo a durabilidade dos traballos feitos, sen repetir esta imaxe de abandono ao pouco de abrir un edificio novo”. Pola súa banda, o delegado Javier Arias afirma que o tramo de muro illado que quedou no barrio da Residencia, ao carón da central de biomasa, está en condicións de ser derribado. A Xunta está xestionando a súa eliminación coa empresa enerxética que utilizaba esas conexións de distribución, que se encargará de suprimilo unha vez que comprobe que a operación non afecta ao sistema de subministro.

Xunta e Concello impulsan cun convenio a vivenda pública

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, asinou a permuta de parcelas entre o Concello de Lugo e a Xunta de Galicia, coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Allegue, que “permitirá avanzar na construción de vivenda pública e reverter unha situación de parálise nos últimos 15 anos, ao tempo que garantimos a distribución de VPO por toda a trama urbana, evitando a concentración nos mesmos barrios”. Para iso, o Concello cedeu ao Goberno autonómico seis parcelas en distintos barrios da cidade, como son Paradaí de Arriba, A Piringalla e Montirón, e a cambio recibe dúas parcelas do Castiñeiro, que segundo explico o propio alcalde “serán destinadas a usos sociais e en beneficio dos e das lucenses con proxectos nos que xa estamos a traballar”. Sobre o avance que se produce coa permuta destas parcelas en materia de vivenda protexida, Miguel Fernández destacou que “é froito da colaboración entre administracións, algo que como estamos a ver é crucial para acadar proxectos estratéxicos para a nosa cidade”, polo que lembrou que “xa dixen en varias ocasións e recentemente comuniquéi tamén por carta ao presidente da Xunta a necesidade de reunirnos, de colaborar e traballar



conxuntamente para progresar en temas e demandas esenciais para Lugo”. O alcalde, que estivo acompañado do concelleiro de Urbanismo, Jorge Bustos, do director xeral desta área e de técnicos municipais, insistiu en que “esta colaboración vai permitir que a Xunta reverte o grave déficit de vivenda pública que sufrimos na nosa cidade, tras 15 anos de parálise, e que responda á demanda entre os sectores con menos capacidade económica, como a mocidade”. Fixo fincapé nesta necesidade ao lembrar que “o feito de que haxa máis de 2.000 persoas inscritas como demandantes de vivenda protexida é unha sinal evidente das necesidades de Lugo, polo que non chega soamente con anuncios senón que é crucial aportar solucións inmediatas con medidas complementarias para

que esta lista de demandantes de vivenda pública descenda”. Por último, o rexedor municipal insistiu en que “desde o Concello de Lugo imos seguir coa man tendida para avanzar neste e noutros proxectos, pero pedimos á Xunta que non perda de vista as posibilidades que ten Lugo e os plans aos que se pode acoller, para non perder máis oportunidades e en especial en materia de vivenda pública”. Desde o departamento de Urbanismo se está a axilizar a concesión de licencias, a axilizar os trámites administrativos para favorecer a construción de novas promocións de pisos e a execución de obras en Lugo, tanto novas como reformas; por iso, tamén reclamou á Xunta de Galicia avanzar nas rehabilitacións comprometidas para outras zonas, como nas do barrio da Tinería.

Presentan o estudo de mobilidade da contorna da rúa San Roque

O Concello de Lugo e a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo conclúen un estudo técnico centrado na mobilidade da contorna da rúa San Roque. A análise, que abordou tanto o fluxo de tráfico rodado como o tránsito peonil, tiña como obxectivo detectar necesidades e identificar melloras que favorezan unha circulación máis segura, ordenada e eficiente nesta área da cidade. O motivo desta análise é que San Roque é unha das zonas con maior intensidade de tránsito da cidade, polo que contar con datos obxectivos resulta esencial para deseñar actuacións baseadas no rigor técnico. Así, o traballo baséase nun modelo de microsimulación elaborado a partir do Traballo de Fin de Grao de Samuel Arias, un proxecto que, segundo explicou o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, foi “un éxito” e marcou “un camiño moi importante para Lugo e tamén para a universidade”. Entre as propostas que se derivan



do estudo figuran posibles modificacións na configuración viaria, optimización da sinalización ou medidas para favorecer a mobilidade peonil. Ademais, a proposta foi desenvolvida coa participación directa do enxeñeiro e profesor da USC Alberte Castro, quen destacou que os modelos de microsimulación “xa se veñen utilizando dende hai tempo na cidade” e que a intención é manter esta liña de colaboración de cara ao futuro. Castro salientou que o máis relevante deste proceso é que “Lugo dispoña de ferramentas propias”, pois o

Concello xa conta cunha licenza que lle permite implementar estes modelos. Subliñou ademais que a Universidade de Santiago de Compostela seguirá prestando apoio técnico no desenvolvemento, na posta en marcha e na análise dos resultados destas simulacións. O docente valorou moi positivamente que unha cidade poida acceder a este tipo de recursos antes de acometer reformas de calado no espazo urbano, xa que iso permite prever os efectos que calquera intervención pode ter sobre outras zonas.

Unha pasarela unirá os parques Rosalía de Castro e Marcos Cela

Veñen de presentar o proxecto da Tenencia de Alcaldía co que queren unir o Parque Rosalía de Castro co Parque Marcos Cela a través dunha pasarela peonil. Rubén Arroxo afirmou que “é un proxecto interesante e con grande potencial para avanzar cara a unha cidade máis camiñable, creando un novo espazo peonil entre dúas zonas moi importantes da cidade” e lembrou que esta proposta foi aprobada en pleno no ano 2018 a iniciativa do Grupo Municipal do BNG, unha iniciativa que contou con 24 votos a favor e 1 voto en contra.

Así, esta proposta consistía en poder unir, facendo un paso peonil, a explanada das costas do parque co entorno do parque Marcos Cela. “Estas costas do parque estaban conectadas directamente co río a través de camiños tradicionais que, cando se fixo a ronda República Arxentina, se perderon, e con esta pasarela se recuperaría ese concepto de unir o Parque co Río de xeito peonil”, explicou Arroxo.



Así, explicou que se está a elaborar un estudo de viabilidade para atopar a mellor alternativa, que “suporía a construción dunha pasarela que comezará preto do aparcadoiro de autocaravanas do Parque de Rosalía e desembocaría ao comezo do Parque Marcos Cela.

A Tenencia de Alcaldía planifica poder comezar a elaborar o proxecto a finais do verán, co obxectivo de que esta intervención se materialice no

ano 2026. Esta alternativa permitiría salvar o espazo que crea a ronda República Arxentina. “Se estás na outra beirarrúa, non tes forma de cruzar máis que no cruzamento da rúa Santiago ou no cruce con Pintor Corredera”, declarou Arroxo, que engadiu que “buscamos crear unha zona que podería servir non só para unir os parques, senón tamén para os residentes deste entorno, salvando a barreira que hai entre as dúas zonas”.

Arranca a obra de restauración da contorna do río Rato

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, anunciou que a institución destinará máis de 175.000 euros á restauración da contorna do Río Rato. Explicou que con motivo do “episodio meteorolóxico extremo” que viviu Lugo o 11 de abril, as crecidas dos ríos Rato e Fervedoira causaron importantes estragos neste espazo natural que forma parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño. “Este é un espazo público de lecer e deportivo cunha gran importancia ambiental, paisaxística, educativa e social para a veciñanza de Lugo; polo que estamos a actuar coa máxima dilixencia e solvencia posible”, valorou o mandatario provincial. Nese sentido sinalou que o primeiro que fixo a Deputación tras a borrasca foi encargar aos técnicos do servizo de Medio Ambiente a elaboración dun informe para calibrar os danos, valorar as actuacións máis urxentes e solicitar o permiso de obras á Confederación Hidrográfica.

Detallou Tomé Roca que os principais danos detectados polos expertos foron: o arrastre dos firmes granulares dos paseos; o arrastre das pontes e pasarelas de madeira, varandas e mobiliario urbano; as caídas de muretes de pedra e das escolleras que protexen as marxes do impacto da auga; e a acumulación de terra, pedras e vexetación no mobiliario urbano próximo ao leito dos ríos. E que tendo en conta a elevada

afluencia de usuarias e usuarios e os riscos que a situación actual pode supoñer para a seguridade das persoas, “consideramos prioritario actuar con urxencia”.

Explicou que as actuacións consistirán en recuperar os firmes estruturais danados nos camiños; retirar os restos acumulados na ponte de Cestería e nas pontes de madeira arrastradas pola corrente; repoiñer as cinco pasarelas de madeira ao longo do percorrido e tamén a senda pivotada que conecta o Paseo do Rato coa área verde da Tolda de Castela; e a reconstrución das escolleras empregando técnicas de bioenxeñería.

O orzamento previsto para esta actuación será de 175.286,07 euros, con cargo ao fondo de continxencia que ten a Deputación para este tipo de emerxencias no Orzamento provincial. O prazo de execución será de 3 meses desde o inicio das obras e está previsto que mañá, venres, queden aprobadas as actuacións en Xunta de Goberno, polo que poderán comezar a traballar nos vindeiros días e, “se todo avanza segundo o previsto, en setembro este espazo volverá a estar a disposición da veciñanza”.

Todos os camiños do Paseo do Río Rato próximos ao río foron afectados e a Deputación de Lugo deberá empregar 1.429 m3 de xabre e 205m3 de cachote para restaurar a súa estabilidade estrutural. Reporanse

ademais cinco pasarelas de madeira, varandas e valados danados pola corrente, un tramo de senda pivotada e un banco de madeira.

Concretamente, a riada levou consigo 44 metros de estruturas da valla de diferentes características, que deberán ser repostas para garantir a seguridade das persoas usuarias do paseo. E empregaranse técnicas de bioenxeñería sobre 87,5 m2 do paseo e 66 metros de escollera que permitan renaturalizar o paseo.



Comeza a recollida de sinaturas para reclamar o Gran Parque Central

O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado polo Responsábel Local, Antón Bao, presentaron a campaña de recollida de sinaturas que lanza o BNG para reclamar a construción do Gran Parque Central de Lugo no espazo da actual estación de Autobuses unha vez entre en funcionamento a nova intermodal. Arroxo afirmou que o BNG conta cunha proposta “seria e que ten o consenso da veciñanza”, e que permitirá avanzar “na transformación urbana da cidade creando un gran parque verde de máis de 27.000 metros cadrados, integrando os xardíns da Praza da Constitución e conectando coa Praza de Bretaña e o Vello Cárcere”. O BNG lanza esta proposta recollendo a idea que no pasado contou cun gran apoio por parte da veciñanza ante, dixo Antón Bao “a falta de proxecto do Partido Popular desde a Xunta de Galiza, cuxa mellor proposta foi levar á xente de Lugo a comprar a un centro comercial da Coruña e deixar este espazo intacto”.

Rubén Arroxo destacou que o Gran Parque Central suporá unha transformación importante para Lugo, creando un gran pulmón verde integrado no casco histórico e ao pé da Muralla. A proposta feita polo BNG inclúe a creación dun paso soterrado para vehículos que una a rúa Dinán e a avenida Anxo López Pérez “eliminando na práctica o tráfico rodado nesta zona”, explicou Arroxo.

O BNG propón tamén a creación dunha parada para as liñas de transporte interurbano que desexen parar nesta zona da cidade, mantendo o resto do espazo como o que definiu “o Parque Central de Lugo, unha nova praza verde integrada no casco histórico”.

A proposta defendida polo BNG reclama á Xunta de Galiza que elabore este proxecto “buscando consenso social e político”, e afirmou que “coa renovación do espazo da actual Estación de Autobuses, a Xunta ten que aproveitar a oportunidade de demostrar que quere investir en Lugo e mellorar a cidade”.

Particular vende BMW F850GS Rallye

- Só 4200km.
- Entrégase con pantalla Givi e a pantalla orixinal
- Equipada con baúl Givi de 52 litros, con espazo para 2 Cascos
- Paquete Confort
- Paquete Dinámico
- Paquete Activo

Interesados: **661 464 323**

13.000€

Solicitan a continuidade do centro de información europea no CEI-Nodus

O Executivo de Miguel Fernández aprobou na Xunta de Goberno Local a concorrencia do Concello de Lugo na convocatoria de propostas posta en marcha pola Comisión Europea, a través da súa Representación en España, para continuar acollendo o centro Europe Direct Lugo durante o período 2026-2030. Europe Direct Lugo atópase consolidado como o principal punto de información e conexión coa Unión Europea en Galicia, sendo o único centro oficial da rede Europe Direct na comunidade, designado pola Comisión Europea. Un servizo pioneiro posto en marcha polo Concello de Lugo no ano 2009 que ofrece información á cidadanía sobre cuestións comunitarias e que,

ao longo deste período, xogou un papel fundamental na divulgación e posta en valor da importancia o financiamento europeo no ámbito local e rexional. Con sede no CEI-Nodus, Europe Direct Lugo ofrece un servizo de proximidade que permite á veciñanza acceder a información veraz e actualizada sobre programas da UE como Erasmus+, convocatorias de financiamento, mobilidade, bolsas, concursos ou iniciativas cidadás, entre outros moitos temas. A súa actividade serve tamén para visibilizar o impacto real e transformador da política europea na vida cotiá da cidadanía, e como esta contribúe ao desenvolvemento do territorio.

Impulsan unha rede de axudas de igualdade e atención psicolóxica

O Concello de Lugo aprobará esta semana tres medidas que suman un investimento total de 722.600 euros: unha nova convocatoria de subvencións do Servizo de Igualdade, a prórroga do servizo de apoio psicolóxico a menores vítimas de violencia de xénero e a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio 2025. “Lugo é hoxe unha cidade viva grazas ao traballo das súas asociacións. Desde o Goberno local temos claro que sen elas non sería posible construír unha cidade participativa, creativa e integradora. Por iso seguimos reforzando esa alianza cun compromiso firme, planificado e estable no tempo”, sinalou o alcalde, Miguel Fernández.

Desta maneira, o Concello aprobará unha nova convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, dirixida a entidades sen

ánimo de lucro con sede en Lugo que traballen na defensa da igualdade, na promoción da diversidade afectivo-sexual e na loita contra as violencias machistas. A convocatoria estruturase en dúas liñas específicas: unha orientada ás asociacións que desenvolven proxectos con mulleres, e outra dirixida a entidades que actúan no ámbito LGTBIQ+. Esta diferenciación permite adaptar os apoios públicos ás necesidades e realidades de cada colectivo. A contía total ascende a 25.000 euros, e o procedemento será íntegramente telemático. Por outra banda, o Goberno local tamén renovará por un ano o contrato do servizo municipal de atención psicolóxica a menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, co obxectivo de garantir a continuidade dunha intervención especializada que ten demostrado a súa eficacia e necesidade. O programa

ofrece atención individualizada e adaptada ao calendario escolar, cun enfoque que prioriza a seguridade emocional, a recuperación e o benestar dos menores en situación de especial vulnerabilidade. Desenvolverase entre o 7 de xullo de 2025 e o 6 de xullo de 2026, cun orzamento de 12.500 euros financiado con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Finalmente, a terceira das medidas previstas é a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio 2025, que contempla un investimento global de 685.100 euros, distribuídos entre 259.100 euros en subvencións nominativas a proxectos específicos desenvolvidos por entidades con traxectoria recoñecida e 426.000 euros en subvencións por concorrencia, tanto competitiva como non competitiva, que se convocarán publicamente ao longo dos próximos meses.

COMERCIO



O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participou na Mesa provincial de comercio local de Lugo, onde destacou a relevancia destes encontros como espazos de debate público-privado para consensuar accións adaptadas ás necesidades reais do sector, sempre en colaboración cos diferentes axentes implicados.



Recoñecemento ao labor do persoal de limpeza

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, recoñeceu o labor do persoal do servizo municipal de limpeza, LuceLugo; e o servizo de Parques e Xardíns, durante un acto de homenaxe pola súa contribución decisiva a que a cidade se consolidase como un referente nacional e internacional no ámbito da limpeza, a sostibilidade, a reciclaxe e o ornato público. O acto tivo lugar no edificio Impulso Verde, onde se izou a Bandeira Verde outorgada pola Xunta, que distingue a Lugo como a única cidade galega de máis de 100.000 habitantes en contar con este recoñecemento. “Estes galardóns son o premio ao esforzo diario dun equipo implicado que fixo de Lugo unha cidade máis limpa, verde e acollidora. Síntome profundamente orgulloso como alcalde e como quen traballou man a man con estes profesionais durante anos na área de Transición Ecoló-

xica”, sinalou Fernández, quen remarcou que “esta cidade está chea de exemplos de compromiso coa reciclaxe, a recuperación de espazos naturais ou o coidado dos barrios”. Durante a súa intervención, o rexedor repasou os principais recoñecementos ambientais acadados pola cidade nos últimos anos. Lugo foi distinguida con dúas Pajaritas Azules, unha máis que en 2024, no programa que promove a Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón (Aspapel) para premiar a excelencia na recollida selectiva de papel e cartón. Tamén no ámbito da sostibilidade, Lugo recibiu no pasado ano a Bandeira Verde de Galicia, así como a Escoba de Platino, a máxima distinción que outorga a Asociación Técnica para a Xestión de Residuos, Aseo Urbano e Medio Ambiente (Ategrus) a nivel estatal e iberoamericano.

Licitan 22 postos na Praza de Abastos e no Mercado Municipal

Apróbase o procedemento de licitación para 22 postos na Praza de Abastos e no Mercado Municipal, que permitirá ocupar 15 postos na Praza de Abastos para distintas actividades, e 7 postos no Mercado Municipal destinados a actividades de hostalería e restauración. Estas instalacións contan con 81 postos na Praza de Abastos e 32 no Mercado Municipal. Todas as concesións terán unha duración de 25 anos. Os criterios de adxudicación valorarán a capacidade de creación de emprego da proposta empresarial, ademais da actividade a desenvolver e do proxecto de negocio, xunto cos servizos de Atención ao Cliente, valorando se a nova actividade contará con servizo de entrega a domicilio, venta en liña ou pago con tarxeta. Na praza de Abastos, saíran a licitación os postos 12 (Conxelados), 22 (Panadería), 23 (Carnicería), 28 (Delicatessen), 32 (Carnicería), 35 (Herbolario), 37 (Charcutería), 38 (Café Bar), 39 (Alimentación), 43 (Viñatería), 44 (Froitaría), 45 (Droguería), 47 (Galletería), 48 (Carnicería) e 49 (Alimentación), que contan entre 11,3 e 17 metros cadrados. No Mercado de Quiroga Ballesteros saíran os postos 10, 13-14, 18, 19, 21, 23 e 25, adicados a actividades do sector da hostalería e da restauración, con tamaños entre os 9,04 e os 19 metros cadrados.



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Reabriu na praza Maior o posto de información turística municipal

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou a apertura do posto de atención turística da praza Maior. Maite Ferreiro destacou a importancia deste punto, “que nos permite aumentar ano tras ano a cantidade de visitantes que reciben información turística á súa chegada a Lugo para mellorar a súa estancia na cidade”.

Ferreiro destacou que este posto se coloca cada ano “nas semanas previas ao comezo do verán” e que realiza tamén unha importante función como “difusor da intensa actividade cultural que se organiza en Lugo durante os meses de xullo e agosto”.

Cada ano, o punto de información turística atendeu en a preto de 50.000 persoas. Entre os visitantes que se achegaron ás distintas instalacións turísticas, destacaron os procedentes do resto de Galiza, ademais das principais zonas do estado como Madrid e Cataluña, seguidos de Valencia, País Vasco e Andalucía. Francia, Portugal, Reino Unido e Alemaña son os países con máis turistas estranxeiros rexistrados nas estatísti-



cas municipais, onde hai rexistros de turistas de distintos países de todo o mundo.

RECOÑECIMENTO TURÍSTICO. O Concello de Lugo vén de recibir o informe favorable de diagnóstico que o acredita como Destino Turístico Intelixente Adherido. Este recoñecemento chega tras a avaliación realizada pola Sociedade Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas (SEGITTUR), dependente da Secretaría de Estado de Turismo.

O diagnóstico, baseado na análise

de 261 indicadores e 97 requisitos vinculados aos eixes de gobernanza, innovación, tecnoloxía, sostibilidade e accesibilidade, proporciona ao Concello unha folla de ruta clara para avanzar na implantación do modelo DTI.

Lugo únese así a un selecto grupo de destinos turísticos que apostan por unha xestión moderna, transversal e baseada na mellora continua. A visita técnica realizada pola delegación de SEGITTUR permitiu coñecer in situ os principais recursos turísticos do municipio e avaliar aspectos como a accesibilidade, a dixitalización e a sustentabilidade do destino.

O PP leva á Valedora do Pobo o acontecido no pregón da Milagrosa

As concelleiras do Grupo Popular no Concello de Lugo, Mar Carballas e Flor Rubinos, presentaron á Valedora do Pobo unha petición de amparo, en relación aos feitos ocorridos o pasado 23 de maio durante o pregón da Feira de produtos do campo e artesanía da Milagrosa, cando lles foi denegado “co argumento de que eran cargos do Partido Popular” o acceso a un espazo público onde tiña lugar o pregón.

Esta actividade estaba organizada pola Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais do Distrito da Milagrosa, que contou coa colaboración da Deputación de Lugo, o Concello de Lugo, a Vicepresidencia de Cultura da Deputación e a Federación de Comercio, tal e como se acredita na copia do cartel feito para a presentación do evento.

Dende o Grupo Popular consideramos que estamos diante “dun caso claro de discriminación por razón de ideoloxía salientando

que “este tipo de actuacións atentan contra os principios básicos dunha democracia plural”.

No escrito entregado, ambas concelleiras denuncian unha vulneración do dereito fundamental de participación nos asuntos públicos, recollido no artigo 23 da Constitución Española, así como un incumprimento do Decreto 226/2022 da Xunta de Galicia, que regula os espectáculos públicos e establece a obriga de garantir a igualdade de acceso e trato (especialmente nos artigos 13, 14 e 17).

Ademais, na petición de amparo inclúen referencias ao artigo 510 do Código Penal, que sanciona as condutas que inciten ao odio ou á discriminación por motivos ideolóxicos, como podería interpretarse neste caso.

Os populares conclúen que “a liberdade e o respecto polos representantes públicos son principios básicos de calquera sociedade democrática, tamén en Lugo”.

Auxilia Lugo renova a súa Xunta Directiva nunha Asemblea ordinaria

Auxilia Lugo celebrou a súa Asemblea Ordinaria e Extraordinaria no Centro Maruja Mallo, unha cita clave para a entidade na que se repasaron os traballos e proxectos desenvolvidos durante o último ano e se levou a cabo a renovación da súa Xunta Directiva.

A xornada comezou coa benvida institucional da delegada, Nuria Neira, quen deu a benvida aos socios presentes e abriu a sesión informativa. Durante esta primeira parte, expúxose o balance das actividades realizadas tanto polo Consello Directivo como polos equipos profesionais da traballadora social e da psicóloga da entidade, destacando o compromiso coas persoas usuarias e os avances acadados en diversas áreas de intervención.

Unha vez rematada esta intervención, procedeuse ao proceso de votación para a renovación da Xunta Directiva. Cunha única candidatura presentada, reelixiuse a mesma, quedando constituída por Nuria Nei-



ra Vila como delegada, Diego Moldes Soto no cargo de tesorero, Marta Martínez Montes como secretaria e Aquilino González Álvarez como vogal de accesibilidade. Tras a proclamación oficial, o Consello Directivo informou aos asistentes sobre os proxectos que se desenvolverán ao longo deste ano, abrindo logo unha quenda de rogos e preguntas na que os socios puideron expresar as súas dúbidas, suxestións e inquerencias, todas elas recollidas pola dirección para a súa valoración.

EN BREVE



HORTOS URBANOS. Preto de 100 veciños e veciñas recibiron os diplomas pola súa participación nas formacións gratuítas dos hortos urbanos da Deputación de Lugo nun acto celebrado na contorna do río Rato. Tomé Roca lembrou que a Deputación pon á disposición da cidadanía, de xeito gratuito, estes hortos no Paseo do Río Rato e que as persoas usuarias destes espazos teñen formacións internas permanentes destinadas a mellorar os cultivos.



SAÚDE MENTAL. Concello, Saúde Mental Feafes e Fundación Mapfre reafirmaron o seu compromiso coa integración laboral das persoas con problemas de saúde mental. O evento, que serviu para pechar o período de prácticas en empresas, puxo en valor o programa Juntos Somos Capaces, que leva máis de doce anos facilitando o acceso ao emprego a este colectivo.

O PP propón crear un rexistro de persoas electrodependentes

O Grupo Municipal do Partido Popular presentou unha proposta para que o Concello de Lugo cree un rexistro municipal voluntario e confidencial de persoas electrodependentes, co obxectivo de garantir atención prioritaria en situacións de risco como cortes de luz ou fenómenos meteorolóxicos adversos.

Estas persoas, que dependen de dispositivos como respiradores, concentradores de osíxeno ou equipos de diálise domiciliaria, atópanse en risco vital ante calquera interrupción no subministro eléctrico.

Por iso, “desde o PP propoñemos tamén a elaboración dun protocolo de actuación municipal que integre servizos sociais, Protección Civil, emerxencias e compañías subministradoras, para actuar de forma coordinada e eficaz en caso de emerxencia”, sosteñen.

A iniciativa complétase cunha proposta para desenvolver unha campaña de información e sensibilización, en colaboración con centros de saúde, entidades sociais e asociacións de pacientes, que facilite a inscrición no rexistro e chegue ás persoas que máis o necesitan.

EN BREVE

XADREZ. A Asociación Cultural Xaquedrum e a Escola Luguesa de Xadrez organiza o oitavo Campamento de Xadrez de Verán. Desenvolverase no CEIP Illa Verde desde o 23 de xuño ata o 1 de agosto, en horario de 09.00 a 14.00 horas, con opción de ampliación dende as 08.00 e ata as 15.00 horas. Levaranse a cabo diversas actividades relacionadas co xadrez e tamén actividades de lecer, manualidades, contacontos, xogos deportivos... Cada proposta estará adaptada á idade de cada grupo. O custo do campamento será de 65 euros, con descontos dispoñibles para quen participase noutros campamentos deste verán, para segundos irmáns, para alumnado do Illa Verde, do Rosalía de Castro ou membros da Escola Luguesa de Xadrez.

L DE LUGO. A quinta edición da feira L de Lugo terá lugar no Pazo de Feiras os días 26 e 27 de outubro, e de novo reunirá ás principais empresas de distribución relacionadas co sector e ofrecerá degustacións e distintas actividades arredor da gastronomía.

DESAFÍO LÓSTREGO. O Motoclub Lóstregos-Lvcvs prepara unha nova aventura sobre dúas rodas para o sábado 21 de xuño, coa celebración da sétima edición do Desafío Lóstrego, unha ruta mototurística pensada para descubrir a fondo os segredos mellor gardados da Mariña Lucense. A ruta, de 320 quilómetros e apta para todo tipo de motos a partir de 125 cc, desenvolverase principalmente por estradas asfaltadas en bo estado. A saída e a chegada terán lugar, como vén sendo tradición, na cidade de Lugo. Como broche final, xusto antes da volta a Lugo, os participantes poderán lanzarse pola tirolina máis longa de Galicia, unha experiencia única que promete emocións fortes para poñer fin á xornada. O día comezará ás 08:00 horas na Cafetería As Gándaras, onde se servirá o almorzo e se ofrecerá o briefing inicial. A saída será escalonada por grupos e a comida terá lugar no restaurante A Canela, en Morás. A xornada culminará arredor das 21:00 horas, de novo en A Gándaras, cunha cea de confraternidade na que se entregarán premios especiais á moto chegada dende máis lonxe, á de menor cilindrada e outras sorpresas.

FESTAS DA MILAGROSA. Os membros da comisión organizadora das festas do barrio da Milagrosa avanza a data na que se celebrarán os festexos este ano, do 5 ao 7 de setembro. Nunha reunión co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias lembrou o importante apoio prestado xa o ano pasado pola Administración autonómica para a contratación de actuacións musicais no marco das festas deste barrio lucense, unha colaboración que os organizadores consideraron fundamental.

A división veciñal cambia o panorama político local

A política local de Lugo vén de experimentar unha reconfiguración significativa a raíz das tensións dentro do movemento veciñal, que derivaron nunha escisión con implicacións directas no panorama electoral de cara ás municipais de 2027. A Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti, presidida por Jesús Vázquez, é unha entidade influente na vida cívica de Lugo, ata o punto de que en marzo anunciaron que superaran as 300 asociacións federadas.

Porén, en decembro, quen fora vicepresidente e voceiro da Federación Veciñal Lucus Augusti, Fernando Rois, presentou a súa renuncia aos cargos ao non sentirse identificado coa deriva do colectivo despois de varias tensións internas nos últimos anos publicamente visibles, e especialmente despois da celebración do Día do Veciño, onde se lle outorgou a distinción “V de Veciño” ao ministro de Transportes, Óscar Puente. Esta decisión xerou un profundo malestar entre diversas asociacións veciñais e sectores do Partido Popular local, que consideraron que Puente non contribuíra á cidade, especialmente en materia de infraestruturas. Fernando Rois, que tamén presidía a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave), expresou o seu desacordo coa decisión e, tras unha tensa reunión con Jesús Vázquez, presentou a súa dimisión. Rois argumentou que cría nun movemento veciñal diferente, polo que se creou unha nova plataforma veciñal: Lugo Rural Importa. Nun primeiro momento, Rois sostivo que



non a ía liderar. Porén, recentemente a propia Federación anunciou que Fernando Rois asumía a voceiría de Lugo Rural Importa. Así, esta agrupación preséntase, aparentemente, como unha alternativa ao modelo de Lucus Augusti, e co obxectivo de reforzar a representación veciñal en toda a provincia, con especial énfase no ámbito rural.

Ademais, a controversia volveu emerxer recentemente coa decisión de decenas de asociacións veciñais de Lugo, xunto co Motoclub Ciudad Norte Piringalla, de abandonar oficialmente a Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti. Entre estas entidades atópanse Nova Lúa, Garaballa O Ceao, Piringalla, Castiñeiro Abella Pontenova, Lugo Norte Ponte Romay As Gándaras, Aira Bella Ferramulín, María Rosalía Rita de Castro, Agra da Riba, Lamas de Prado – Castiñeiro, As Penas – Fervedoira, Barrio Paradai, entre outras. As asociacións asinantes atribúen esta decisión a un proceso de fondo marcado por discrepan-

cias internas que se precipitou tras os feitos acontecidos o pasado 24 de maio na Milagrosa, durante a Feira de Produtos do Campo e Artesanía. Segundo denuncian, nese acto público foi vetada a participación de dúas concelleiras do Partido Popular, algo que cualifican de “sen precedentes” e atribúen á dirección da Federación Lucus Augusti. Este veto é considerado polas entidades como contrario á esencia das asociacións veciñais, que deben ser espazos de diálogo, encontro e traballo común, afastados de calquera interese político ou actitude excluínte. Ademais, critican a falta de resposta institucional da Federación, que non emitiu condena pública nin abriu canles de diálogo ou exercicio de autocritica, actitude que cualifican de “cómplice” e “decepcionante”. Este novo episodio pon en evidencia a profunda fragmentación do movemento veciñal.

ELECCIÓN. A escisión do movemento veciñal ten claras repercus-

sións políticas e pode afectar aos futuros resultados electorais, tanto a nivel local como a nivel provincial, debido ao número de asociados que manexan ambas federacións. Así, parece que se intúen determinadas liñas ideolóxicas na directiva de ambas federacións.

Pola súa parte, a Federación Lucus Augusti, baixo a dirección de Jesús Vázquez, recoñeceu figuras socialistas que non acabaron de encaixar na filosofía da Federación, polo que se produciu a separación; mentres que Lugo Rural Importa, constituída en febreiro, incorporou na súa xunta directiva a Miguel Couto, asesor en materia urbanística da presidenta do PP e candidata á Alcaldía, Elena Candia. Ademais, na directiva figuran Cecilia Vázquez como presidenta; Antonio Abuín e Christian Fernández, que tamén forma parte do Partido Popular, como vicepresidentes; así como Fernando Mallo como secretario; e como vogais, Francisco Javier Burgo e Fernando Rois.

A fragmentación do movemento veciñal en Lugo reflicte unha crecente politización das asociacións de veciños, que pasaron de ser entidades centradas nas necesidades comunitarias a actores con influencia directa na política municipal. A creación de Lugo Rural Importa e a súa alifación co PP, fronte a unha Lucus Augusti próxima ao PSOE, anticipa unha campaña electoral en 2027 onde o respaldo destas plataformas podería ser determinante para o resultado nas urnas. Este escenario plantexa interrogantes sobre a independencia do movemento veciñal e o seu papel na política local. A instrumentalización destas asociacións por parte dos partidos políticos podería desvirtuar a súa esencia e afastalas da súa misión orixinal de representar e defender os intereses da veciñanza.

A Escola Politécnica organiza un campus tecnolóxico para rapaces

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC, en colaboración con Play Code Academy, volve apostar pola educación tecnolóxica para nenos e mozos coa organización do Campus Tecnolóxico de Verán 2025. Nesta ocasión, leva por título *Misión: Salvar a Terra*, unha experiencia educativa centrada na sustentabilidade e a innovación. Divididos en 2 quendas, do 23 ao 27 de xuño e do 30 de xuño ao 4 de xullo, en horario de 9:00 a 14:00, os participantes —de entre 6 e 16 anos— converteranse en novos heroes ambientais. A través de obradoiros prácticos e divertidos, descubrirán como a tecnoloxía pode ser unha aliada para protexer

o planeta. Aprenderán a programar drones para reforestar, construírán robots recicladores e deseñarán estacións meteorolóxicas intelixentes, todo mentres desenvolven competencias clave en programación, robótica e ciencia. Os asistentes traballarán con ferramentas innovadoras como robótica con LEGO, Arduino, Drones, Micro:Bit, Edison, CoSpaces ou deseño e impresión 3D.

Os prezos son de 109 euros para o persoal da Universidade e 129 para o resto de participantes, existindo un desconto para irmáns. As familias interesadas xa poden consultar toda a información e inscribirse a través da web oficial do campus.



Panadeiros maniféstanse por un convenio digno

Un grupo de panadeiros e panadeiras da provincia de Lugo saíron ás rúas da capital lucense para reclamar un convenio colectivo moderno, con garantías laborais e condicións xustas, nunha mobilización convocada conxuntamente polos tres principais sindicatos: UGT, CC.OO. e CIG. A mobilización partiu da praza do Rei e percorreu a rúa San Roque, cortando o tráfico nesta vía principal, ata

chegar á praza de Santo Domingo, diante da sede da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), onde se fixo lectura das principais reivindicacións do colectivo. Os traballadores denuncian que levan cinco meses coas negociacións do convenio colectivo paralizadas, e alertan de que a situación actual mantén os soldos por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional.

“A actividade cultural é fundamental e incluso catártica para a integración”

Falamos con Nicolás Ravelli Barreiro, vicepresidente da Asociación Rioplatenses, que vén de cumprir 18 anos de traballo en favor das persoas migrantes

Jessica Fernández

Como valoran estes 18 anos de recorrido?

En primeiro lugar, positivo, porque manter unha asociación durante 18 anos e, sobre todo, unha como a nosa, na que hai poucos ingresos e moitos regresos no sentido de que o noso orzamento vaise á atención psicolóxica a calquera persoa migrante que se achegue, así como á atención legal, porque hoxe en día con tantos casos de migración isto transfórmase nun pilar fundamental da nosa actividade, aínda que non sexa o obxectivo principal. Así, é unha necesidade imperiosa, porque hai moitos casos de migración. Pode haber un caso dunha migración planificada sen ser impulsada por unha necesidade económica ou unha cuestión social, senón por unha busca persoal, como foi o meu caso, pero hai un abano enorme de diferentes situacións. Despois, durante estes anos tamén estivemos fomentando a parte social e cultural que tamén é outro pilar fundamental; estando pendentes de xerar espazos para que a xente teña un sitio de pertenza e onde coidar a cultura do seu país de orixe; así como fomentar a integración, xa que non

queremos transformarnos nun gueto, senón nun foco de integración. Por iso, imos lanzar actividades dentro do proxecto ‘Dálle á lingua’ para fomentar o uso do galego por parte da poboación migrante nun entorno de cotidianidade, que sexa un galego aplicado ás necesidades do día a día. **Para toda esa actividade contan con axudas?**

Contamos con axudas das tres institucións, que aportan en aspectos diferentes, pero todos contribúen e agradecemosllo, xa que sen iso non poderíamos levar a cabo os nosos proxectos. O traballo sempre é deficitario porque a nosa actividade vai máis alá da subvención, pero sen iso sería inviable. Na directiva facemos temos un compromiso e un sentimento de aportar, pero hai cousas que hai que pagar.

Cales son entón as necesidades?

Necesitamos que todas estas axudas que imos tendo se incrementen, sobre todo os convenios coa Xunta, xa que sempre necesitamos máis. Polo que queremos seguir nesta liña de aumento de capital, porque, sobre todo, facemos ese traballo de contención psicolóxica cunha psicóloga, e tamén o asesoramento legal.



Ademais, tamén actuamos como articuladores para derivar á xente que chega e non sabe a quen dirixirse, e mandámoslos á oficina pública correspondente. En definitiva, é un traballo que conleva tempo e necesitamos máis diñeiro para levar a cabo esta actividade.

Por que é importante esa atención psicolóxica ao inmigrante?

É moi difícil sobrelevar o dó que supón abandonar o teu país, a túa xente, a túa cultura... incluso cando é unha decisión persoal na que buscas un crecemento vital, como foi o meu caso. Imaxínate se eu, que volvíñ a España por decisión propia e tiña a nacionalidade española desde os 6 anos, o pasei mal, como o pasa unha

persoa que se ve obrigada a migrar, a deixar todo atrás. E, sobre todo, cando as expectativas coas que a xente emigra, como mellores posibilidades de vida, vense limitadas ou non chegan da maneira en que a xente se esperaba, e atópanse nunha situación na que están nun país que non é propio, no que non teñen a posibilidade de volver ao seu país porque os aforros que tiñan os gastaron, e todo ese esforzo que fixeron non redundou en mellor calidade de vida. Iso é moi duro, polo que moita xente cae en depresión e nós sostemos esas persoas cunha atención psicolóxica que lles ofrecemos a cambio dun copago de 5 euros simbólica.

Atenden a todas as persoas migran-

tes?

Si, atendemos a todos os migrantes. O nome da asociación ten que ver cos membros fundadores, que eran argentinos e uruguaios, é algo nominativo, pero si que estamos abertos a recibir a calquera persoa migrante, incluso as que non son de Latinoamérica. Ademais, sempre que podemos publicamos ofertas laborais para axudar á xente.

Que máis actividades organizan?

Ademais da atención diaria, intentamos organizar actividades e promover o ámbito cultural da asociación, porque dentro desta inserción, a actividade cultural é fundamental e incluso catártica. Nós o que intentamos facer é, utilizando o propio local da asociación ou os espazos que nos cede a Área de Cultura do Concello de Lugo, xerar actividades de todo tipo, como proxeccións de cine, documentais, talleres, presentación de libros, concertos, baile, teatro... Todas as actividades que agora estamos programando conforme nos van xurdindo. Pero tamén estamos agora moi preto de lograr o que queremos, que é establecer un ciclo de actividades para que todos os meses haxa unha actividade. Ademais, cabe destacar que este ano tamén participamos xunto coa Asociación de Xóvenes Emigrantes Retornados en Galicia no certame ‘Cousas do Retorno’ xunto coa Rede Museística Provincial de Lugo. Para nós, isto é moi importante porque permite ofrecer uns espazos para que artistas migrantes poidan mostrar o seu traballo e integrarse, así como ofrecer á comunidade outras actividades para desfrutar no ámbito da cultura.

A Xunta distingue co selo de excelencia o grao en Veterinaria

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, destacou a calidade do grao en Veterinaria que imparte a Universidade de Santiago de Compostela no seu campus de Lugo, unha das tres titulacións que, por primeira vez, reciben o selo de excelencia da Xunta de Galicia, unha distinción que ata o de agora só se concedía a estudos de máster. Durante o acto de entrega deste recoñecemento ao reitor da USC, Antonio López, o conselleiro puxo en valor o arraigamento desta carreira na cidade de Lugo, a única en Galicia que a ofrece, e sinalou que arredor desta titulación se desenvolve unha intensa actividade investigadora e asistencial a través de centros como o Cebiovet e o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, “que converteron este grao nun referente en España e en Europa”. No mesmo acto, Rodríguez quixo salientar tamén o papel vertebrador



que desempeña a Facultade de Veterinaria dentro do Campus Terra, un campus de especialización cuxa acreditación será renovada por outros catro anos, segundo anunciou o propio conselleiro.

Así mesmo, explicou que, unha vez formalizada a renovación, iniciárase o proceso para actualizar o convenio entre a Consellería e a Universidade de Santiago co obxectivo de seguir apoiando a especialización do campus, mediante unha nova inxección

económica de máis de 4 millóns de euros. Esta cifra sumarase aos máis de 8,8 millóns que o Goberno galego leva destinado a este proxecto desde a súa posta en marcha no ano 2013. Rodríguez sinalou tamén que o informe do Comité Avaliador Externo avala o traballo realizado nos últimos anos polo Campus Terra, aínda que advertiu de que “aínda queda moito por facer, polo que imos garantir un financiamento axeitado para afrontar os novos retos”.

Sandra María Piñeiro Vilas foi elixida presidenta da Audiencia

O pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) nomeou hoxe á maxistrada Sandra María Piñeiro Vilas presidenta da Audiencia Provincial de Lugo. A actual titular do Xulgado de Instrución número 2 de Lugo asume a súa nova responsabilidade “con profundo sentido do deber e de compromiso institucional”. Entre os seus obxectivos destaca o conseguir “unha Xustiza máis transparente, máis comprensible e máis atenta”, así como o potenciar “o emprego da nosa lingua para garantir os dereitos da cidadanía”.

Piñeiro Vilas asegura que o seu “perfil feminista” implica “unha defensa activa da igualdade e dos dereitos humanos”, á vez que sinala que confía en que o seu nomeamento “sirva de inspiración para outras mulleres que aspiran

a espazos de liderado”. Ademais, indica que a súa “visión progresista” comporta “traballar por unha Xustiza máis igualitaria, con conciencia social, pero sempre dentro do marco do Dereito e da independencia que o cargo esixe”. Para iso, a recentemente designada presidenta da Audiencia Provincial de Lugo comprométese a “traballar con honestidade, criterio técnico e compromiso en favor dunha Xustiza moderna e ao servizo da cidadanía”.

Ingresou na carreira xudicial en 2005, sendo o seu primeiro destino o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Marín (Pontevedra). En 2012, ascendeu á categoría de maxistrada, ocupando o seu destino no Xulgado de Instrución número 2 de Lugo, onde exerce na actualidade.

“O PSOE é a columna vertebral da acción política na provincia”

José Tomé Roca, presidente da Deputación, que vén de ser reelixido secretario xeral do partido cunha ampla maioría fala dos retos de futuro

Acaba de ser renovado na presidencia do partido. Cales son os seus principais obxectivos?

Sempre que hai un congreso renóvase e, polo tanto, é como un mandato novo. Teño por diante outros catro anos. Presenteime a estas primarias con todas as ganas, toda a ilusión e toda a forza da que son capaz e o que quero, o meu obxectivo principal, é fortalecer o partido con este mandato, sobre todo as agrupacións máis pequenas e que teñen máis dificultades. Loxicamente, o obxectivo final é saír reforzados de cara ás próximas eleccións municipais, conservar as alcaldías que temos neste momento e conseguir algunha máis. Sinceramente, neste momento creo que hai razóns obxectivas que nos permiten pensar que iso pode ser posible. Por outra banda, evidentemente, tamén debemos idear o Goberno Provincial na Deputación para poder seguir xestionando os recursos que benefician á totalidade dos concellos con criterios obxectivos. Antes, cando gobernaba o Partido Popular, isto non se facía, e tampouco se fai hoxe na Xunta de Galicia. Nós repartimos os fondos con criterios obxectivos, que son coñecidos por todos e que son iguais para todos. A axuda da Deputación mantén vivos a moitos concellos. A través do Plan Único da Deputación saben que van ter un diñeiro que oscila entre case 200.000 euros para o concello máis pequeno, que é Negueira de Muíiz, con 225 habitantes, e os concellos máis grandes, como Lugo, Monforte ou Viveiro, que reciben ata 600.000 euros aproximadamente. Os demais están entre os 300.000 e 400.000 euros aproximadamente. Pero, sobre todo para os concellos pequenos, esas axudas supoñen moito. **Antes falábase moito de que a Depu-**

tación era “inoperante”. Este discurso xa se freou, supoño que porque a Deputación cobrou moita máis relevancia nos últimos anos.

Sen dúbida, porque cada vez prestamos máis servizos aos concellos. Hai moitos que, se non fora pola Deputación, non poderían funcionar, porque non son capaces de cobrar os seus propios impostos. Hai que facerlles informes para contratar case todo. Moitas veces damos apoio aos secretarios para celebrar plenos, á intervención para pechar as contas... Xa sei que iso

“O acordo co BNG funciona e dá estabilidade porque está baseado no respecto”

non se ve, pero a cantidade de apoio a través de cooperación cos concellos é inmensa. Polo tanto, a Deputación é básica e, se non queremos chamarlle Deputación, temos que chamarlle doutra maneira, pero ten que haber un ente que estea por riba dos concellos que lles preste apoio, polo menos mentres teñamos o nivel de concellos que temos. En Italia e Francia, por exemplo, agrupáronos. Aquí hai algún exemplo moi pequeno, como Oza-Cesures ou Cerdedo-Cotobade, pero non é o común. Mentres esta sexa a situación, con moitos concellos de moi pouca poboación, ten que haber unha entidade que faga certas funcións. Ademais, facemos moitas outras cousas, polo menos aquí en Lugo. Por exemplo, a cooperación que se fai desde esta institución, aquí

en Lugo, coa Universidade, tanto coa USC (Campus Terra) como coa UNED é tremenda. E a cooperación cos sectores primarios, exactamente igual. Temos convenios con todo o tecido empresarial, comercial, asociativo e produtivo. A Deputación é unha institución útil e ben valorada polos profesionais, dende o meu punto de vista. **Nestes seis anos, hai algún proxecto do que se sinta especialmente orgulloso?**

Si, hai varias cousas. Eu creo que, primeiro, cando cheguei á presidencia, esta casa atravesaba momentos institucionais difíciles. Conseguiamos normalizar todo iso. Hoxe, se a Deputación é nova, é polo que é capaz de facer ou non, por debates políticos, polos plenos... pero non porque non sexa un ente estable, ben organizado e que funcione. Iso parece un tema menor, pero non o é. Logo, sen dúbida ningunha, o tema da mobilidade na provincia. Estamos facendo os maiores investimentos que nunca se fixeron. Pódese criticar que haxa fochancas non sei onde, hainas e sempre as haberá. Na Xunta, no Estado, en todas partes. Pero o maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos. Este ano é o récord, con 27 millóns de euros entre conservación e obra nova. Destínase preto dun terzo do orzamento a iso. A cooperación que estamos tendo agora mesmo coa USC, tampouco nunca se dera. Unha das cousas que xa estaba feita, pero sen poñer en marcha, era a Granxa de Leite, onde fan prácticas os alumnos de Veterinaria e de Enxeñería Agrónoma, nun laboratorio vivo, nunha granxa viva. Agora tamén temos en marcha outra cousa, da que estou especialmente satisfeito: unha granxa de porco celta, para a recuperación da



raza autóctona galega, que ten moitísima demanda e non tanta oferta. Así, axudamos tanto a Asoprocel como á USC. De feito, unha das razóns polas que o Campus Terra obtivo a aprobación na inspección da Unión Europea foi precisamente pola Granxa de Leite e a de Porco Celta. Despois hai tamén outro proxecto moi relacionado co ecoturismo que é o Parque Central de Galicia. Temos o centro xeográfico de Galicia, segundo o Instituto Xeográfico Nacional, no Concello de Antas de Ulla, en Nogallás. Neste momento o parque ten xa 4 hectáreas de extensión. Vai haber edificios para actividades formativas de todo tipo, incluso para que xoguen os nenos. Tamén haberá un monólito coas coordenadas para que a xente poida facerse fotos. Por certo, nesas parcelas había eucaliptos, que quitamos, fixemos unha selección dos mellores carballos que había. Pero como todo, cando fas unha obra nova, o día que a acabas non é cando máis bonita está. É ao cabo dun par de anos, cando medran as árbores, o céspede... creo que vai ser un atractivo turístico para a nosa provincia.

E sobre turismo?

A isto hai que sumar os catamaráns, as rutas que temos, os consorcios de turismo da Mariña e a Ribeira Sacra, o tema das rutas do románico... temos moitas actividades en marcha. O programa “Coñece a túa provincia”, por exemplo, que antes non se facía, ten unha enorme demanda. Todas estas cousas creo que son moi importantes. E logo, o tema das residencias é fundamental para nós, no que respecta ao benestar social. Cando cheguei á Deputación, é certo que había algunhas en construción, pero había tres en marcha, creo lembrar. Hoxe hai nove en funcionamento, outras catro en

construción, que son Becerreá, Guitiriz, A Pontenova e A Pobra do Brollón, e hai outras cinco en trámite para saír adiante. Son cuestións coas que, evidentemente, temos un compromiso firme. Tamén, por suposto, traballamos nos sectores primarios. Estamos coa raza rubia galega, conservamos a cachena, temos o tema do cabalo galego, seguimos tamén coa granxa de recría de xovencas... En fin, eu creo que o traballo que está facendo a Deputación é diverso, útil e, sobre todo, moi centrado no tecido produtivo.

Falaba da estabilidade que se conseguiu na Deputación. Supoño que este “matrimonio” tranquilo e sereno co BNG é parte diso?

Sen dúbida. Eu creo que está baseado no respecto. A min gústame que, se se chega a un acordo, ese acordo sexa respectado e cumprido. Temos un acordo de goberno onde cada quen ten as súas responsabilidades, e ti non te metes nas dos demais, e os demais tampouco se meten nas túas. Evidentemente, iso axuda moito, e é un tema que eu quero levar estritamente. Temos isto pactado e hai que cumprilo. Creo que o mandato anterior funcionou de marabilla, foi un exemplo para todo o mundo de como pode funcionar un goberno de coalición. E neste momento segue igual. Levamos seis anos así, como ti dis, é un “matrimonio doce”, e penso que imos rematar así o mandato. Logo, Deus dirá. Agardamos seguir gobernando a Deputación Provincial de Lugo e xa veremos a que acordos chegamos.

Nos últimos tempos, o PSOE sufriu moitos cambios. Besteiro a nivel galego, aquí en Lugo finou á alcaldesa, a elección de Miguel, as primarias...

Como se vive tanto movemento?
O PSOE é un partido histórico, con



máis de 140 anos de historia, e ten unha bagaxe tremendo ás costas. Somos un partido serio, rigoroso, de goberno, e somos a columna vertebral neste momento da acción política na provincia de Lugo, sen ningunha dúbida. Hoxe os concellos máis grandes da provincia, a excepción de Viveiro pola moción de censura, están gobernados polo PSOE, igual que a Deputación. Eu procuro seguir eses pasos. Levo xa certa experiencia en política, no Parlamento, no Concello, na Deputación e noutros ámbitos, e sempre tiveron a mesma forma de traballar: con rigor e seriedade. Podes caer máis simpático ou menos, pero o que ninguén pode dicir é que non traballas, que non intentas axudar e poñer solucións enriba da mesa. Sexan mellores ou peores, iso é o relevante para min. Nas últimas primarias, en números redondos tiveron o 60% de apoio dos militantes. Logo, no Congreso, chegou ao 83%. En fin, se houbera outras primarias, creo que serían distintas, pero foi o que foi. En todo caso, agradezo a todos os que votaron, tanto a uns como a outros, porque iso é democracia. Dicimos que non estamos preparados para as primarias, pero si que o estamos. Mira como votaron os afiliados e non pasa nada. E cando hai primarias nos Estados Unidos, alí son normais, e aquí non? Temos que ser capaces de competir un día e, ao día seguinte, unha vez que falamos os afiliados, cada quen ten as súas opcións.

Cales son os obxectivos a longo prazo? Ten pensado seguir medrando a nivel político?

Non. Teño todas as miñas aspiracións políticas cumpridas. Tiven a sorte de ser deputado, coñezo o parlamento galego. Ademais, vivino nas dúas etapas: unha de goberno, con Emilio Pérez Touriño, e outra de oposición, con Feijóo. Tamén tiveron ocasión de estar no Concello tanto na oposición como no goberno, e na Deputación, sempre gobernando. Para min, todas as

“O maior nivel de investimento que se fixo na provincia desde a Deputación foi nestes anos”

aspiracións están cumpridas. É certo que, como dixeron no Congreso, gustárame que un lucense como Besteiro fose presidente da Xunta. O obxectivo principal para nós son as eleccións municipais de 2027 e, por suposto, tamén a Deputación. Pero desde o traballo que fagamos aquí na provincia, queremos ser un punto de apoio e obter bos resultados en Galicia. Será necesario facelo en coalición, porque o voto da esquerda está fragmentado entre o BNG e o PSOE, non se prevén maiorías absolutas. O importante é sumar entre o PSOE e o Bloque para

volver gobernar Galicia. O bipartito de Touriño foi moi bo, na miña opinión. Tiveron pouco tempo para desenvolver o proxecto. Aínda hoxe, despois de 16 anos, criticábase desde a Xunta aquel bipartito, iso quere dicir que algo bo se fixo. Despois de tantos anos de goberno do PP, fai falta un cambio, un aire novo na política en Galicia. Todos os gobernos necesitan renovación. Incluso se o PSOE levase tantos anos gobernando, igual tamén lle viría ben algo de aire fresco. Creo que a Galicia lle fai falta esa transición.

Como se combina a presidencia da Deputación coa Alcaldía?

Ben, o importante é organizarse e ter un bo equipo, tanto no Concello como na Deputación, para poder delegar. No Concello, ningún alcalde antes ca min conseguiu tanta inversión para Monforte. Iso dícenmo os propios exalcaldes. Hai moito traballo detrás, con administracións da Xunta, do Estado, da Confederación. Algunha axuda tamén da Deputación, como ao resto dos concellos. Hai inversións en Monforte que levaron anos de negociación, como a supresión de pasos a nivel, que levou cinco anos de traballo. Ou a nova depuradora do Polígono Industrial, que dará servizo durante décadas, incluso se o polígono duplica o seu tamaño vai haber capacidade. Son proxectos que permiten que unha cidade medre e a súa economía mellore. Agora, nos tres ou catro últimos anos hai unha tendencia de crecemento que parece continuar, e iso é porque se están des-



envolvendo proxectos e inversións que xeran actividade económica e atraen a xente que se empadroa. Na Deputación tamén é visible o traballo que se fai, e teño que agradecer aos compañeiros e compañeiras que me axudan. Sempre poño un exemplo extravagante: se Jacques Chirac puido ser alcalde de París e primeiro ministro de Francia ao mesmo tempo, pois eu tamén podo.

Agora supoño que toca traballar para as eleccións

Si, máis ou menos en ano e medio temos que ter as listas, porque as eleccións son o 23 de maio de 2027. Nós temos unha gran vantaxe neste sentido, e é que temos equipos moi bos nos concellos. Gobernamos moitos deles, o 60% da poboación da provincia está en mans do PSOE. Nalgún concello pode haber dificultades, pero en xeral temos bo traballo feito. Nalgúns sitios haberá que reforzar algo, pero en xeral estamos ben.

Como se atopa a relación coa Xunta?

Ben, de feito, mellorou algo co cambio de Feijóo a Rueda. Non hai cor. Hai máis capacidade de escoitar, pero aínda así anuncian moito e fan pouco. Polo momento, as grandes débedas coa provincia de Lugo seguen sen saldarse. Din que van desbloquear a variante de Viveiro, pero iso o que quere dicir é que estaba bloqueada. Por outro lado, a Ronda Este tamén ía facerse antes das municipais, pero non tiñan proxecto nin expropiacións, nin nada. Era unha gran mentira. Dícían que había 6 millóns de euros, pero nada. De feito, nós lle demos a solución a Rueda para ese proxecto, porque se pode facer sen tocar o río Rato, sen tocar a ponte e sen tocar a Carballeira. É dicir, cun impacto mínimo comparado co que eles propoñían. Tamén está pendente a conexión coa A6 na Gándara, é vital. Tampouco cumpren cos museos, cando se pactou o Museo da Romaniza-

ción, pactouse un museo por provincia. Os outros tres están feitos. Todos menos o de Lugo. Por outro lado, a vía principal da provincia entre Lugo, Sarria e Monforte, que é a que ten máis poboación, segue sen desdobrase. Tamén está pendente o porto seco de Monforte, que foi Feijóo a inaugurar, pero aquilo ao final está inacabado, non dá servizo a empresas. É dicir, hai moitas débedas da Xunta con Lugo: servizos sociais, residencias... Levan máis de 15 anos sen facer unha residencia en Lugo. A de Amancio Ortega foi doada, non feita por eles. Son malos executores do orzamento, incluso co IGAPE, só gastan a metade do orzamento que teñen. O resto irá para amortizar débeda ou para o que sexa pero non para o tecido galego.

E co Goberno central?

Eu creo que, para a provincia de Lugo, é unha sorte ter este Goberno. España nunca estivera tan ben economicamente. Nunca houbo tanta afiliación á Seguridade Social, sobre todo de mulleres. Hai máis de 21 millóns de afiliados, por iso o PP nunca fala de se o PSOE é o partido do paro, porque ese é o seu. Foron eles os que precarizaron o traballo coas súas reformas. Este goberno está a recuperar o tempo perdido. Cando Ana Pastor foi ministra, por poñer un exemplo, rompeu o contrato da Intermodal de Lugo, eliminou máis de cen quilómetros de vía única entre Zamora e Ourense, deixou caducar as variantes de Canaval e Rubián... Cando chegou Pedro Sánchez, non había un só quilómetro de vía en obras. Agora hai case 600 millóns de euros investidos na provincia de Lugo. En canto ao tema da alta velocidade, vaise chegar de Lugo a Madrid no mesmo tempo que se tarda en chegar de Madrid a Vigo ou á Coruña, por moito que intenten negalo. Obviamente, as obras están sen rematar e van tardar polo menos un par de anos, pero vai chegar.

EN CLAVE PERSOAL

Idade: 66

Estado civil: Casado

Fillos: 2

Lugar de nacemento: Guitiriz, na aldea de Ombra, en Mariz.

Cando foi para Monforte?

Cando vin traballar. Fixen Agrícolas na Escola Politécnica, que daquela era a Escola de Peritos. Despois traballei na Escola de Especialización Agraria como profesor de tecnoloxía agraria.

Deixou o traballo pola política?

Non, primeiro fun á executiva galega da UGT Galicia como responsable de formación e emprego con Suso Mosquera e aí tiveron unha liberación sindical, como se adoita dicir. Aí estiveron cinco anos, do 98 ao 2003. Despois, en 2003, presentéime ás municipais por primeira vez e gobernamos en coalición co BNG. De 2005 a 2011 fun ao Parlamento de Galicia. Deixei voluntariamente, por un tema que había con Pachi Vázquez. Logo voltei ao meu posto de traballo ata 2015, cando gañamos as eleccións en Monforte. E ata hoxe.

Toca xubilarse da parte profesional?

Ben, estou en excedencia. Eu creo que non vou volver.

Que pensa facer cando se xubile?

De momento non o teño pensado porque aínda non sei cando me vou

xubilar, pero supoño que terei cousas que facer.

Que lle gusta facer cando non traballa?

Gústame moito todo o relacionado coa agricultura. Hortas, produción de plantas, apicultura... De feito, teño unha viña pequena, pero agora mesmo non teño tempo para coitala. Eu non son de estar sentado, necesito estar activo sempre.

Ser socialista nácese ou faise?

Eu creo que se fai. Claro que cada un nace cunha sensibilidade, pero ser socialista eu creo que é unha das mellores cousas desde o punto de vista ideolóxico que che pode pasar. Moita xente, igual que cando se fala de política, non temos clara a definición das cousas. Para min, ser socialista é ter unha sensibilidade social e axudar aos demais. Eu sempre digo que o mellor programa social que existiu e que nunca tivo ningún partido é a Biblia. Ao final, o que dicía Xesucristo era que quería repartir riqueza, axudar aos enfermos, aos pobres... E iso é un programa social. A outros gústalles acumular riquezas... eu creo que a riqueza debe estar repartida. Sempre vai haber alguén que destaque e algún que quede descolgado, pero o importante é que a gran maioría das persoas estean ben. Ese

é o obxectivo. A política é ocuparse das cousas públicas.

Cambiaría algo da súa vida?

Non, agora mesmo non cambiaría nada. Seguramente, se me poño a pensar e a analízalo finamente si cambiaría algunha cousa, pero en termos xerais estou moi satisfeito coa vida que tiveron e que teño.

Arrepíntese de algo?

Conscientemente non, porque nunca lle fixen dano a ninguén conscientemente. Inconscientemente, como todo o mundo, puiden equivocarme algunha vez e que alguén o pasase mal pola miña culpa. Pero conscientemente non teño a sensación de ter feito ese dano.

De que se sente máis orgulloso?

Dos meus fillos e dos meus netos, sen ningunha dúbida. Desde que son avó non me aburro. Teño pouco tempo para estar con eles, pero o que podo gústame desfrutalo con eles.

Algo que desexe?

Saúde. É o primeiro. Pero a nivel xeral, tamén me gustaría que houbera un mellor reparto da riqueza e que rematasen as matanzas e as guerras. Hai cousas que non se xustifican. O que ocorre en Gaza e Ucraína, e noutros moitos lugares dos que non se fala, ten que rematar xa.

AO NOSO CARÓN

A Deputación inviste en dúas vías do Corgo e Castro de Rei

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou investir máis de medio millón de euros na mellora de cinco estradas provinciais. A voceira Pilar García Porto explicou que as obras afectarán a diferentes vías ao seu paso polos concellos do Corgo, Taboada, Monterroso, Láncara, Castro de Rei e Cospeito. Entre Castro de Rei e Cospeito, a empresa Construcciones Carballeira SL será a encargada das obras de

mellora da estrada LU-P-1104, que é a que conecta os concellos de Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán. Os traballos afectan á totalidade da estrada -desde o punto quilométrico 0 ao 7,624- e consistirán na reapertura de cunetas, reparación de desperfectos no firme e repavimentación. O prazo para a execución destes traballos será de mes e medio desde que se inicien as obras.

Adxudicadas as obras na A-6 e N-6

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible adxudicou por 13,675 millóns de euros un contrato para a conservación e explotación de estradas do Estado na provincia. A duración é de 3 anos, con posibilidade de prórroga de 2 anos e outra adicional dun máximo de 9 meses. Nel, inclúense requisitos para promover a eficiencia enerxética e a redución de emisións e enmárcase no programa deste Ministerio para manter as condicións de circulación, vialidad e seguridade na Rede de

Estradas do Estado, asegurando que sexa accesible nas condicións adecuadas a todos os cidadáns. Recolle actuacións como a vixilancia e atención de accidentes, a vialidad invernal, o servizo de control de túneles e comunicacións ou o mantemento de instalacións. O contrato está destinado ao mantemento e conservación de 200,600 km de estradas do sector nº01, das cales 89,870 km son autovía. En concreto na A-6 desde o quilómetro 455 (O Cereixal) ao 540,46, no límite pro-

vincial coa Coruña. Este tramo atravesará os municipios de Becerreá, Baralla, O Corgo, Castroverde e Guitiriz. Tamén actuarán na LU-11 desde o km 0 na bifurcación coa A-6 (Nadela) ao 4,4, na Tolda de Castela. Na N-6 actuarase desde o quilómetro 462 (O Cereixal) ao 494,4 (Nadela) e desde o km 498,2 (A Tolda de Castela) ao 546,28, no límite coa Coruña. Finalmente, na N-640 traballarán desde o km 60,6, en Meira, ao 92,8, en Lugo. Através os municipios de Meira, Pol e Castro de Rei.

friol



O Partido Popular reivindica en Friol que Galicia “é o mellor lugar para formar unha familia”

O Partido Popular de Galicia reivindicase como “o partido das familias” e enxalza á Comunidade como “o mellor lugar para nacer, crecer e formar unha familia” grazas ás medidas de apoio “pioneiras” e “únicas en España” impulsadas por parte do Goberno de Alfonso Rueda. Coincidindo co Día da Familia, diversos representantes do partido desprazáronse ata Friol para poñer en valor que “Galicia ofrece máis apoio ás familias que calquera outra comunidade autónoma de España”. “A elección de Friol para conmemorar o Día das Familias non foi casual, xa

que, nun momento no que nos preguntamos se é posible vivir no rural e do rural, Friol decidiu dar un paso adiante para darlle a volta aos datos e están conseguindo”, explicou. A secretaria xeral do PPdeG destacou así que en 2024 naceron en Friol 29 novos veciños e veciñas e este ano xa van 11. Do mesmo xeito, o concello leva tres anos seguidos co padrón en aumento e mostra disto é que o actual Punto de Atención á Infancia (PAI) vaise converter nunha escola infantil onde poderán matricularse preto de 57 nenos, grazas a unha achega da Xunta de 190.000 euros.

Abren as piscinas o sábado 14

O sábado día 14 de xuño xa se poderá desfrutar das instalacións fluviais. Despois do éxito que tivo a decisión de ampliar o período de apertura das instalacións fluviais, o Equipo de Goberno decidiu adiantar de novo a apertura e mantelas abertas ata o domingo 14 de setembro. Os horarios de apertura para acceder á zona de baño será como en anos anteriores. De luns a venres

permanecerá aberta dende as 14:00 ata as 20:00 horas, sendo máis amplo este horario nas fins de semana e nos días festivos, que abren as instalacións ás 12:00 e pechan ás 21:00 horas. Poderanse adquirir entradas diarias de adultos ou menores, e tamén se poderán facer abonos por tempada completa tanto individuais como familiares, na entrada ao recinto, en horario de apertura.

Friol acollerá do 20 ao 22 de xuño as II Olimpíadas Rurais de Galicia

Friol acollerá do 20 ao 22 de xuño as II Olimpíadas Rurais de Galicia, que organiza a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Friol.

O acto de presentación tivo lugar na Praza Andón Cebreiro de Friol coa participación da conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, María José Gómez Rodríguez, que destacou esta iniciativa como “un bo exemplo de dinamización social, económica e cultural nas contornas rurais da nosa comunidade”, e salientando que se trata dunha idea importante para preservar as tradicións galegas e xerar actividades atractivas no rural. O alcalde de Friol, José Ángel Santos, volveu a destacar a Friol como a localización idónea para este evento, xa que, ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada. Asegurou que os visitantes seguro gozarán da gastronomía local e dos recursos turísticos, naturais e paisaxísticos de toda a comarca. Thor López Arias, presidente do colectivo deportivo Hércules, asociación sen ánimo de lucro que fomenta e organiza actividades relacionadas coa práctica deportiva e que se encarga novamente do desenvolvemento do campionato, explicou as novidades desta edición. As II Olimpíadas comezarán o venres 20 de xuño pola tarde coa gala inaugural, na que todos os 16 equipos participantes, formados por 20 persoas maiores de 16 anos, desfilarán polo pobo ata chegar á praza de An-



dón Cebreiro, onde estará situado o escenario para ir presentando a cada un dos equipos. Despois da gala inaugural celebráranse as primeiras probas da competición. Sábado e domingo pola mañá, ao toque de diana, celebrárase un almorzo conxunto no que os centos de participantes degustarán gratuitamente os mellores produtos da zona: queixo, pan, leite, embutidos, froita etc. Para repoñer forzas a mediodía, o sábado e o domingo celebrárase un xantar conxunto con todos os equipos na praza a cargo de Alejandro Méndez, de Arrocería Os Cachivaches de Lugo. En canto ás probas, mantéñense a maioría dos xogos tradicionais populares das primeiras Olimpíadas, como os zancos, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacabalo, a cucaña, as cintas, a corda, a carretilla, a cadeira da raíña, a corda ou os cántaros, con algunhas novidades, como a incorporación dos xogos da billarda e da chave. O 22 de xuño celébrase a xornada final, coa realización das últimas probas pola mañá e a gala final con entrega de premios, sorteos, agradecementos e despedida xa pola tarde.

Durante toda a fin de semana a música volverá xogar tamén un papel moi importante, enchendo a Friol dun ambiente festivo, con xogos, deporte e diferentes concertos, charangas, djs, animación, concursos, sorteos, etc. Na noite do venres 20 a praza Andón Cebreiro acollerá as actuacións de Louband, do grupo “Claxon” e “Dj Cosme”. Mentres que na noite do sábado 21 de xuño actuarán “Estopaos”, a banda tributo catalá por excelencia con versións do grupo Estopa, “Broken Peach” e “Señora Dj”. Para rematar coa programación musical, a sesión vermú do domingo estará amenizada pola “Batucada Cadabatu” e o grupo “Los Alcántara”. E na gala final actuará o grupo “La Indirigible”. O obxectivo destas II Olimpíadas Rurais de Galicia, ademais de competir na práctica deportiva e dos xogos tradicionais, que volverán poñer a proba a habilidade, forza e destreza dos participantes; será superar o éxito da primeira edición, gozando dunha experiencia distinta e divertida na que se encontrarán xentes de toda España, convertendo a Friol nun auténtico reclamo deportivo e turístico.

castro de rei

O Concello rehabilita os cruceiros de Casas Novas e Quintela

O Concello de Castro de Rei está a acometer a rehabilitación de dous cruceiros que se atopaban en mal estado, un na parroquia de Santa Lochaia e o outro en Orizón.

O primeiro deles é o cruceiro de Casas Novas, unha obra moderna, xa que data de 1913, de grandes dimensións, que foi feito por unha veciña da localidade. Este elemento patrimonial pasou a mans do Concello na década dos 90 e foron os veciños os que solicitaron a súa rehabilitación, xa que nunca se fixo nada sobre el. Os traballos consisten na consolidación e limpeza dos muros, as escaleira e da propia cruz.

Tamén se está a traballar no cruceiro de Quintela, en Santa Comba de Orizón, unha peza datada entre os sécu-



los XVIII e XIX, de pedra, moito máis sinxela que a anterior pero que é moi antiga. A intervención faise porque o terreo cedeu e quedou inclinada.

Para esta actuación destináronse

cartos do Plan Único da Deputación e tamén fondos municipais, que ascenden a un total de 12.000 euros, aos que hai que sumar o custe da redacción dos proxectos.



ABRAHAM CUPEIRO. O Castro de Viladonga foi escenario do nomeamento de Abraham Cupeiro como socio de honra da agrupación lucense de recreación histórica Vindicta. A iniciativa foi promovida polo propio colectivo. O director territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Manuel Antonio Fernández, sumouse ao acto, no que lle trasladou o recoñecemento da Xunta ao artista sarriao, multiinstrumentista e luthier que destaca entre as principais figuras do panorama musical galego.

portomarín

Comezan as obras de mellora da LU-P-4902

Comezan os traballos de mellora na estrada provincial LU-P-4902, que conecta o Alto do Valiño con Valdeporrás a través de Vilaxuste, no Concello de Portomarín. O prazo de execución previsto é de 2 meses e medio dende o inicio das obras. Esta actuación supón un investimento de 315.000 euros por parte da Deputación de Lugo e mellorará a seguridade e comodidade da veciñanza e das persoas usuarias da vía.

As obras, que xa comezaron coa reapertura de cunetas, levaranse a cabo en dous treitos: o primeiro quilómetro da vía e o comprendido entre os puntos quilométricos 4,100 e 11,315.

Os traballos inclúen a pavimentación con aglomerado en quente, a

sinalización horizontal e o pintado con marcas reflexivas brancas, mellorando así a visibilidade e a seguridade viaria.

Trátase dunha actuación relevante porque a LU-P-4902 do Alto do Valiño é unha das estradas máis transitadas de Portomarín, atravesando o concello dun extremo a outro e conectando o núcleo urbano con parroquias grandes como Recelle e Vilaxuste.

Ademais, funciona como vía de saída cara á estrada nacional N-540, que une Lugo e Ourense, converténdose nun eixo vertebrador das comunicacións; e é unha das máis utilizadas por persoas peregrinas e visitantes ao longo de todo o ano, dado que Portomarín é un referente no Camiño de Santiago.

Francisco Balado reuniuse coa conselleira María José Gómez

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, reuniuse esta mañá co alcalde da localidade, Francisco Balado. Nesta xuntanza estudáronse diferentes vías de colaboración entre ambas entidades, co obxectivo de avanzar na mellora das infraestruturas viarias deste municipio, a mobilidade de terras e a dinamización social das contornas rurais do concello con varios proxectos.



Defenden a necesidade de facilitar os trámites administrativos

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, sinalou o compromiso do Goberno de España para facilitar os trámites administrativos en todo o territorio e achegar servizos ás mulleres rurais durante unha charla impartida por persoal da Subdelegación a integrantes da asociación Fademur en Castro de Rei.

Isabel Rodríguez participou nesta nova xornada do programa 'A Administración preto de ti' que desenvolve o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, en colaboración coa FEMP, para dar a coñecer á cidadanía o catálogo de servizos da administración co obxectivo de mellorar a súa utilidade e fortalecer a cohesión social



e territorial, loitar contra a fenda dixital e facer efectivo o dereito de acceso a todos os servizos públicos con independencia do lugar de residencia.

A subdelegada aproveitou a char-

la para defender a igualdade de oportunidades e agradecer o labor da asociación Fademur para avanzar no progreso das mulleres que viven e traballan no medio rural.

Abre o prazo do Campamento e o servizo Madruga do Verán

O Concello de Portomarín vén de abrir o prazo de inscrición para o Campamento de Verán 2025 e o servizo complementario Madruga Verán, dentro do Programa Lúdico Verán.

A proposta, pensada para facilitar a conciliación familiar durante a época estival, desenvolverase de luns a venres e inclúe actividades para nenos e nenos no Espazo Xuvenil do municipio.

O servizo madrugador funcionará de 08:30 a 10:00 horas, mentres que as actividades lúdicas e educativas se desenvolverán entre as 10:00 e as 15:00 horas. A entrega e recollida da rapazada realizarase no propio Espa-

zo Xuvenil, que será o punto central das actividades.

O prezo do campamento é de 40 euros por quincena, aínda que as familias empadroadas en Portomarín e co alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz contarán cunha subvención municipal. O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 12 de xuño, e tanto as bases como a documentación necesaria poden consultarse no rexistro do Concello ou nos servizos sociais.

O Concello lembra que o pagamento deberá realizarse unha vez publicada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, tal e como se establece na normativa do programa.

O BNG insta ao Concello a regular a publicidade nos carteis das festas

Outeiro de Rei volve situarse no centro da polémica pola presenza dun club de alterne, supostamente vinculado á prostitución, como entidade patrocinadora das festas de San Martín de Guillar. O BNG fixo pública a súa preocupación a través das redes sociais, sinalando a necesidade dunha regulación ética e clara da publicidade que aparece nos espazos públicos durante celebracións populares.

Desde a formación nacionalista manifestan que comprenden a difícil situación económica das comisións de festas, que moitas veces deben afrontar a organización con recursos limitados e escasa colaboración institucional. Precisamente por esa falta de apoio económico, moitas acaban recorrendo a patrocinios de empresas ou negocios que, segundo o BNG, “non son compatibles cos



valores que deben transmitir unhas festas populares e abertas a toda a cidadanía, incluídas as crianzas”. O BNG apunta directamente ao Concello pola ausencia de criterios claros á hora de permitir determinados contidos publicitarios nos carteis festivos ou noutros espazos públicos. Por iso, solicita ao goberno municipal que estableza “uns mínimos éticos e sociais” para evitar que se repitan casos coma este.

Ao mesmo tempo, reclaman que o Concello incremente as axudas ás comisións organizadoras e asociacións culturais, dotándoas de mecanismos transparentes e obxectivos para acceder a financiamento, co fin de que non teñan que depender de colaboracións que poidan xerar controversia ou resultar inadecuadas. Non é a primeira vez que se produce unha situación semellante no municipio. En anos anteriores xa se criticara a presenza de publicidade doutros locais deste tipo, mesmo nun valado no campo de fútbol municipal, cuestión que foi levada a pleno polo propio BNG. “Queremos unhas festas para todos e todas, inclusivas, respectuosas e alegres, que contengan regras claras no acceso aos recursos públicos e na publicidade permitida. Non todo vale”, conclúen os nacionalistas.

Abre o prazo para participar na Feira de Artesanía do 5 de xullo

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo sétima edición da súa tradicional feira de artesanía que terá lugar o sábado 5 de xullo. Un ano máis, as tradicionais seccións de artesanía e de produtos de alimentación buscarán ofertar ao público unha ampla mostra de artigos únicos de calidade de diferentes especialidades porque ao igual que nas edicións pasadas, o Concello de Outeiro de Rei tratará de dar cabida á maior variedade posible de oficios e de produtos artesanais.

A tal efecto, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía polo que as persoas que desexen asistir como expositores poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local a partir do día 15 de maio ou nos teléfonos 982 393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h. O Concello de Outeiro de Rei ofrece aos expositores admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en jaimas ou

similar e sen custo). Á hora de obter posto valorase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas autónomas dadas de alta nun epígrafe do IAE correspondente a unha actividade artesanal; no caso da sección de alimentación, as empresas alimentarias inscritas no rexistro de artesanía alimentaria de Galicia, ou equivalente se proceden doutras comunidades autónomas.



Rosalía Rodríguez e Sara Espiño gañan o certame de videopoemas

Rosalía Moraig Rodríguez Craven, do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, co videopoema Estranxeira na súa patria, e Sara Espiño Vaamonde, do IES A Pontevedriña de Santiago de Compostela, co videopoema Castellanos de Castilla, resultaron gañadoras da VIIIª edición do Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. As estudantes compostelás obtiveron os dous premios outorgados pola Casa-Museo Manuel María durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei e no que se expuxeron os sete traballos finalistas desta edición, entre os máis de medio centenar presentados por distintos centros educativos de toda Galicia. O xurado do certame, composto polo realizador Omar Rabuñal Varela, o profesor e guionista, Eduardo Álvarez González, e a profesora e guionista, Anxa G. Refoxo, premiou o videopoema Estranxeira na súa patria, de Rosalía Rodríguez,

“polo seu moi bo nivel na produción: vestiario, interpretación, ambientación, destacada fotografía... e que con dominio da técnica narrativa consegue ritmo poético e un eficaz contido creativo”. Así mesmo, premiou o videopoema Castellanos de Castilla, de Sara Espiño Vaamonde, “polo dominio da linguaxe audiovisual, unha gran fotografía, planos hipnóticos nunha excelente ambientación que contextualiza visualmente o poema, un ritmo e unha narrativa coidadísimos que terminan creando toda unha experiencia sensorial”. O concurso de videopoemas que organiza a Casa-Museo Manuel María ten por finalidade potenciar a creatividade artística a través da harmonía entre palabra e imaxe e difundir a obra de Rosalía e Manuel María. Nesta oitava edición que se cerrou onte contou con participantes de centros educativos de Lugo, A Estrada, A Coruña, Compostela, Sarria, Nigrán, Pontearreas, Porriño, Vila de Cruces, Narón, Zas, Ponteceso e Trazo.

MEDIO AMBIENTE



A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, asistiu ao CEIP PL Rosalía de Castro para participar nunha xornada formativa organizada pola Garda Civil no marco do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos. A actividade, centrada na protección da natureza e na prevención de incendios, estivo dirixida ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

Carlos Pita e Fernando Seoane apadriñan o I Campus de Fútbol

O Concello de Pol acollerá o I Campus de Fútbol, unha iniciativa deportiva que contará coa presenza destacada de dous referentes do fútbol galego: Carlos Pita e Fernando Seoane, históricos xogadores do Club Deportivo Lugo. O campus, que terá lugar entre o 14 e o 19 de xullo, está dirixido a xogadores e xogadoras nados entre os anos 2011 e 2018, e desenvolverase en horario continuo de 10:00 a 19:30 horas. A actividade inclúe sesións de



adestramento en tres campos de fútbol, así como momentos de lecer na piscina, ofrecendo unha combinación perfecta de deporte e diversión para os máis pequenos. Ademais, haberá servizo de transporte dispoñible para facilitar a asistencia dos participantes. A organización corre a cargo da asociación A.P.S.X. Agrado Corazón e o propio Concello de Pol, e as inscricións estarán abertas ata o 30 de xuño.

rábade

“Temos un repertorio persoal con temas adaptados a nós”

Bamboleo é unha nova formación creada en Rábade con músicos chairegos

Cando se creou Bamboleo?

Creouse a inicios do 2025, estreándose no Entroido da Pobra de San Xiao e na Festa do Caldo de Osos.

Como xurdiu a idea?

A idea xurdiu de Nacho e José, ambos profesores de música en colexios de Lugo e Vilalba. Vendo a evolución musical e o cambio xeracional que está a haber nas festas, notamos que hai cada vez máis unha demanda de música de rúa, en directo e en pequeno formato, pero que interprete música actual e pop e rock, para amenizar vermú, tardeos, romarías e festas. Este cambio musical veu en parte porque a mocidade e a xente de mediana idade xa non é exclusivamente que se relacione de noite, senón prefere apostar por outro formato, de feito de aí o auxe das pequenas formacións de dúos, tríos, dj, e as orquestras xa hoxe en día practicamente destinadas o ocio nocturno.

Entón nós o que ofrecemos é unha formación moi similar a unha orquestra xa que temos os mesmos instrumentos, un repertorio moi parecido, pero cun formato loxístico moito máis reducido cun equipo de son e iluminación destinado ó pequeno formato para un público de rúa, en praza, ou vodas comuñóns.

Son todos da comarca. De onde? Case todos, menos o trombonista Juan Carlos que é de Celanova. O resto somos de Friol, Outeiro de Rei, Vilalba, Portomarín e Lugo.

Como se escolleu o nome?

Pensouse nun nome moi coñecido con forza e sinxelo de recordar, Bamboleo é sinxelo, fácil e moi arraigado debido ó programa da TVG.

Tamén veñen todos doutras formacións?



Case todos somos músicos moi experimentados incluso de grandes formacións de Galicia, digamos que temos grandes músicos que pasaron por orquestras e que agora apostaron máis pola docencia e deixaron o mundo da verbena.

Onde comezaron a actuar?

O 1 de marzo na Festa Caldo Osos Taboada e o 3 de marzo na Pobra de San Xiao o entroido. Tamén este 3 de maio en Cotá, Friol, amenizamos a vermú dunha voda.

E que teñen no calendario?

Temos en agosto, porque xuño e xullo non collemos moitas datas de momento porque non estamos tan dispoñibles porque nos centros educativos temos moito traballo de fin de curso. En agosto si que temos xa datas cerradas en Castro de Rei varias, Bóveda, Corgo e reservadas algunhas

Cal é o seu repertorio?

Un repertorio moi persoal, cada tema foi adaptado e arranxado só para nós, de feito temos arranxistas de grandes orquestras como Satélites ou Panorama, apostamos por

un repertorio moi bailable de merengues, musica actual versionada a merengue, moito pop e rock galego, clásicos como un mix dos Tamara ou dos Billos Caracas, e incluso un merengue propio o merengue Bamboleo. Cabe destacar que as letras da canción a maior parte son versionadas ó galego, apostando pola nosa lingua.

Que obxectivos teñen?

O obxectivo deste ano é estabilizarse, darse a coñecer, e dar a coñecer un concepto diferente, e dicir asentarse como formación, e que saiban de nós. A longo prazo, que nos vexan como unha formación que pode amenizar tanto unha vermú, un pasarrúas, un tardeo, voda ou calquera evento de pequeno formato, e dicir, non poden levar unha orquestra por falta de espazo ou presuposto, pois que saiban que Bamboleo é como unha miniorquestra.

Buscades máis xente?

Agora mesmo entre os oficiais e a xente que temos para substituír baixas estamos bastante completos, pero se alguén quere unirse pode.

Rábade celebrou o seu centenario

Rábade viviu o día 28 unha celebración moi especial, o centenario da creación do Concello, que se independizou do de Begonte o 28 de maio do 1925.

Realizaron varios actos, que se centralizaron na recepción das autoridades no Concello antigo e un paseo ata a praza de España. A veciñanza participou activamente para recrear o ambiente e o vestiario de hai 100 anos, cun mercado e unha verbena de época. Entre as actividades realizadas destaca a inauguración dunha escultura conmemorativa e dunha



exposición sobre o Centenario na Praza do Concello. Ademais presentou a Muiñeira morisca de Rábade, de Euloxio Penas e Xosé Torres, e houbo concertos da banda Sons e Soños e de Luar na Lubre.

bade, de Euloxio Penas e Xosé Torres, e houbo concertos da banda Sons e Soños e de Luar na Lubre.

guntín



O PP pide a renovación da estrada LU-P-2406

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, xunto ao alcalde, Ángel Pérez, comprobaron o estado da estrada provincial LU-P-2406, que precisa dunha renovación inmediata para garantir a seguridade viaria.

Antonio Ameijide explica que nesta estrada “hai moitos puntos nos que é complicado que se crucen dous vehículos” polo que pide que se estude a posibilidade de ampliála, naqueles puntos nos que sexa posible, cando se proceda a súa renovación para garantir a seguridade na circulación. Ameijide tamén incide na necesaria renovación do pavimento, moi danado en numerosos puntos, así como o desbroce da vexetación, a poda das árbores, a renovación da sinalización

vertical, o repintado da sinalización horizontal e a limpeza das cunetas para garantir que se canaliza correctamente a auga e que esta non discorre polo firme, “aumentando o dano ao asfalto ademais de diminuír a seguridade viaria”.

Pola súa banda, o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, agarda que se teña en conta esta reivindicación xa que “unhas vías de comunicación en bo estado son fundamentais, sobre todo en municipios eminentemente rurais como Guntín, nos que practicamente todos os veciños precisan desprazarse a diario nos seus vehículos para ir a traballar, ao médico ou á escola, polo que ter unhas vías en condicións dignas de seguridade é vital”.



Conde defende a retirada do lobo do Lespre

Francisco Conde puxo en valor que “a presión do PP foi decisiva para que hoxe os gandeiros galegos se sintan máis aliviados” en relación aos ataques que o lobo ten provocado nas súas explotacións.

O deputado nacional e os tamén representantes do PP lucense no Congreso, Jaime De Olano e Cristina Abades, os deputados autonómicos Nicole Grueira e Enrique Barreiro, o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, e outros representantes do PP lucense escoitaron de man de gandeiros os prexuízos que provoca a especie nas explotacións gandeiras de distintos puntos da provincia e, de forma especial, nas de réxime extensivo, durante unha visita a unha granxa.

Primeiro, a aprobación no Congreso a iniciativa do Grupo Popular para que o Goberno de Sánchez retirara a especie da Listaxe de Especies Silvestre en Réxime de Protección Especial (LESPRE) permitiu a súa xestión. E a aprobación no Parlamento Europeo da proposta da Comisión Europea para rebaixar o status de protección do lobo de ‘estrictamente protexido’ a ‘protexido’ supón un “reforzo na seguridade xurídica fronte aos extremistas”. Así mesmo, aclarou que “a especie continuará a estar protexida, pero será xestionable en toda Europa como vimos defendendo no Partido Popular dende 2017”, apuntou.

O TSXG suspende de forma cautelar para un parque eólico na zona

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) decreta a suspensión, de forma cautelar, das autorizacións administrativas previas e de construción de tres parques eólicos situados na provincia de Lugo. En concreto, do parque eólico Monte Contado, situado en Lugo e Castroverde, do parque eólico Paradela, situado en Bóveda, O Saviñao, Paradela e Sarria, e do parque eólico Carballal, proxectado na Pastoriza.

No auto referente ao parque eólico Monte Contado, a sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo explica que adopta a medida cautelar porque se demostraron “probables danos irreversibles ao medio natural que conlevarían as obras autorizadas no expediente”. Ademais, sinala que algúns dos aeroxeradores se situarían a menos dun quilómetro de núcleos urbanos, así como a coincidencia dalgunhas das infraestruturas do parque con zonas de máxima sensibilidade ambiental, segundo a clasificación sobre sensibilidade ambiental proporcionada polo Ministerio para a Transición



Ecolóxica e o Reto Demográfico. “Non cabe dúbida de que se está demostrando, cun altísimo nivel de probabilidade, que a construción do parque si podería levar consigo efectos de difícil reversibilidade para as persoas que integran eses núcleos de poboación (para a súa saúde, atendendo á proximidade das instalacións, coa consecuente contaminación acústica asociada ao funcionamento do parque)”, indican os maxistrados no auto, no que recalcan que se demostrou periculum in mora, que aconsella a adopción da medida cautelar.

Homenaxe a Manuel Arias polo seu centenario

O Concello de Castroverde celebrou un emotivo acto de homenaxe ao veciño Manuel Arias Fernández con motivo do seu centenario.

Como recoñecemento á súa longa traxectoria vital, fíxoselle entrega dunha placa conmemorativa nun acto que reuniu á súa familia e veciñanza.

Manuel Arias Fernández naceu en Maderne, no Concello da Fonsagrada, no seo dunha familia numerosa con once irmáns. Na súa mocidade trasladouse a Cabreira, en Baleira, onde exerceu como caseiro e se dedicou aos traballos do campo. Foi tamén en Cabreira onde coñeceu á súa esposa, coa que formou unha familia e tivo dúas fillas.

Tras varios anos en Cabreira, o matrimonio trasladouse a Neira de Rey, e posteriormente ás parroquias de Santadrao e San Paio, xa no Concello de Castroverde, onde continuaron traballando como caseiros. Finalmente, estableceron a súa residen-



cia definitiva en Bolaño, lugar no que construíron a súa propia vivenda. Na actualidade, Manuel vive xunto á casa do seu neto e a escasos metros da vivenda da súa filla, rodeado do cariño da súa familia. O Concello de Castroverde quixo con este xesto recoñecer a historia de vida dun home que representa os valores de traballo, dedicación e apego á terra.

Convocan un taller de cine en xullo

O Concello de Castroverde converterase nun plató de cinema do 7 ao 13 de xullo de 2025, coa celebración dun taller de cine con rodaxe dun curtametraxe, unha actividade organizada pola produtora Abanico Visión Media coa colaboración do Concello de Castroverde. Durante esta semana, as persoas participantes terán a oportunidade

de de achegarse ao mundo audiovisual e vivir de primeira man o proceso completo de creación dun curtametraxe, desde o guión ata a gravación. Trátase dunha proposta formativa e práctica dirixida a persoas con inquiredanzas no ámbito do cine, tanto a nivel amador como profesional. As prazas son moi limitadas, polo que se recomenda realizar a ins-

crición canto antes. As persoas interesadas poden solicitar máis información a través do correo electrónico: info@visionmedia.es. Este taller supón unha oportunidade única para aprender en contacto directo co medio e formar parte activa dun proxecto cinematográfico real, ao tempo que se promociona o concello como espazo creativo.

o corgo

O Concello avanza na ampliación do seu polígono industrial

O alcalde do Corgo, Felipe Labrada, mantivo un encontro coa conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, co obxectivo de avanzar na ampliación do polígono industrial do municipio. Durante a reunión, a titular de Economía trasladoulle ao rexedor o compromiso da Xunta co desenvolvemento empresarial e ofreceulle a colaboración do seu departamento para estudar e impulsar as posibilidades de ampliación do solo industrial neste concello lucense.

Lorenzana destacou que a estratexia do Goberno galego aposta por facilitar o asentamento de novas empresas e o crecemento das xa instaladas, favorecendo así un desenvolvemento industrial equilibrado e homoxéneo en toda a Co-



munidade. Neste sentido, incidiu na importancia de apoiar aos concellos que, como o Corgo, teñen demanda e disposición para crear solo industrial no que as empresas poidan establecerse e medrar. Ademais, a conselleira lembrou que

entre os anos 2009 e 2025, a Consellería de Economía e Industria destinou preto de 4,5 millóns de euros ao apoio do Concello do Corgo, das súas empresas e da veciñanza, nun esforzo sostido por impulsar o tecido económico local e mellorar as infraestruturas produtivas do municipio.

Adxudican as obras de mellora de tres estradas que comunican con Lugo

A Xunta de Goberno Local da Deputación de Lugo adxudicou á empresa Francisco Gómez y Cía, por case 250.000 euros, os traballos de mellora de tres estradas que comunican Lugo e O Corgo. Son unhas actuacións que servirán para a rehabilitación por tramos da LU-P-1602, a LU-P-1606 e a LU-P-2918.

A voceira socialista, Pilar García Porto, detallou que por unha banda, a Deputación arranxará os últimos cinco quilómetros da LU-P-1602, a vía que conecta as parroquias de San Cristovo e Romeán,

á altura das Aceñas, na parroquia de Adai; os primeiros quilómetros da LU-P-1606, no tramo que vai de Adai a Queizán de Abaixo; e os últimos metros da LU-P-2918, que é a estrada que une Lugo con Adai por Santa María de Bóveda, e que serve de enlace -no seu tramo final- coa LU-P-1602. As actuacións nas tres vías consistirán na reapertura de cunetas, reparación de desperfectos, repavimentación e pintado. O prazo de execución destes traballos unha vez empecen as obras será de mes e medio.

Sardiñada gratuíta no San Xoán

A Asociación Cinco Ríos do Corgo organiza unha gran festa para celebrar San Xoán o vindeiro 23 de xuño, a partir das 21:00 horas, xunto á cámara agraria. A cita incluírá unha sardiñada gratuíta, fogueira tradicional e a actuación musical de Verónica Cambón, nun evento pensado para reunir á veciñanza nun ambiente festivo e cheo de tradición. O evento conta coa colaboración do Concello do Corgo, así como do establecemento O Pote de Picoña, prometendo unha noite chea de sabor, música e lume para dar a benvinda ao verán como marca a tradición galega. A celebración de San Xoán é unha das máis máxicas do ano, e desde Cinco Ríos animan a todos os veciños e visitantes a participar desta noite especial.

DEPUTACIÓN

O Pleno pide á Xunta que asuma o seu compromiso cos maiores

O Pleno da Deputación acordou reclamar á Xunta que asuma o seu compromiso coa atención ás persoas maiores da provincia tras 15 anos de abandono. Na sesión ordinaria do mes de maio púxose de manifesto que é a institución provincial a que está a cubrir as necesidades do territorio en materia de residencias e nese sentido, os grupos políticos acordaron demandar ao Goberno galego que se faga cargo das súas responsabilidades nesta materia.

A iniciativa do Goberno saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

En referencia ás 24 residencias que anunciou o presidente da Xunta, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, reclamou antes da sesión plenaria que se destinen “como mínimo” seis centros á provincia, que son os que lle correspondería por criterios de proporcionalidade territorial. Apuntou ás declaracións de Rueda para criticar que a provincia de Pontevedra vaia ser a maior beneficiaria dese reparto, explicando que “a provincia Lugo ten menos poboación e polo tanto interesa menos ás empresas privadas. As Administracións temos que chegar onde non chegan as empresas privadas, e garantir a igualdade de oportunidades e servizos con independencia de onde residan”. Propuxo ademais a colaboración institucional para coordinar a situación das novas residencias na provincia, para atopar os concellos máis axeitados e onde poi-



dan prestar un mellor servizo.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, lembrou que “Galicia está á cola do Estado en canto a prazas públicas en residencias de maiores, cunha porcentaxe do 41%, fronte a unha media estatal que supera o 60%, e cun déficit estimado de 14.000 prazas”, segundo os informes da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. “Somos nós, os gobernos progresistas, os que estamos a atender as demandas dos concellos e dos nosos maiores, cubrindo as carencias da Xunta de Galicia en materia asistencial”, subliñou. Incidiu que nos últimos anos a Deputación abriu nove residencias nos concellos da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Castroverde, Ribadeo, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil, “achegando máis de 300 prazas públicas, mentres que o Goberno galego non incorporou ningunha”.

O Pleno tamén sacou adiante, malia os votos en contra do PP, unha

moción socialista instando á Xunta a garantir a atención ás persoas con problemas de saúde mental. “Hai 1.000 lucenses que levan máis de 6 meses esperando por unha cita co especialista, son dous terzos do total dos pacientes galegos en longa espera”, sinalou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen defendeu a iniciativa na que reclama ao Goberno galego máis persoal, investimentos e a redución das listas de agarda.

O BNG sacou adiante unha moción na que insta á Xunta a manter a moratoria do eucalipto ata 2030. A deputada Iria Castro defendeu a iniciativa, que reclama unha xestión activa do monte que garanta a creación de riqueza e emprego no país. “O BNG non está en contra do eucalipto, pero non podemos camiñar cara un sector forestal que dependa exclusivamente desta especie, porque iso podería supoñer unha baixada do prezo e un perigo no caso dunha praga similar á que sofren agora os piñeiros”, explicou.

Aprobadas as bases dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía

A Xunta de Goberno sacou adiante a convocatoria da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e da gastronomía da provincia de Lugo, de novo con tres categorías: Premio Lugo Cambia ao turismo lucense; Premio Turismo Sostible; e premio ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense.

Poden presentarse persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalguna das tres modalidades e que teñan repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica. As candidaturas poderán presentarse a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata.

O xurado estará composto polos representantes do Consello Provincial de Turismo, que, nunha sesión extraordinaria, fallará ata un máximo de tres premios nas categorías Lugo Cambia ao Turismo Lucense e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, respectivamente, e un único premio no caso da categoría de Turismo Sostible. A maiores, o xurado poderá propoñer ata un máximo de tres accésits en total. Os galardóns serán entregados a fi-

nais de setembro nun acto público e como nas edicións anteriores, os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo. Está previsto que as bases desta sexta edición do certame se publiquen nos vindeiros días no BOP.

MEDIO AMBIENTE. Tamén aprobou a resolución do VII Concurso de Fotografía O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses. “Coa temática desta edición pretendíamos poñer en valor, dar a coñecer e divulgar o patrimonio etnográfico destas Reservas da Biosfera que xestiona a Deputación, é que son unha das ferramentas importantes para o desenvolvemento da provincia”, explicou a Voceira socialista.

Os premiados deste 2025, segundo os criterios da Comisión Avaliadora, son: Javier Cabana Soengas, pola súa obra *Arboreo: Raíces dos Ancares*, que recibirá o primeiro premio dotado con 800 euros; Ana María Taboada García, coa súa fotografía *Crepúsculo no río Neira*, será galardoado co segundo premio que está dotado con 500; Iago Manoel Souto Lorenzo, que inmortalizou *Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares*, acadará o terceiro premio que conta cun importe de 300 euros.

Lánzase o primeiro podcast sobre oralidade

Tras a súa estrea o pasado domingo en A Grade, en Chantada, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo puxo a disposición de todo o público o primeiro episodio da serie de podcast *Folcast* sobre oralidade e música tradicional na provincia.

O capítulo ten como protagonista á cantadeira Concha Casal Eiriz, Concha de Agrade, veciña desa parroquia chantadina e unha das informantes de Dorothé Shubarth para a elaboración do Cancioneiro Popular Galego.

A peza sonora conta coa participación do seu fillo, Suso do Rei, da intérprete e investigadora Alba María, da técnico do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do

Museo Pobo Galego Isabel Vigo e da etnomusicóloga Xulia Feixóo. Tamén coas achegas musicais de Pedro García de Pan Sen Fron, de Antía Vázquez de Alana e da poeta Noa Moreira.

Trátase do primeiro de dez episodios que percorreren as distintas comarcas atendendo ás particularidades da oralidade existentes en cada lugar, mantendo unha estrutura baseada en entrevistas para ofrecer unha ollada plural e entendendo o coñecemento como unha construción colectiva.

O episodio está dispoñible no perfil de *Folcast* en Spotify, ao que se pode acceder tamén desde o perfil de Instagram.

Outorgan á Deputación o Premio Lois Peña Novo polo uso do galego

A Deputación de Lugo vén de ser distinguida co Premio Lois Peña Novo 2025, un recoñecemento que pon en valor o labor realizado pola Aseoría Xurídica provincial no uso continuado e rigoroso da lingua galega nas tarefas administrativas e legais que desenvolve, tanto de maneira oral como escrita.

O xurado salientou que se trata “dunha iniciativa insólita e valente que está a impulsar unha galeguización integral na práctica xurídica dunha institución pública, unha aposta decidida pola lingua propia que se está a converter nun referente para outras administracións públicas, colexios profesionais e asociacións de letrados”.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, manifesta a súa satisfacción por esta nova, pois este premio “é unha honra e tamén unha responsabilidade. É un recoñecemento ao traballo serio, rigoroso e comprometido que se leva a cabo desde a nosa Aseoría Xurídica. Pero sobre todo, é un estímulo para seguir apostando polo galego como lingua útil, precisa e digna en todos os ámbitos”.

“Na Deputación de Lugo temos claro que unha lingua que se usa na administración, na xustiza e nos espazos formais é unha lingua con futuro. Por iso, este galardón anímanos a seguir traballando con orgullo e con convicción como viñemos facendo ata agora, polo que seguiremos empre-

gando o galego nos procedementos xudiciais da institución e na representación xurídica dos concellos da provincia”, engade.

O xurado destacou tamén o carácter innovador e abandeirado desta aposta, que “racha coa tradición desgaleguizadora do ámbito xurídico, abrindo camiños para outras administracións e acreditando a súa capacidade para artellar un exercicio xurídico rigoroso, moderno e plenamente normalizado”. Consideran os membros do xurado esta experiencia un “exemplo claro de como a vontade e o compromiso poden provocar unha mudanza estrutural nun dos sectores máis resistentes á galeguización”.

DEPORTES

O CD Biosbardo logra un dobre título histórico no Galego de Trail por clubs

O CD Biosbardo asinou unha das xestas máis importantes da súa traxectoria deportiva ao proclamarse campión galego absoluto de trail por clubs tanto en categoría masculina como feminina. A proba, que tivo lugar en Barbadás no marco do X Campionato Galego de Trail por clubs, disputouse nun esixente percorrido de case 28 quilómetros con máis de 1.600 metros de desnivel positivo e negativo, e reuniu aos mellores especialistas da disciplina baixo o paraugas da Federación Galega de Atletismo. A formación masculina revalidou o título acadado en 2024, mentres que o equipo feminino conseguiu escalar dous postos respecto da edición anterior para coroarse tamén como campioas absolutas. Un dobrete histórico que culmina un dos principais obxectivos da tempada e que pon de manifesto o traballo colectivo e a determinación dun club que xa se sitúa como un

referente no trail galego. Na carreira masculina, Federico Losada foi o gran dominador da xornada, proclamándose campión absoluto cun tempo impresionante de 2 horas e 36 minutos. Acompañárono no grupo de cabeza Marcos Pascual (4º), Emilio Montilla (7º) e Iván Sangiao (9º), colocando así a catro corredores do club entre os dez primeiros da clasificación xeral. O equipo completouse coas sólidas actuacións de Fran Pascual, Jacobo Rodríguez, Diego Indalecio Fernández e José Voces. Na feminina, Fanny Abelenda foi a gran revelación ao acadar o subcampionato absoluto tras unha carreira na que foi gañando posicións ata afianzarse na segunda praza. Tamara García completou o podio coa terceira, mentres que Vanessa Álvarez e Enara Fernández cruzaron a meta conxuntamente nos postos 11 e 12, pechando un equipo feminino compacto e decidido.



A Escola Lucense de Tiro con Arco acada un subcampionato no Galego ao Aire Libre

O tiro con arco lucense vén de conseguir un novo éxito no Campionato Galego de Tiro con Arco ao Aire Libre, celebrado os días 31 de maio e 1 de xuño en Narón, onde a Escola Lucense de Tiro con Arco estivo representada por varios dos seus deportistas. O destacado da competición foi José Ángel Otero Martínez, que logrou o subcampionato na categoría Long-Bow Veterano Masculino. Tras rematar en terceira posición nas quendas clasificatorias, Otero protagonizou unha excelente remontada nas semifinais, o que lle permitiu acceder

á gran final, onde asinou un reñido e digno segundo posto. Tamén participaron no evento Andrés Casaleiro Piña, en Recurvo Sénior Masculino, e José Luis López Jiménez, en Recurvo Veterano Masculino, ambos rematando no noveno posto das súas respectivas categorías. Desde a entidade destacan o mérito do rendemento deportivo destes arqueiros, xa que non dispoñen de instalacións ao aire libre axeitadas para adestrar, o que fai aínda máis salientables os resultados acadados nesta cita autonómica.

O primeiro equipo do Lugo logra a permanencia e o xuvenil ascende

O CD Lugo logrou a permanencia en Primeira RFEF malia perder ante o Amorebieta por 1-0. Mal partido para os lugueses, que dependían deles mesmos para manterse e fallaron ao encaixar o único gol do partido, ao 20 minutos do arranque. Intentou reaccionar o Lugo pero ao final non logrou dar un bo espectáculo ante os afeccionados que se desprazaron ata o Urritxe. Malia o resultado adverso, foi a derrota de Osasuna B e Real Unión, o que os mantén en Primeira logo doutra tempada que non converceu, agora baixo a batuta de Álex Ortiz.

XUVENIL. Pola contra, o Club Deportivo Lugo viviu unha xornada histórica co dobre ascenso dos seus equipos xuvenís. O xuvenil A asegurou o seu regreso á División de Honra tras impoñerse cun contundente 5-1 ao Ural-Español CF no estadio Anxo Carro. Pero as alegrías non remataron aí, xa que o xuvenil B tamén conseguiu ascender, o que supuxo un dobre éxito para o club lucense. A celebración vivíuse con gran emoción, coa presenza da comunidade deportiva que rodea o Club Deportivo Lugo, que festexou un logro que



reflicte o bo traballo de formación e compromiso dos mozos xogadores. Este dobre ascenso reforza a proxección do club e a súa aposta pola canteira, consolidando ao Club Deportivo Lugo como un referente no desenvolvemento de talentos deportivos na provincia.

ASEMBLEA. O Club Deportivo Lugo celebrou a súa Xunta Xeral Extraordinaria na que estiveron presentes 11 accionistas, que representaban un total de 271.778 accións, o que supón o 78,06 % do capital social. Durante a sesión, tratáronse os asuntos recollidos na orde do día. En primeiro lugar, aprobouse, ratificouse e convalidouse unha operación de financiamento entre a empresa Frisques S.L.U. e o C.D. Lugo. Dita

operación consiste nun préstamo por importe de 1.270.000 euros, cun prazo de dous anos e medio, que inclúe seis meses de carencia e 24 meses de amortización. O obxectivo deste préstamo é facer fronte ás necesidades operativas de tesouraría do club durante a tempada 2024/25. A proposta foi aprobada por maioría, con 271.569 votos a favor (99,92 %), 209 en contra (0,08 %) e sen abstencións. No segundo punto da orde do día, tamén se aprobou por maioría a autorización e delegación de facultades ao Consello de Administración para interpretar, corrixir, executar e desenvolver os acordos adoptados na xunta, así como para elevar a instrumento público os mesmos e outorgar os contratos necesarios.



O San Lázaro consegue o ascenso a Segunda

O San Lázaro conseguiu esta fin de semana o ansiado ascenso á Segunda Futgal no penúltimo partido da tempada, culminando así o traballo constante e sólido realizado ao longo de todo o curso. A pesar de non lograr superar ao Santiso, que pechará a liga sen coñecer a derrota, o equipo lucense certificou o salto de categoría como o mellor segundo clasificado, grazas a unha traxectoria excepcio-

nal. O ascenso chegou logo dunha vitoria por 0-3 fronte ao Arzúa, un partido no que brillaron con luz propia Iria, autora dun dobrete, e Irene, que pechou o marcador xa co tempo cumprido. O San Lázaro, que só caeu unha vez en toda a tempada ante o líder, co-roará esta semana unha campaña espectacular, deixando claro que o seu lugar está un chanzo máis arriba.

Dez Portas organiza o segundo campus de tenis de mesa

O Club Dez Portas de Tenis de Mesa pon en marcha a segunda edición do seu DezCampus, unha proposta deportiva e formativa para o tempo de vacacións escolares, destinada a rapaces e rapazas de entre 6 e 16 anos. O campus celebrarase do 30 de xuño ao 25 de xullo en horario de 10:00 a 14:00, cun servizo de madrugadores dispoñible a partir das 8:45, pensado para facilitar a conciliación familiar durante os meses de verán. A actividade, centrada no tenis de mesa pero con espazo para outros deportes e dinámicas lúdicas, busca promover valores como o compañeirismo, a superación e a práctica saudable entre a mocidade. As prazas son limitadas e xa están abertas as inscricións, cunha oferta especial para quen se anote antes do 1 de xuño. As persoas interesadas poden atopar toda a información e realizar a inscrición a través da web do club, ou por WhatsApp no número 626 343 360.



“Queremos renacer: un novo comezo para impulsar o club”

O Club Ciclista Cidade de Lugo fai 25 anos desde que comezou a súa actividade

Jessica Fernández

A aposta polo deporte e o ciclismo en Lugo nace nas entrañas do Club Ciclista Cidade de Lugo, que xorde no ano 2000 e celebra agora os seus 25 anos de vida. Da man dun grupo de amigos de Lugo encabezados por Eugenio Paz que quixeron promover o coñecemento e o ciclismo na cidade, esta entidade deportiva comezou a súa actividade, medrando pouco a pouco e formando non só un equipo de ciclistas, senón tamén unha escola municipal de ciclismo para os máis pequenos.

Co paso dos anos, foi aumentando, ata contar cun equipo de elite do máis alto nivel que participou na Copa España con grandes corredores como Jose Antonio Cerezo, Alejandro Paleo, Nelson Oliveira, Gustavo Rodríguez ou Juan Mourón. Ademais, desde o Club Ciclista Cidade de Lugo organizaron e seguen a organizar cada ano dous eventos importantes, non só para Lugo, senón para toda a provincia, como son a Volta a Lugo Elite, que pasou a ser Volta ás Comarcas de Lugo e que agora se mantén como Ancares Cycling Marathon, na súa quinta edición, e o Gran Premio Ciclista San Froilán, que este ano celebra a súa 23ª edición.

Tamén contaron con grandes deportistas do ciclismo, así como con importantes apoios institucionais. Porén, toda etapa de auxe tamén ten a súa caída, e iso foi o que lle ocorreu ao Club Ciclista Cidade de Lugo, coincidindo esta caída coa pandemia da covid e, posteriormente, cun incidente na Ancares Cycling Marathon, no que Santi Seijas foi atropelado, o que fixo que o club perdesa ánimos.

Con todo, despois duns anos, e coincidindo co 25 aniversario, desde o Club Ciclista Cidade de Lugo queren darlle un novo pulo á entidade deportiva coa celebración, para comezar, dun acto conmemorativo que tivo lugar o 6 de xuño

no salón de actos da Deputación. “Falamos dun renacemento, de volver continuar coa mesma filosofía do pasado, pero temos que volver empezar”, explican desde a directiva. Así, o seu obxectivo é “ir pouco a pouco, sumando corredores e xente para facer masa social, e despois que veña o que teña que vir. Non somos un club con aires de grandeza, simplemente temos a intención de retomalo e de ir pouco a pouco, sen o obxectivo de volver ter un equipo como o que tivemos no seu momento; senón de traballar duro polo ciclismo en Lugo, porque consideramos que somos o club da cidade; e estamos para a cidade”.

“O obxectivo é que o club florezca e tire cara arriba, polo que o primeiro é darnos a coñecer”

Ademais, destacan que “estamos seguros de que, co apoio das institucións e entidades privadas, poderemos volver ter un club competitivo”. Porque, sosteñen, “temos a sorte de contar co apoio da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello, que poñerán da súa parte para relanzar o noso club. Todos tiñamos gañas de que isto continuase”, afirman.

OS OBXECTIVOS. “O noso obxectivo é sacar aos nenos do sedentarismo e darlles a opción de practicar ciclismo aos cidadáns de Lugo, porque é un deporte que amamos, que nos gusta, polo que queremos poñelo en valor”. Así, respecto dos beneficios do ciclismo, desde o Club Ciclista Cidade de Lugo subliñan que é un deporte “excelente a nivel de mobilidade, de saúde, de todo, xa

que non dana os xeonllos, pódese gozar en familia... E, se algúns chegan a ser moi bos, intentaremos conseguir apoio suficiente para darlles a oportunidade de competir no que a cidade demande. Se temos catro nenos, pois iremos con catro nenos o que poidamos. E se eses catro nenos se convirten en 40, pois algún sairá un pouco bo. E se hai moitos bos, pois haberá que darlles cada vez máis espazo. Pero tamén depende un pouco de como vaian medrando”, comentan.

Por iso, o obxectivo fundamental é que o club florezca e “tire cara arriba”, e o primeiro paso é “darnos a coñecer”, polo que o 6 de xuño foi “o momento perfecto para agrupar socios, simpatizantes e persoas vencelladas ao ciclismo e presentar os novos retos de futuro e render homenaxe a todas as persoas que teñen formado e forman parte deste proxecto deportivo. Ao final son 25 anos de historia. Hai moita xente que pasou por aquí, corredores de moitos niveis. Hai moita xente implicada no club e queremos facer un pequeno recordo destes 25 anos e recoñecer a toda esta xente que se sentiu parte do club, porque son parte do club. Para nós o maior patrimonio do club son os corredores e a xente que está nel. Polo tanto, queremos agradecerlle a toda esta xente todos estes anos e recordalos un pouquiño a todos”.

O FUTURO. Respecto ao futuro, din que “non queremos adiantar demasiado, pero temos obxectivos en mente e novas actividades que queremos promover, ademais da Ancares Cycling Marathon e o Gran Premio Ciclista San Froilán. Queremos incluso chegar a outras disciplinas, pero ir medrando pouco a pouco. Ademais, queremos facer ver que somos un club aberto, polo que nos presentamos o 6 de xuño, aproveitando a celebración dos 25 anos, e mostramos que facilitaremos o



acceso a todo o mundo, dándolle a benvinda a novos membros e novos corredores”, salientan desde o Club Ciclista Cidade de Lugo.

Tamén din que “para nós, os valores máis importantes a transmitir ás persoas que se unan ao noso club son aqueles relacionados co esforzo, o sacrificio e a loita, xa que os mellores non son os que gañan, senón os que non se renden, non só os que pagan. Por iso, arredor do 2009-2010, tivemos corredores excelentes como

Jose Antonio Cerezo, Alejandro Paleo, Mourón, Gustavo Rodríguez, Nelson Oliveira... foron grandes corredores que tiveron grandes éxitos. Pero tampouco me podo esquecer de Sinda Rodríguez, que foi campioa galega en 2017 de Contrarreloxo e Ruta; Manu Barral, Miguel Villanueva, Alejandro Crende, Abner Gonzalez... foron moitísimos corredores moi bos, pero, sobre todo, para nós o maior éxito foi crear unha escola de corredores”, conclúen.

Ancares Cycling Marathon: a gran cita do ciclismo de montaña

O vindeiro 10 de agosto celebrárase a quinta edición do Ancares Cycling Marathon, unha cita emblemática para os amantes do ciclismo de montaña organizada polo Club Ciclista Cidade de Lugo.

Este evento, que naceu en 2021 como un gran fondo popular, percorre o corazón do Parque Natural de Os Ancares, un enclave único en Lugo coñecido pola súa riqueza paisaxística, cultural e medioambiental, afastado dos circuitos turísticos convencionais.

As estradas de Navia de Suarna, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro serán o escenario do evento, que volverá a ter a saída en Pedrafita e a meta no Cebreiro, pero que estrea un novo percorrido para a proba máis esixente, o Gran Fondo, cun gran fondo de 123,2 quilómetros e un desnivel acumulado de 2975 metros.

O pelotón pasará este ano polo centro histórico de Navia de Suarna, a carón da icónica ponte de

Navia de Suarna, e pola contorna do Piornedo, e superar subidas icónicas como o Alto Campo da Braña e o Alto Campo do Comeal, enfrontándose a paisaxes de alta montaña en completo silencio, interrompido só polo esforzo das súas pernas sobre o asfalto.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, valorou as novidades do percorrido “para amosar novos itinerarios, paisaxes e elementos patrimoniais dunha comarca cunhas condicións excepcionais para o ciclismo”.

O Ancares Cycling Marathon consolidouse como un evento que reúne cada ano varios centos de ciclistas, moitos deles descubrindo por primeira vez estes paraxes illados e máxicos. Ademais de fomentar a práctica do ciclismo de fondo, a proba busca posicionarse como a gran referencia desta modalidade en Galicia, apostando tamén por un turismo responsable e sostible nunha zona de enorme valor natural.

“O próximo curso, poderase xogar no campionato escolar galego”

Alexandre Sanmartín, coordinador das Gaélico Escolas PuntoGal

O fútbol gaélico é un deporte emergente que, ano a ano, vai gañando afeccionados e xogadores entre a mocidade galega, especialmente en Friol, onde está tendo unha gran aceptación. De feito, o próximo 17 de xuño celebrarse nesta localidade a Copa Xogade.

Fálenos un pouco da presenza do fútbol gaélico na provincia. Onde está presente?

O fútbol gaélico chegou a Lugo hai máis de 10 anos da man dos Torques, club asentado na capital desta provincia. Actualmente e referíndonos propiamente as categorías base, o único proxecto é o das Gaelico Escolas PuntoGal que comezou a finais do ano pasado, colaborando actualmente con centros escolares das localidades de Lugo, Sarria, Chantada e Friol Gracias a PuntoGal e a Deporte Galego.

Descríbanos un pouco en que consiste?

O fútbol gaélico é unha variante do fútbol. Ao igual que existe a británica ou a americana, que son máis populares entre nós, tamén existe a irlandesa. Neste caso tamén com-

piten dous equipos e o obxectivo é anotar máis puntos que o rival. Para iso, a bola pódese xogar tanto cos pés como coas mans e as porterías teñen forma de H. Anotando arriba acádase un punto e abaixo 3. O equipo que máis puntos ten, gana. Isto sería un breve resumo a grandes trazos, pero hai máis particularidades que fan que este deporte sexa moi dinámico e vistoso.

Cando comezou a practicarse e como foi a súa evolución?

Este deporte ten máis de 125 anos de historia, a federación irlandesa constituíuse no ano 1884 para preservar e fomentar os deportes autóctonos irlandeses. Actualmente e o deporte máis practicado e con máis seguidores na illa. Seguen preservando a vinculación co territorio e o carácter afeccionado pero no seu nivel máis alto de competición este ten unha exigencia profesional. A Galicia chegou no ano 2010 da man dos Fillos de Breogán da Coruña, e actualmente en Galicia existen 11 clubs espallados polo territorio que xogan unha liga regular e tamén a Copa Galicia. Ademais contamos

cunha selección galega que compite a nivel internacional.

Teñen grupos asentados en diferentes lugares como Friol. Como está funcionando aquí?

A acollida en Friol foi espectacular tanto dos rapaces como por parte do centro escolar co seu director a fronte. Este curso traballamos cun grupo estable de máis de 20 rapazas e rapaces que participaron tanto en torneos escolares como en competicións que organiza a nosa asociación a nivel galego. Destacado especialmente o equipo de rapazas que participou na Copa Galega acadando moi bos resultados.

E noutros lugares da provincia?

Estamos promocionando o deporte impartindo unidades didácticas e organizando torneos escolares con centros de toda a provincia. Estamos tendo moita demanda por parte dos centros escolares que as veces non damos cuberto. Nalgún momento vímonos desbordados.

Como é a competición para a provincia de Lugo? Compítese entre os equipos da provincia ou contra outras?



Tendo en conta que comezamos a finais de 2024, estamos nas etapas iniciais de espallamento. Con todo, xa fomos quen de organizar os primeiros torneos e temos en previsión organizar outro o vindeiro mes de xuño. No próximo curso, ademais de torneos de tipo provincial, as persoas participantes terán opción, en función dos resultados, de xogar no campionato escolar galego.

Tamén se creou unha selección con dous rapaces de Friol. Como foi isto e que resultados trouxo?

A nosa asociación organiza todos os anos o campionato galego cadete e o equipo gañador representa a Galicia no torneo europeo que este ano se celebrou en Amsterdam. Como os ganadores necesitaban un par de xogadores extra debido a que no europeo xógase nun formato de a 9 e no galego a 7, sumaron dous rapaces de Friol ao equipo. O resultado no

europeo non puido ser mellor, traendo a copa para Galicia tras unha exhibición e dominio do xogo durante todo o campionato. Esta vitoria non só é do equipo se non do proxecto, demostrando como traballando nas escolas dende a base se poden obter grandes resultados.

Teñen previsto outro tipo de actividades?

Si, o vindeiro 17 de xuño vaise celebrar en Friol a Copa Xogade en colaboración con Deporte Galego. Temos previsión de contar con ata 9 equipos de 3 centros educativos.

Cales son os obxectivos a longo prazo?

Os obxectivos que marcamos son a medio prazo e sempre baseado nun crecemento que sexa sostible, planificado e sen presas. A idea é seguir promocionando o deporte entre a mocidade, aumentar o número de centros e consolidar as competicións existentes.

Finaliza a tempada da Liga de Billarda en Remourelle

Por Daniel Rodríguez

Rematou a tempada da LNB da conferencia NorLeste no campo da festa de Remourelle.

Había emoción para ver si Charli sería quen de desbancar a Sachas do liderado visto como nas últimas xornadas se foi achegando ata quedar a un só punto del.

O zurdo dos Carabullo estivo máis acertado co Troita Brava e pechou a tarde cun vistoso golpe dobre, co que acadou os cinco puntos que o facían campión da tempada. Sachas rematou segundo e Albino terceiro.

Para o aberto, houbo triplo empate que finalizou con Sandonguero, David Navallo e o propio Charli no podio. En donas as musicais billardeiras Geni, Dori e Aroa foron as raíñas en Remourelle e como gañadoras da tempada quedaron Alba, Geni e Cris. En infantís, Mateu xa tiña seguro o campionato e Diego e Mateo foron os seus acompañantes.

Quedaron por este orden Troitas Bravas, Billardeiros Musicais e Carabullo tanto na xornada como no campionato.

E finalmente, aínda que se buscaron os varados, ninguén foi quen de desbancar a Markytos como campión da tempada.



O PortaMiñá, campión por equipos en Ferrol

O Club Natación PortaMiñá volveu demostrar o seu excelente momento de forma proclamándose campión por equipos no Memorial Internacional Juan Varela celebrado no Concello de Ferrol.

Tan só unha semana despois de loitar polo título da Liga de División de Honra, o equipo absoluto colleitou un total de máis de 26 medallas nas distintas probas disputadas ao longo da xornada.

Un dos momentos máis destacados foi o protagonizado polo equipo de relevos 4x100 estilos mixto, formado por Martín Vázquez, Sofía Mourenza, Inés

Mourenza e Brais Novo, que non só se alzou coa medalla de ouro, senón que tamén bateu o Récord Galego Absoluto en piscina de 25 metros cun tempo de 3:58.89, consolidando así o seu dominio na categoría.

No apartado individual, os resultados tamén foron excepcionais. Brais Novo foi recoñecido como o mellor nadador do trofeo segundo a puntuación FINA, mentres que Martín Vázquez acadou a segunda posición na clasificación masculina. Na categoría feminina, Inés Mourenza logrou subir ao podio cun meritorio terceiro posto.

Convocada unha nova edición do Volante Deputación o 21 e 22

A Vicepresidencia da Deputación impulsa un ano máis o Volante Deputación, un programa formativo e deportivo que ofrece a pilotos noveis a oportunidade de iniciarse na competición automobilística.

O circuío da Pastoriza acollerá os días 21 e 22 de xuño este programa que mantén o formato das edicións anteriores, cunha parte formativa na que as persoas participantes reciben un curso de condución para igualar e equilibrar os coñecementos entre uns e outros, e outra puramente competitiva, cunha proba cronometrada da que sae o gañador ou gañadora. Este obterá como premio a participación gratuíta no Rally San Froilán 2025, como piloto titular dentro da estrutura do equipo de competición PTC.

O vicepresidente Efrén Castro valorou “a posibilidade que o Volante Deputación ofrece a pilotos noveis para formarse e entrar en contacto coa competición de forma gratuíta, alimentando desde a base a afección ao automobilismo que ten moito arraigamento nas

distintas comarcas. Vemos, nas distintas carreiras que se celebran ao longo do ano, que moitas das persoas que gañaron o Volante Deputación seguen participando nos rallys, o que constata tamén que hai un interese e un aproveitamento desa experiencia”, engadiu.

O Volante Deputación é un dos piares da rede de apoio da Vicepresidencia da Deputación a este deporte. Engádesse unha convocatoria anual de axudas para pilotos de rally cunha dotación de 45.000 euros e a colaboración nas carreiras que se disputan nas distintas comarcas.


O prazo para enviar os formularios de inscrición abrirá o mércores 5 de xuño ás 9:30 horas e rematará o 19 de xuño ás 12.00 horas. As solicitudes, que estarán dispoñibles na web de PTC Escuela, deberán enviarse ao enderezo electrónico piloto@ptcescuela.com.

A inscrición farase por orde de recepción do corre electrónico coa documentación solicitada ate cubrir as 160 prazas dispoñibles.

COLABORACIÓN

Estamos de estrea: Outra Xeira

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Permítanme, tanto a dirección coma o conxunto dos lectores, un pequeno inciso aludindo á miña colaboración con Terracháxa. Moito ten chovido desde aquel xuño de 2008, onde a un servidor lle deron a oportunidade de escribir o seu primeiro artigo no periódico que daquela dirixía Félix Jorquera. Pasado o tempo e mes a mes, un tras outro chegouse aos cen, recopilándoos en formato libro co título *En Cincuenta Mil Palabras*. A partir de aí, periódica e puntualmente cumprimos con cadanseu artigo ata acadar outros cen, dentro da columna que titulamos *Coa Nosa Voz*, xa baixo a batuta de Diego Elías. Igualmente que nos anteriores, existe o propósito de reunilos nun libro.

E chega unha nova etapa, logo de dúas centas publicacións que quedaron aí para a posteridade. Outra Xeira é unha continuidade, con idéntico formato e sen modificar a fórmula, que non pretende ser outra que contar e opinar sobre o que a un lle chama a atención, ou do que a un lle apetece falar, pero sempre tratando de darlle esa visión local; aínda que o tema sexa do máis xenérico, buscarase a relación e a incidencia na vida das nosas comunidades. Sen intención de representar a ninguén, nin de ser ningún referente, trataremos – iso sempre – de proseguir no firme compromiso co propio, coa lingua, co territorio e coas súas xentes. Terracháxa representa o esforzo e dedicación dos humildes, xa que nos tempos actuais, que unha publicación en formato papel sobreviva e continúe a súa andaina significa todo un éxito que cómpre valorar. Coñecidas son as extraor-

dinarias dificultades que conleva editar un xornal destas características e proba delo é a cantidade significativa deles que se foron diluíndo ata chegaren á total desaparición. O mundo de internet trouxo consigo unha nova forma de obter información, sendo esta inmediata, á que se accede desde un simple teléfono móbil en calquera lugar do mundo e a calquera momento. Existe unha desafección da xente nova pola prensa escrita, de aí que teñamos que darlle un mérito ao noso xornal mensual, que o atoparemos en bares, restaurantes, farmacias, centros de saúde, casas da cultura, etc. de toda a bisbarra chaieira. A Terra Chá, cos municipios que a conforman, así coma outros que sen pertenceren oficialmente a ela, comparten circunstancias, inquietudes e problemas, é unha comarca con vida e personalidade propia, cargada de historia,

que atesoura unha riqueza paisaxística, ambiental e monumental, con homes e mulleres afeitos a loitar en condicións moitas veces desfavorables, con emprendedores que souberon inventarse, desenvolvendo innovadores proxectos, sendo artifices de que a vida continuase. Iso a pesar de que, ao igual que toda a Galicia interior, tamén observou a marcha dos seus mozos cara outras latitudes, co continuado despo-

boamento de lugares e o conseguinte avellentamento. Os tempos actuais son complexos, pero mirando cara atrás, cales non o foron, preguntámonos. E sobre o futuro, todo son incógnitas. Agora recibimos nosoutros inmigrantes, que deixan atrás miseria e precariedade. Todo son desafíos e deberemos afrontalos. Outra xeira máis que temos por diante. Que alomenos, o ánimo non decaia.

Tempo de selectividade

O PUPITRE



Julio Díaz

No ensino ocorre como coas colleitas ou as mareas, a cousa vai por tempos, e neste intre na nosa profesión toca PAU, para que os mortais o entendan, a antiga selectividade. Máis de 340.000 rapaces de todo o Estado afrontan este mes de xuño as probas que determinan o seu acceso á Universidade. Aínda que ao longo dos anos recibiu distintas denominacións, en 2025 recupera oficialmente o nome de PAU, siglas de Proba de Acceso á Universidade. Esta etiqueta impúxose de novo no ano 2024 por decisión do Ministerio, pese a que algunhas co-

munidades seguen empregando os termos ABAU ou EVAU. A cita principal desenrólase entre os días 3 e 6 de xuño, agás Canarias e Cataluña que a atrasan uns días, o mesmo que os afectados pola DANA, que será un mes máis tarde. A disparidade de criterio entre autonomías ao corrixir estas probas cuestiona a equidade no acceso á Universidade. Expertos e alumnado recoñecen as diferenzas de avaliación por autonomías. Mentres nin comunidades nin Ministerio atopan a solución axeitada en función da lei de transferencia de competencias educativas. Que as cualificacións sexan diferentes en función da comunidade Autónoma e das materias é unha realidade que moitos rapaces denuncian en redes sociais e que ocorre nas nosas aulas desde fai anos.

O actual modelo establece que son os gobernos autonómicos os que deciden que preguntas terá o exame na súa circunscrición, adecuándose as materias obrigatorias que hai que incluír. Iso explica que no noso país se realicen 17 probas distintas, unha por cada comunidade. Hai que ter en conta que as diferenzas para obter notas entre unhas comunidades e outras, coa media da proba e do bacharelato, poden impedir a un rapaz/a acceder á carreira desexada, xa que o distrito universitario é único. Temos alternativa? Pois seguramente sí, a Coordinadora de Representantes de Estudiantes de Universidades Públicas (CREUP), avoga por un modelo igualitario en todas as autonomías, consciente de que existen diferenzas de formación nos distintos puntos do país.

O RECUNCHO DE CANELINA



Os 17 distritos universitarios pactaron unha proba de acceso á Universidade (PAU) máis común para 2026, en canto á estrutura de exames, as materias a examinar ou os criterios de corrección segundo concluíu a Comisión de Asuntos Estudiantiles da Conferencia de Rectores das Universidades Españolas (CRUE). Tamén observaron bloques de saberes básicos comúns e concretaron os criterios de avaliación específicos e a súa valoración.

A finalidade é que os docentes que imparten as ensinanzas de Bacharelato saiban antes de marchar de vacacións as materias e orientacións do vindeiro curso. Tamén propón a CRUE crear un observatorio das materias PAU para facer o seguimento de como avalían as diferentes autonomías, coa finalidade de seguir axustando cada vez máis o modelo e avanzar cara novas orientacións. Sen máis, aos que participades este ano Moita sorte.

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Val do Gato en Cervantes

Trátase dunha antiga senda, esquecida baixo a maleza e o tempo, que foi recuperada polos veciños de Vilaquinte no ano 2020

No corazón do municipio de Cervantes, pódese atopar a Ruta do Val do Gato, un percorrido que foi recuperado polos veciños de Vilaquinte no ano 2020 para devolvelle a vida a unha antiga senda tradicional que durante xeracións servira como acceso aos prados de regadío que cada familia coíndaba como parte fundamental do seu sustento.

Aquela vella ruta, esquecida durante anos baixo a maleza e o silencio do tempo, convértese agora nunha pequena ruta circular de sendeirismo que mestura historia, paisaxe e patrimonio etnográfico nun percorrido que non chega á hora e media de duración.

O punto de partida atópase no quilómetro 13,9 da estrada LU-P-3505, que une A Pobra de Navia co Piornedo. Alí, un panel informativo dá a benvida ao camiñante que se dispón a percorrer os 3,5 quilómetros dun itinerario que descende suavemente ata o río Ser, un regato que vai entre a vexetación autóctona e que, nos días máis calmos, reflicte a som-



bra dos castiñeiros centenarios que arrodean o camiño. A ruta continúa en ascenso polo antigo camiño parroquial, salpicado de peches tradicionais de pedra e madeira, testemuñas vivas dunha arquitectura rural que aínda resiste o paso do tempo.

No traxecto pódese escoitar o canto dos paxaros, cruzarse cunha eskuí, atopar fontes que brotan entre as pedras ou deterse fronte a antigos muíños, algúns deles aínda en pé, que noutro tempo moían o gran dos veciños. Esta riqueza natural e cultural engádese ao atractivo dunha ruta de dificultade moderada, cun desnivel de 208 metros e unha altitude máxima de 705 metros, que permite gozar do entorno sen esixencias físicas excesivas.

O camiño regresa finalmente ao punto de partida por unha pista asfaltada que ofrece vistas abertas sobre a paisaxe de media

montaña que caracteriza esta parte do interior galego. En total, 3,6 quilómetros de andaina que convidan non só a camiñar, senón tamén a contemplar, lembrar e agradecer o esforzo dunha comunidade que decidiu recuperar o seu territorio e poñelo en valor sen perder a súa identidade.



DATOS

 1h 20'

 3,53 quilómetros

 Dificultade moderada



MTD

TRACTOR CUB CADET MTD MODELO RE 130H

Motor: MTD - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidade recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciónes



SUNSEEKER

ROBOT CORTACESPED POR GPS. INTELIGENCIA ARTIFICIAL HASTA 6.000M²

MV MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO

3.999,00 €
2.599,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

DESDE 1.199,00 €

FINANCIACIÓN 12 PÁGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com